

escola superior  gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM  
ARQUITECTURA E URBANISMO

# ARQUITECTURA POPULAR EN OIA

Noelia Goce Vicente

Vila Nova de Cerveira, Setembro 2015



# ARQUITECTURA POPULAR EN OIA

Noelia Goce Vicente

Orientadora: Prof. Doutora Mónica Alcindor

Vila Nova de Cerveira, Setembro 2015



Tí dís: Galicia é ben pequena.  
Eu dígoche: Galicia é un mundo.  
Cada terra é como se fora o mundo inteiro.  
Poderála andar en pouco tempo de Norte ao Sul,  
de Este para o Oeste noutro tanto;  
poderála volver andar outra vez máis,  
non a has de dar andado.  
E cada vez que andes,  
has atopar cousas novas e outras has de votar de menos.  
Pode ser ela pequena en extensión;  
en fondura, en entidade,  
é tan grande como queiras,  
e dende logo,  
moito meirande de como tí a ves (...).

Vicente Risco, 1961 (p.187)





De modo moi especial, aos meus pais e a Eloy, por todo o apoio, o cariño, os ánimos e os esforzos prestados ao longo destes anos, grazas sobre todo por darme a posibilidade de levar a cabo esta carreira. Grazas pola compañía incondicional na presente investigación e polas innumerables horas dedicadas a camiñar por Oia. E sobre todo, GRAZAS, por toda a confianza depositada en min.

A miña orientadora, Prof. Doutora Mónica Alcindor, por toda a axuda prestada, pola dedicación en todo momento, así como polas súas acertadas suxestións; en especial as palabras de alento nos momentos difíciles. Grazas por formar parte deste traballo.

A Manuel Álvarez, pola paciencia e xenerosa amizade, en todo momento disposto para axudar en calquera que fose a necesidade para levar o fin ao traballo.

A Agustín Alonso e Antonio Martínez, por toda implicación e colaboración na busca de documentación histórica así como coñecemento aportado para o emprego nesta investigación.

A Cabano, Mariam e Marisa, pola súa importante axuda na supervisión tanto da redacción como da escrita.

Ás arquitectas Eva Baz e Eva Vázquez, pola súa amizade, apoio e a contribución con material, fundamental para a disertación.

Aos membros de A.C.A.M.O. especialmente a Goberna e Candi, a Tomás Domínguez, a Olmedo e a “Batuque”, pola súa colaboración e aportación de información para que o traballo avanzase.

Aos meus compañeiros de aula: Anxo, David, Fredo, Guille, Katia, Mily e Pili, agradecerlles todo o apoio e cariño transmitido no decorrer destes catro meses de investigación; así como ao resto dos compañeiros da aula: grazas por formar parte deste SOÑO.

Aos veciños de Oia pola súa amabilidade, dispoñibilidade e axuda no transcurso desta investigación.

Grazas a todos.



A arquitectura popular forma parte da identidade do pobo que a creou, por isto a importancia do seu coñecemento. Co paso dos anos o patrimonio vernáculo sufriu fortes transformación e mesmo a súa completa destrución. Neste contexto, nas derradeiras tres décadas, a nivel galego, xurdiron unha serie de movementos para a potenciar o seu coñecemento e conservación.

O principal obxectivo da disertación é afinar o coñecemento da arquitectura popular en Oia, a través da súa inventariación, análise e definición de singularidades que sexan de axuda á hora de determinar pautas para futuras intervencións sobre este patrimonio vernáculo.

Debido a inexistencia de publicacións específicas sobre a arquitectura popular en Oia, só mentes existe un catálogo a nivel histórico ou etnográfico (aínda non de carácter público); foi necesario a realización da revisión literaria sobre a Arquitectura Popular Galega, para a posteriori poder analizar de xeito sistemático e en profundidade a arquitectura existente no municipio.

Metodoloxicamente, a investigación preséntase en dúas fases: a primeira fase corresponde a selección dos tres núcleos de estudo: O Arrabal, A Portela e o Eido de Abaixo (Loureza), para a continuación realizar o inventario (traballo de campo) que foi a base da investigación, debido a inexistencia dun inventario do patrimonio vernáculo do que partir. Nunha segunda fase efectuouse unha comparación entre as tipoloxías arquitectónicas definidas polos estudos de referencia en dito municipio (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003) e as construcións inventariadas, tratando de percibir as singularidades arquitectónicas de Oia, analizando en profundidade aqueles aspectos diferenciados da Arquitectura Popular Galega.

En conclusión, a investigación, constituiu un contributo para o coñecemento do patrimonio vernáculo no municipio de Oia, e tamén a nivel galego, revelando as singularidades propias presentes na súa arquitectura popular.

**Palabras chave:** Arquitectura popular, Oia, inventario.



A arquitectura popular faz parte da identidade do povo que a criou, por isto a importância do seu conhecimento. Com o passo dos anos o património vernáculo sofreu fortes transformação e mesmo a sua completa destruição. Neste contexto, nas derradeiras três décadas, a nível Galego, surgiram uma série de movimentos para a potenciar o seu conhecimento e conservação.

O principal objectivo da dissertação é afinar o conhecimento da arquitectura popular en Oia, através da sua inventariación, análise e definición de singularidades que sejam de ajuda à hora de determinar pautas para futuras intervenções sobre este património vernáculo.

Devido a inexistência de publicações específicas sobre a arquitectura popular en Oia, só mentes existe um catalogo a nível histórico ou etnográfico (ainda não de carácter público); foi necessário a realização da revisão literária sobre a Arquitectura Popular Galega, para a posteriori poder analisar de modo sistemático e em profundidade a arquitectura existente no município.

Metodologicamente, a investigação apresentasse en duas fases: a primeira fase corresponde a selección dos três núcleos de estudo: O Arrabal, A Portela e o Eido de Abaixo (Loureza), para a seguir realizar o inventário (trabalho de campo) que foi a base da investigação, devido a inexistência de um inventário do património vernáculo do que partir. Numa segunda fase efectuou-se uma comparação entre as tipoloxías arquitectónicas definidas pelos estudos de referência em dito município (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003) e as construcións inventariadas, tratando de perceber as singularidades arquitectónicas de Oia, analisando em profundidade aqueles aspectos diferenciados da Arquitectura Popular Galega.

Em conclusão, a investigação, constituí um contributo para o conhecimento do património vernáculo no município de Oia, e também a nível galego, revelando as singularidades próprias presentes na sua arquitectura popular.

**Palavras chave:** Arquitectura popular, Oia, inventário.



The popular architecture is part of the identity of the town where becomes from. For this reason it is important to know it. As time goes by, the vernacular heritage underwent strong transformations and even a complete destruction. In this context, over the last three decades, at the Galician level, appeared some movements to improve its knowledge and conservation.

The main objective of the reflection is therefore to polish the popular architecture knowledge in Oia, through its singularities inventorying, analysis and definition. This will help in determining patterns for future interventions about this vernacular patrimony.

Due the lack of specific popular architecture publications in Oia (there is only one catalogue at a historical or ethnographic level which is not public yet), it was necessary to do a review the state of art of the Galician Popular Architecture. This led to a systematic and deep analysis of the existing municipal architecture.

Methodologically, the research is presented in two stages. The first stage consists in selecting the three subjects of study: O Arrabal, A Portela and O Eido de Abaixo (Loureza), in order to carry out an inventory (fieldwork), which was the base of the investigation because of the lack of a previous vernacular patrimony inventory. The second stage compares the architectural typologies defined by the municipal baseline studies (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003) and the inventoried constructions, trying to perceive the architectural singularities of Oia by analysing in depth those specific differences of the Galician Popular Architecture.

In conclusion, the research contributes to the Oia's vernacular patrimony knowledge and also at the Galician level, revealing the unique characteristics of its popular architecture.

**Keywords:** Popular Architecture, Oia, inventory.



Agradecementos

Resumo

Resumo

Abstract

Capítulo 1. Introducción

1.1. Xustificación da problemática	19
1.2. Obxectivos da investigación	21
1.3. Estado da arte	22
1.4. Metodoloxía aplicada	25
1.4.1. Natureza do método	25
1.4.2. Criterios de selección	25
1.4.3. Técnicas de recolla de datos	27
1.4.4. Análise de datos	28
1.5. Estructura do traballo	30

Capítulo 2. Marco teórico

2.1. A Arquitectura popular en Galicia	37
2.1.1. Os asentamentos humanos	40
2.1.2. A casa en Galicia	43
2.1.2.1. A casa-vivenda	44
2.1.2.2. As construcións adxectivas ou de apoio	52
2.1.3. A situación da arquitectura popular Galega na actualidade	54

Capítulo 3. Contextualización do concello de Oia

3.1. Encadre xeográfico	61
3.1.1. Localización e situación	61
3.1.2. Caracterización ambiental	61
3.2. Evolución histórica	67

Capítulo 4. Inventario

4.1. O Arrabal	79
4.1.1. Criterios de selección das construcións a inventariar	80
4.1.2. Inventario da Arquitectura Popular no barrio de O Arrabal	83
4.2. A Portela	121
4.2.1. Criterios de selección das construcións a inventariar	122
4.2.2. Inventario da Arquitectura Popular o núcleo de A Portela	125
4.3. Eido de Abaixo - Loureza	143
4.3.1. Criterios de selección das construcións a inventariar	144
4.3.2. Inventario da Arquitectura Popular no barrio do Eido de Abaixo	147

Capítulo 5. Caso de estudo. Análise dos núcleos arquitectónicos de Oia	
5.1. O Arrabal	172
5.1.1. Características comúns da Casa de dous andares	173
5.1.1.1. Singularidades propias da Casa de dous andares	174
5.1.2. Características comúns da Casa de Patín	181
5.1.2.1. Singularidades propias da Casa de Patín	182
5.1.3. Características comúns da Casa de Pincho	189
5.1.3.1. Singularidades propias da Casa de Pincho	190
5.1.4. Características comúns da Casa Térrea	195
5.1.4.1. Singularidades propias da Casa Térrea	196
5.1.5. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo	199
5.1.5.1. Singularidades propias dos Hórreos	200
5.2. A Portela	205
5.2.1. Características comúns da Arquitectura Meridional	205
5.2.1.1. Singularidades propias do núcleo de A Portela	206
5.2.2. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo	215
5.2.2.1. Singularidades propias dos Hórreos	216
5.3. Eido de Abaixo - Loureza	219
5.3.1. Características comúns da Arquitectura Meridional	219
5.3.1.1. Singularidades propias do barrio do Eido de Abaixo	220
5.3.2. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo	225
5.3.2.1. Singularidades propias dos Hórreos	226
Conclusións	233
Referencias Bibliográficas	243
Índice de imaxes	249
Anexos	273

# 1. Introducción

---



A arquitectura popular é produto da paisaxe onde se atopa inserida polo tanto leva consigo un rastro do noso pasado, forma parte da nosa cultura, da nosa historia, da nosa sociedade e sobre todo é un elemento fundamental na formación da nosa identidade como país.

A partir da modernidade os cambios acaecidos foron tan substanciais que o mantemento e conservación dalgúns destes espazos foron cuestionados e entrouse nunha actitude de abandono. Co tempo estas actitudes traducíronse en que esta arquitectura atópase nun estado crítico a pesares dos esforzos que se levan a realizar para potenciar o seu coñecemento e a súa conservación nas derradeiras tres décadas.

No presente capítulo expónse a elección deste tema e a necesidade de coñecer en profundidade, para poder ser capaces de intervir ou pensar na súa futura evolución dende un amplo coñecemento da súa herdanza.



### 1.1. Xustificación da problemática

Na actualidade, a arquitectura popular constitúe un dos aspectos máis expresivos e significativos do acervo cultural dun país. Este tipo de arquitectura non só se reduce a vivendas diseminadas polo territorio, senón máis ben, a unha relación entre o medio-home-necesidades e, de dita relación xorde a aparición das construcións adxectivas e do territorio.

A selección do tema *Arquitectura popular en Oia*, xorde despois da observación e reflexión, sobre as construcións existentes e a maneira de adaptación ao medio que posúe toda arquitectura popular; e sobre todo, trátase de comprobar as características propias existentes nos asentamentos rurais en Oia, analizando de maneira máis exhaustiva a casa-vivenda, no que respecta a súa arquitectura así como as súas singularidades xa que como menciona o propio Pedro de LLano “Oia é quizais o núcleo construtivo mellor conservado en toda a nosa costa sur mantendo actualmente boa parte das súas primitivas edificacións” (1983, p.78).

O municipio de Oia caracterízase pola simbiose entre o mar e a montaña e as súas raíces fortemente ancoradas na agricultura-gandaría e a súa forma de vida. As parroquias que conforman o municipio de Oia son: Mougás, Viladesuso, Pedornes e Santa M<sup>a</sup> de Oia (pola costa), e Burgueira e Loureza (pola montaña); todas elas posúen un forte carácter rural, o que conleva a súa vez a que desfruten dunha serie de construcións tradicionais da arquitectura rural galega (casas-vivendas, curros, cortes, hórreos, palleiras, fontes, pontes, muíños, camiños, entre outras). Co paso dos anos, e debido principalmente ao abandono da vida autosuficiente, estas construcións, espazos e infraestruturas rurais fóronse degradando pola falta de uso e porque cambiou a natureza das actividades da comunidade e moitos destes espazos foron deixados ao abandono.

Debido aos riscos de desaparición e ás ameazas que supuxo o proceso de globalización sobre a arquitectura popular, viuse preciso xerar un instrumento que permitise frear dito fenómeno a nivel nacional. Para elo, xorde dentro dos Planes Nacionais de Patrimonio Cultural, o Plan Nacional de Arquitectura Tradicional tendo como principal obxectivo:

Promover y desarrollar proyectos de investigación y documentación que nos permitan conocer en su globalidad la situación en que se encuentra esta arquitectura tradicional (...) la protección de esta arquitectura (...) debe pasar por la recuperación de los sistemas tradicionales para que se apliquen en las intervenciones, así como por el desarrollo de acciones de sensibilización, difusión, transmisión y cooperación .(2014, p.21-22)

A través deste plano, tamén se pretende contribuír a perpetuidade da bagaxe cultural propio desta arquitectura así como o respecto á mesma xa que se trata dunha das “manifestaciones más relevantes de los modos de vida vinculados a la tradición de cada localidad” (2014, p. 18).

Con respecto ao concello de Oia non existe, ata o momento, ningún estudo ou investigación que permita coñecer a súa arquitectura popular en profundidade, xa que todos os estudos realizados nos que se caracteriza a Oia ,dentro dunhas características tipolóxicas ou doutras, son a nivel galego (ver apartado 1.3. Estado da arte, do presente capítulo) o que conleva a que as súas especificidades e as súas singularidades, se existisen, non se coñezan; de aí a importancia da presente investigación.

## 1.2. Obxectivos da investigación

Para realizar a investigación da arquitectura popular en Oia, marcáronse tres obxectivos:

- Inventariar a arquitectura popular existente en Oia.

Este obxectivo será o paso previo para a investigación, xa que a pesar de existir no novo PXOM (actualmente en trámite de aprobación) un catálogo municipal formado por aqueles bens de interese artístico, histórico, arquitectónico e mesmo etnográfico con determinado valor; non existe ningún inventario a nivel arquitectura popular onde se identifiquen todas as construcións de dito tipo dentro do municipio, por elo a importancia de comezar polo coñecemento da arquitectura popular, que como ben refire González-Varas, é:

La primera operación para la conservación de los bienes consiste en el conocimiento o estadística de los objetos que componen el patrimonio cultural; la conservación de los bienes culturales comienza por su registro e identificación, tareas que se realizan por medio de los “inventarios” y “catálogos”, instrumentos tradicionales para la protección del patrimonio histórico. (1997, p.77)

Polo tanto realizarase un inventario das construcións populares existentes en Oia; identificando o seu estado, as súas características, a súa tipoloxía e a súa localización.

- Identificar as singularidades tipolóxicas das construcións populares da arquitectura popular galega en Oia.

Mediante este punto, preténdese recoñecer as distincións, se existisen, que posúen as construcións populares en Oia con respecto á galega. Ademais tendo en conta as liñas de acción establecidas polo ICOMOS na Carta Sobre o Patrimonio Vernáculo Construído se identificarán “los sistemas tradicionales de construcción, (...) y técnicas asociados con el Patrimonio Vernáculo” xa que “son fundamentales como expresión del mismo y esencialmente para la restauración de dichas estructuras” (México, 1999, p.2).

- Definir as recomendacións para a protección do patrimonio vernáculo inventariado no municipio de Oia, contribuíndo para a súa conservación e valorización.

Tralo estudo das técnicas e a arquitectura popular en Oia e seguindo as indicacións do Plan Nacional de Arquitectura Tradicional, o cal sinala que a arquitectura vernácula “constituye un ejemplo insustituible de equilibrio y adaptación al medio y puede dictar las pautas del diseño de una arquitectura del futuro más sensata y sensible con el entorno” (p.31), trataranse de indicar pautas de intervención sobre esta arquitectura respectando as súas singularidades e coa intervención do progreso.

Coa disertación preténdese identificar e analizar as técnicas propias da arquitectura popular existente en Oia, para poder facilitar calquera intervención futura, tanto de recuperación coma de valorización sobre este patrimonio; e así poder cubrir a lagoa documental existente no municipio sobre o mesmo.

### 1.3. Estado da Arte

Neste punto, realizarase unha breve revisión literaria sobre a arquitectura popular galega que significou o punto de partida para poder comparar e deste modo captar as singularidades todavía non recoñecidas da arquitectura de Oia.

Antes de comezar a falar de Arquitectura popular a nivel galego non hai que esquecer que, é a finais do século XIX en Inglaterra, a través do movemento Arts and Crafts, que se comeza a ter conciencia sobre a mesma en resposta á crecente industrialización da época. William Morris, que foi un dos membros máis destacados deste movemento, definía a arquitectura popular en 1881 como un conxunto de modificacións e alteracións introducidas na superficie terrestre co obxectivo de satisfacer as necesidades humanas.

En Galicia, será a comezos do século XX cando os investigadores, principalmente estranxeiros, comezan a interesarse tanto polo estudo das construcións como polo carácter dos seus asentamentos. O primeiro foi Eugenius Frankowski, quen no ano 1918, realiza unha monografía sobre os hórreos da Península Ibérica, onde tamén analiza o caso galego, no seu libro *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, tratando de explicar a orixe dos hórreos así como o estudo das diferentes adaptacións que se dan na propia península relacionando os mesmos coa súa localización xeográfica e coa economía de cada territorio. Cinco anos despois (1925) parecen dous estudos sobre a distribución da poboación en Galicia da man dos xeógrafos Dantín Cereceda e A. Demangeón, os cales resaltan o modo en que a poboación galega ocupa o territorio e destacan a súa singularidade.

No ano 1923 un grupo de estudiosos galegos agrúpanse no Seminario de Estudos Galegos e no grupo NÓS (Otero Pedrayo, Vicente Risco, Fermín Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite ou Antonio Fraguas entre outros) tratando de deixar constancia escrita da importancia da cultura e identidade galega, realizando estudos de campo sobre as construcións, os cauais, a posteriori, se materializaron en monografías comarcais. Un dos membros, Xaquín Lorenzo, no ano 1962, publica a obra *Etnografía. Cultura Material*, que será a primeira en “recoller, dar a coñecer e intentar que quede lembranza do conxunto de formas de traballo que se hoxe atopan na Galiza” (p. 7). Esta obra será o alicerce e punto de partida dos estudos realizados posteriormente.

Ao igual que aconteceu cos primeiros estudos sobre a arquitectura popular galega, tralo traballo de Xaquín Lorenzo seguiron co labor de coñecemento da mesma, estudos de investigadores non galegos, entre os que destacan Carlos Flores (1973) coa súa publicación *Arquitectura Popular Española* (Tomo II) onde adica parte do libro a Galicia, mencionando as singularidades do seu territorio o que implica a diversidade tipolóxica que el identifica na comunidade galega, ademais hai que salientar a breve descrición que fai da arquitectura dos diferentes núcleos do territorio galego, no que tamén menciona o concello en estudo, referindo “ en Oya y otros pueblos del trayecto encontramos casas de mampostería de carácter gallego, pero, generalmente de menor interés que en otras zonas. Se ven hórreos de piedra y, por supuesto, cubiertas de teja en todo el trayecto” (p.504); así como a obra *Itinerarios de arquitectura popular española* de Luis

Feduchi, composto por cinco tomos, onde o tomo dous titulado “La Orla Cantábrica. La España del Hórreo” (1975) é o que comprende o territorio galego analizando as características arquitectónicas e sobre todo a súa etnografía.

Tras este parón, será a partires da publicación no xornal “El Correo Gallego”, o 13 de Maio do 1969, do artigo *Es necesario un estudio de la arquitectura popular*, asinado por Manuel Gallego Jorreto, cando se retome as investigacións no ámbito de Galicia sobre a arquitectura galega e sobre os problemas que nestas últimas décadas estaban a sufrir estas construcións. A partires de este momento, igual que pasará coa obra de Xaquín Lorenzo, a concienciación sobre a importancia da documentación da arquitectura popular galega aumentou, xurdindo unha serie de traballos que tratan de recompilar toda a información pertinente a esas construcións e mesmo á tradición unida a ela, cabe destacar o traballo da etnógrafa Begoña Bas coa súa obra *Construccións populares galegas* no ano 1980, onde realiza unha análise das construcións da arquitectura popular relacionándoa co estilo de vida e os costumes da propia comunidade; as publicacións do arquitecto Pedro de Llano, o cal, a partires da súa obra *Arquitectura popular en Galicia*, dividido en dous tomos, o primeiro aparece no ano 1981, tendo relevancia xa que se trata da primeira obra en profundar nos aspectos puramente arquitectónicos e construtivos da mesma, ademais de analizar as construcións de determinados núcleos tendo en conta a súa tipoloxía predominante, neste caso tamén estuda a casa de patín existente no núcleo de Oia, no seu segundo tomo publicado no ano 1983. Seguiranlle moitas outras; así coma as diferentes publicacións do mestre Caamaño que xa dende o ano 1997 comeza a editar traballos na área da arquitectura sendo a súa obra principal *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* no ano 2003, onde realiza unha análise completa da arquitectura popular galega, considerando os aspectos tanto económicos, sociais e sobre todo territoriais que a caracterizan, pasando por un amplo estudo tipolóxico da casa-vivenda, das construcións adxectivas e do territorio, así como unha relación das diferentes obras que ao longo dos anos trataron o tema, sen esquecer mencionar o estado actual da mesma e da normativa que a regula. No transcurso destas décadas, ademais da aparición destas publicacións xorden unha serie de artigos e ensaios (Manuel Gallego Jorreto, Rafael Baltar Rojo, César Portela) que fan que o problema da arquitectura popular galega non caia no esquecemento.




Fig. 1. Levantamento efectuado por Pedro de Llano dunha casa de Patín en Oia (1983).

Na actualidade, como ben afirmaba Caamaño (2006) “ a sensibilidade e toma de consciencia que se amosa cos traballos citados (...) vai penetrando, malia que moi lentamente, no ensino, nas organizacións profesionais que teñen relación coa arquitectura e coa construción e na sociedade civil” (p.123), conleva a que aumenten os estudos e traballos sobre a arquitectura popular, aparecendo neste momento innumerables monografías sobre hórreos, muíños, sobre comarcas, ferreiras, pombais... entre outros.

Con respecto ao concello de Oia, os estudos publicados sobre o propio municipio, ata o momento, concéntranse principalmente en dous temas: a arqueoloxía, con numerosos estudos sobre os numerosos gravados rupestres e dos asentamentos castrexos presentes no concello prestando principal atención a: localización, características, datación así como a similitudes con gravados de outras latitudes o que podería significar unha relacións con outras culturas, da man do arqueólogo Fernando Javier CostasGoberna (2011). E o segundo tema é sobre o Mosteiro de Oia, onde destacan as publicacións do párroco Juan Rey Iglesias en “La voz del Tecla” entre os anos 1915-1917, recompiladas a posteriori na obra *Historial de Oya* (2004), que del se fai un compendio da historia de Oia, principalmente da historia do Mosteiro (abades, reliquias, as súas dependencias, os foros ...), así como aspecto do propio municipio como as súas celebracións máis relevantes, as festas, a industria, o mar, a política, entre outros; a obra *El bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía Agraria y Estructura Social* (1971) da man dos mestres M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Hermelindo Portela Silva, onde efectúan un primeiro estudo territorial da xeografía, da ocupación e a explotación do territorio do Baixo Miño, para despois centrarse no dominio do Mosteiro de Oia en dito período; e por último mencionar, á evolución construtiva do recinto monacal realizado polo arquitecto Juan Rey Cortegoso no ano 2010 no *Glaucofis nº15* do Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Fóra destes dous ámbitos os estudos son inexistentes, cabe a pena mencionar o traballo publicado polo mestre Gerardo Sacau Rodriguez (2007) sobre a toponimia existente no municipio, así como pequenos boletíns turísticos editados puntualmente. Con respecto a área da arquitectura, non existe ningún estudo publicado sobre o tema, solo algunha mención puntual en libros que tratan sobre a arquitectura popular (como se menciona o longo do Estado do arte), como é o caso do arquitecto – historiador Carlos Flores (1973), o arquitecto Pedro de Llano (1983) e nunha monografía sobre as lareiras en Galicia, onde se fai analiza a lareira dunha casa-vivenda do barrio da Aguieira (2006).

## 1.4. Metodoloxía aplicada

### 1.4.1. Natureza da investigación

A base metodolóxica da investigación a realizar é o estudo de caso xa que, como ben define, Yin o caso de estudo “toma por objeto un fenómeno (...) situado en el contexto de la vida real; las fronteras entre el fenómeno estudiado y el contexto no están nítidamente limitadas; el investigador utiliza fuentes múltiples de datos” (1984, p.23) a través do que se consegue profundizar nos diversos núcleos a estudar constatando o mesmo fenómeno –a arquitectura popular-, e a súa vez recorrendo a dúas técnicas de estudo como é a cuantitativa e a cualitativa.


Óptase pola execución dun inventario da arquitectura popular existente nos núcleos rurais previamente seleccionados, sendo propensas para a súa inventariación todas aquelas construcións que sexan legado do pasado é que puideran sufrir transformacións parciais que aínda permitan observar as características da arquitectura preindustrial (ver apartado 2.1.3. A situación da arquitectura popular Galega na actualidade, no capítulo 2. Marco teórico).

Tamén, desenvólvese un estudo comparativo das propias construcións da arquitectura popular dentro dos respectivos núcleos tendo en conta as características tipolóxicas expresadas nos estudos de referencia (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003), para deste xeito poder identificar as posibles singularidades existentes dentro do concello de Oia.

### 1.4.2. Criterios de selección


Á hora de seleccionar os núcleos rurais a estudar dentro do propio concello de Oia, optárase polos núcleos de diversidades maiores e de aí examínase: a súa xeoloxía, a altitude onde se sitúan, as precipitacións e as súas temperaturas medias; para identificar aqueles cuxas condicións variasen máis unhas respecto ás outras.

Debido á extensión do municipio seleccionáronse os asentamentos rurais do Arrabal, A Portela e Loureza. Para a súa selección tívose en conta a súa ubicación, xa que o primeiro sitúase na zona da costa, o segundo na alta montaña e o terceiro no val do río Tamuxe. Así como a súa xeoloxía, a súa altimetría e o seu clima, xa cada un presenta diferenzas con respecto aos outros. O que se pretende identificar é a variedade arquitectónica existente en Oia que, como ben referiu Carlos Flores “dentro de una misma localidad puede darse (...) tipos distintos de arquitectura respondiendo a las diversas formas de vida adaptadas por los propios usuarios” (1973, p.18).



1. O Arrabal 2. A Portela 3. Eido de Abaixo

Fig. 2. Plano litolóxico do concello de Oia cos núcleos de poboación.



1. O Arrabal 2. A Portela 3. Eido de Abaixo

Fig. 3. Plano de altitudes do concello de Oia coa situación dos núcleos.

O barrio do Arrabal seleccionouse por:

- Núcleo rural costeiro.
- Conexión directa con o Océano Atlántico.
- Asentamento compacto que se adapta á propia orografía.
- Pola súa proximidade ao Mosteiro de Santa María de Oia.
- Polo número de edificación preindustriais que pouco o nada foron modificadas.
- Único casco histórico identificado no PXOM do concello.
- Xeoloxía: área cuaternaria.
- Altimetría: zona de relativa pendente, entre 1 e 100m sobre o nivel do mar.
- Clima: estable; temperaturas anuais que roldan os >15° e precipitacións entre os 1400-1600mm. .

O núcleo de A Portela escolleuse por:

- Núcleo rural montañoso.
- Situación sobre a aba oriental do monte Bicaludo.
- Asentamento compacto que vai perdendo tal característica segundo vai ascendendo o monte aparecendo casais illados.
- Edificacións tradicionais sen apenas cambios.
- Xeoloxía: zona de roca granítica de dúas micas.
- Altimetría: pendente moderada xa que se sitúa entre os 400-470m con respecto ao nivel do mar.

- Clima: moderado; con temperaturas anuais que oscilan entre os 13-14° e con precipitacións entre 1800-2000mm. .

É por último, o barrio do Eido de Abaixo pertencente á parroquia de Loureza por:

- Núcleo rural no val do río Tamuxe.
- Situado sobre o río Tamuxe ascendendo sobre a aba interior da serra do Argallo.
- Asentamento rectilíneo a través dunha vía de comunicación.
- Barrio de Loureza onde atópanse edificacións preindustriais sen apenas alteracións.
- Xeoloxía: entre unha zona de rocha cuaternaria e outra zona sedimentaria.
- Altimetría: pendente moderada entre 150-200m con respecto ao mar.
- Clima: moderado; con temperaturas medias anuais entre os 14-15°, e os parámetros de precipitacións anuais oscilan entre os 1600-1800mm. .

En resumo mencionar sinteticamente o por qué de cada elección. No caso do Arrabal, seleccionouse principalmente por tratarse do único núcleo identificado como casco histórico de todo o concello, ademais de pola súa situación na vertente costeira, e pola súa proximidade a unha construción da arquitectura monumental, así como por estar localizada nunha pendente, pola súa ubicación nunha zona xeolóxica cuaternaria, e polo seu clima anual estable. A Portela escolleuse por ser o núcleo de todo o concello situado a maior altitude. Trátase dun asentamento compacto que se vai disipando segundo vai ascendendo de altitude, achándose construcións tradicionais sen case cambios. Por último mencionar a súa ubicación sobre unha área xeolóxica de rocha granítica posuíndo un clima moderado. No caso do barrio do Eido de Abaixo elixiuse pola súa localización no interior do concello sobre o val dun río. Así como por tratarse dun asentamento desenvolvido ao longo dunha vía de comunicación; e sobre todo por situarse sobre unha zona de rocha cuaternaria e sedimentaria o que implica que os materiais de construcións sexan diferentes que no resto dos núcleos.

### 1.4.3. Técnicas de recolla de datos

Nun primeiro momento, realizouse a búsqueda de información con base a análise documental de datos escritos, traballando sempre sobre documentos xa existentes (Saint-George, n.d., citado por Albarello et al., 1997), empregando tanto documentos escritos como: libros, publicacións en prensa, estudos científicos, así como o propio arquivo municipal e nacional; e documentos non escritos: fontes orais, imaxes históricas, vestixios... Empregando estes datos recadados xurdiu, principalmente, o encadre xeográfico, e sobre todo, o marco teórico no cal esta baseado o presente traballo.

Hai que mencionar que as propias publicacións feitas por investigadores de referencia no ámbito da arquitectura popular, serviron como punto de partida para executar unha ficha técnica que contribuíu para unha axeitada observación da propia arquitectura, así como para a propia formulación do traballo e dos puntos a intervir e desenvolver na presente investigación.

Proseguiuse co traballo de campo, para poder continuar recollendo os datos máis específicos necesarios para a investigación a través da observación directa da arquitectura popular existente nos distintos núcleos analizados e das súas singularidades construtivas tendo como “principal ventaja, en relación a outras técnicas, la de que los hechos son percebidos directamente (...). De ese modo, la subjetividad, (...), tiende a ser reducida” (Gil, 1995, p.104), realizando tamén neste momento as fotografías de autor. Neste punto definíronse tamén os distintos temas que se trataron nas entrevistas libres que se planearon aos distintos individuos, xa que pretendeuse que o propio entrevistado respondese coas súas propias palabras nun sentido amplo (Ghiglione & Matalon, 1997).

#### 1.4.4. Análise de datos

Para responder de forma máis axeitada os casos de estudo, cumpriu a elaboración das categorías analíticas, que permitirán, a través dos conceptos referidos o tema de estudo, a clasificación e identificación das características propias da arquitectura popular.

Como ben se referiu anteriormente, os propios autores de referencia aportan os datos suficientes para poder elaborar as categorías. Os autores estudados abordan a propia arquitectura popular dende o punto de vista das FORMAS DE VIDA, os SISTEMAS CONSTRUTIVOS e os MATERIAIS.

A continuación se citarán unha serie de autores de referencia no ámbito da arquitectura popular galega, empregados para a realización das categorías analíticas:

Carlos Flores na súa obra sobre a arquitectura popular, cita que “dentro de una misma localidad puede darse (...) distintos tipos de arquitectura, respondiendo a las diversas formas de vida (1) adaptadas por los propios usuarios” (1973, p.18).

Con posterioridade Manuel Caamaño no seu estudo sobre a mesma, apunta que “ na construcción (2) aínda dentro dunha grande escaseza de recursos materiais (3) e técnicos, acúsase un notable coitado na execución de todos os elementos, con gran sentido común e economía, tentando que a obra constructiva sexa semellante á do seu entorno e sirva para o usuario inicial e os seus descendentes” (2003, p.87).

- ANÁLISE FORMAL, aportará datos de carácter morfolóxico, de usos, de sistema económico e mesmo espaciais da arquitectura popular.

CATEGORÍAS ANALÍTICAS	INDICADORES	CRITERIOS DE SELECCIÓN
FORMAS DE VIDA (1) (Flores, C., 1973, p.18)	Tipoloxía	Empregarase para determinar como esa tipoloxía comportouse ante os seus usuarios, así como observar como se adaptou as novas necesidades da sociedade.
	Construcións adxectivas	A través da análise das súas características así como apreciar cal era o principal sustento da unidade familiar e a súa economía.

Fig. 4. Táboa categorías analíticas (FORMAL).

- **ANÁLISE CONSTRUCTIVO**, contribuirá ao coñecemento das técnicas e características construtivas aplicadas nas construcións populares en Oia.

CATEGORÍAS ANALÍTICAS	INDICADORES	CRITERIOS DE SELECCIÓN
CONSTRUCCIÓN (2) (Caamaño, M., 2003, p.87)	Muros	Determinar cal era o material, o sistema constructivo empregado, así como a súa técnica nos propios núcleos.
	Vans nos muros	Servirán para identificar as diferentes tipoloxías, así como a súa orientación e localización dentro da construción, a parte de analizar a súa materialización.
	Cuberta	Nas que aínda se manteñen poderase analizar a súa estrutura e as técnicas construtivas coas que están realizadas.
	Elem. exteriores singulares de carácter constructivo	Ademais de servir para identificar as diferentes tipoloxías existentes en Oia; tamén se observará o sistema que se empregou para a súa execución así como para recoñecer os materiais usados.

Fig. 5. Táboa categorías analíticas (CONSTRUCTIVO).

- **ANÁLISE MATERIAL**, analizarase a materialidade tanto exterior coma interior empregadas nas construcións de carácter popular.

CATEGORÍAS ANALÍTICAS	INDICADORES	CRITERIOS DE SELECCIÓN
MATERIAIS (3) (Caamaño, M., 2003, p.87)	Acabados exteriores	Factibilidad. Trátase dunha materialidade que en todos os casos permite a súa observación e deste modo é obteñense datos máis homoxéneos.

Fig. 6. Táboa categorías analíticas (MATERIAL).

### 1.5. Estrutura do traballo

A presente investigación segue unha estrutura sistemática e clara, partindo do xeral ao singular, seguindo un desenvolvemento continuo de investigación, observación e análise, para conseguir dar resposta aos obxectivos da disertación o máis categoricamente posible. Por iso, o traballo estrutúrase nos seguintes capítulos:

#### Capítulo 1. Introducción

Neste capítulo preséntase o tema da investigación, mediante a introdución e xustificación da problemática (1.1.). Referindo a continuación, os obxectivos da investigación (1.2.) aos que se procurará dar resposta na presente disertación. Tras definir o tema e a área de estudo exponse, no apartado 1.3. Estudo do arte, a revisión literaria do tema: a Arquitectura Popular Galega, así como os estudos realizados ata o momento sobre o propio concello de Oia. O derradeiro punto a tratar no presente capítulo, é a metodoloxía aplicada (1.4.) que fixará os parámetros a aplicar na investigación.

#### Capítulo 2. Marco teórico

No presente capítulo é onde se introducen os conceptos e definicións relacionados co tema e coa problemática, partindo do concepto xeral da Arquitectura popular en Galicia (2.1.) e analizando a continuación as súas particularidades específicas: os asentamentos humanos (2.1.1.), a casa en Galicia (2.1.2.), dividida a súa vez en dous apartados: a casa-vivenda (2.1.2.1.) e as construcións adxectivas ou de apoio (2.1.2.2.). E por último, o apartado 2.1.3. A situación da arquitectura popular Galega na actualidade, que define os conceptos da súa transformación ao longo do tempo e que son esenciais para a abordaxe da problemática.

#### Capítulo 3. Contextualización do concello de Oia

O capítulo corresponde a contextualización, onde se analizará o encadre xeográfico (3.1.) e a evolución histórica (3.2.), que axudarán a entender a estrutura dos asentamentos así como a súa arquitectura.

#### Capítulo 4. Inventario

Neste capítulo efectúase a compoñente práctica do traballo, sobre os núcleos seleccionados: Arrabal, A Portela e o barrio do Eido de Abaixo, Loureza. Dividíndose en dúas partes:

Unha primeira, onde se precisan os criterios de selección da arquitectura propensa para a súa inventariación, referindo nos apartados 4.1.1.; 4.2.1. e 4.3.1.

E a segunda fase, que consiste en realizar o inventario das construcións seleccionadas, identificando a súa tipoloxía, materiais, características, estado, etc.; así como fotografías e mesmo entrevistas exploratorias que servirán para cumprimentar a ficha do inventario.

### Capítulo 5. Caso de estudo

No presente capítulo realizarase unha análise comparativa en profundidade entre as características comúns de cada tipoloxía referidas nos estudos de referencia, e os datos obtidos nas construcións inventariadas dos diferentes núcleos estudados, para poder identificar as singularidades arquitectónicas do concello de Oia.

### Capítulo 6. Conclusións

No derradeiro capítulo efectúase a síntese da investigación, dando resposta aos obxectivos da investigación, a través dos datos obtidos a través da análise e cos datos extraídos do Capítulo 5. Caso de estudo.

Ademais, tras realizar a análise de todos os parámetros e identificar as singularidades propias da arquitectura nesta área xeográfica, indícanse unha serie de recomendacións ou pautas para futuras intervencións na arquitectura popular en Oia.



## 2. Marco teórico

---



Para a execución dunha axeitada investigación é preciso a realización, tanto dunha profunda revisión literaria sobre o tema en cuestión, así como dun amplo coñecemento dos conceptos relacionados coa fundamentación do propio estudo.

É por iso que o presente capítulo cobra especial importancia, xa que nel se define o concepto principal do traballo, o que se entende por arquitectura popular, profundando a continuación nas particularidades que forman parte do propio concepto, presentando dun xeito claro os criterios cos que se realizará a interpretación dos datos recollidos no transcurso da investigación.



### 2.1. A arquitectura popular Galega

O concepto Arquitectura popular moitas veces vólvese confuso e por regra xeral emprégase indistintamente por “tradicional” ou “popular”; de aí a necesidade de deixar claros ámbolos conceptos. Por un lado o termo “tradicional” non necesariamente se trata de algo antigo ou arcaico, “algo surgido en tiempo relativamente reciente (...) puede haberse convertido en una actividad o práctica habitual por parte de un grupo social determinado” (Sanz, 1992, p.134). Este tipo de arquitectura tanto pode aparecer no ámbito rural como no urbano. Por outra banda, o termo “popular” é moito máis restritivo xa que “hace alusión al contenido sociocultural (...); población asentada en un lugar o área concretos, con un entorno físico determinado y unas estructuras sociales y económicas que pueden ser estables o haber evolucionado con el paso del tiempo o los acontecimientos” (Sanz, 1992, p.134). Na maioría dos casos cando se fala de arquitectura popular faise referencia non só á vivenda senón a todas as construcións do mundo rural: agrícolas, gandeiras, pesqueiras e as rurais propiamente ditas. En definitiva, podemos definir a arquitectura “tradicional” como a transmitida dunha xeración a outra a través da vida dun pobo ou país, máis ampla e xenérica, mentres que a “popular” fai referencia a un lugar, unha sociedade, a uns costumes e a uns materiais concretos, de carácter máis particular e reducido (Benavides, 1997, p.61).

Segundo o exposto, no presente traballo empregárase o termo “popular” xa que está intimamente relacionado coa propia adaptación do medio natural realizada polo ser humano para satisfacer as súas necesidades funcionais, sociais, económicas e culturais. Seguindo coa cuestión Carlos Flores afirma que:

Arquitectura popular sería el arte y técnica de proyectar, construir y transformar el entorno vital de ese grupo que hemos llamado pueblo, realizándose todo ello por individuos salidos del propio grupo, y considerándose así mismo que el concepto arte habrá de tomarse, muchas veces como habilidad o acierto que en el sentido semántico (...) que suele darse a esta expresión. (1973, p.8)



Fig. 7. Asentamento sobre o río Tamuxe, Eido de Abaixo. Oia.



Fig. 8. Asentamento rural a Bolleriza, Oia.



Fig. 9. Interior dunha casa-vivenda no pobo abandonado da Riña Vella. Oia.

Á súa vez, Manuel Gallego defínea como “artesanal, anónima, feita polo pobo con modelos aceptados e compartidos, e ligada aos materiais e técnicas da zona. É a arquitectura utensilio do home rural. Como resposta ao medio, ás súas necesidades e a un sistema socioeconómico.” (1978, p.12). Debido a isto, este tipo de arquitectura busca a relación directa co medio máis que á súa interpretación, resultado do continuo diálogo entre os humanos e o seu medio, considerando estas creacións un elemento máis do territorio. É a materialización do propio pobo, das súas necesidades, da súa forma de vida, da súa historia e a súa evolución ao longo dos anos.

Con relación á súa materialización esta atópase fortemente ligada á tradición da zona onde se localice tanto a nivel construtivo, como en sentido plástico e incluso na distribución da propia arquitectura no medio. Esta relación tan íntima co solo, o clima, os coñecementos e a tradición do pobo fan que esta arquitectura posúa un forte carácter comarcal ou en moitos casos incluso local. Relativo a isto Carlos Flores referiu que “dentro de una misma localidad puede darse (...) tipos distintos de arquitectura respondiendo a las diversas formas de vida adaptadas por los propios usuarios” (1973, p.18).

As propias condicións do territorio e medio galego son moi importantes á hora de falar de arquitectura popular, xa que hai que ter en conta a fonda relación que hai entre as construcións e o asentamento. De acordo co mencionado anteriormente, Amos Rapoport refire:

La discusión que trata de la separación de dominios y de la comunicación social sugiere que no se pueda ver la vivienda aislada de su asentamiento, sino que ha de ser considerada como una parte de todo el sistema social y espacial que relaciona la casa, el modo de vida el asentamiento y hasta el paisaje. El hombre vive en el asentamiento, del que la vivienda es solamente una parte, y el modo de utilizarlo afecta a la forma de como, por ejemplo en áreas que el lugar de reunión es la casa y las otras en las que lo es una parte del asentamiento, como la calle o la plaza. (1972, p.93)

Como ben se mencionou anteriormente, a arquitectura popular está conformada por unha serie de construcións que nacen para dar resposta ás necesidades que implica a relación do ser humano coa propia natureza. Así como a casa é a que acolle a unidade familiar, existen outra serie de construcións denominadas adxectivas ou de equipamentos que son unha prolongación da mesma, que a complementan para dar resposta ás necesidades dunha economía agraria tradicional. Respecto a isto Manuel Gallego di:

Comprendemos que non podemos reducirnos, ao falar da arquitectura rural galega, a falarmos da vivenda aínda que sexa o elemento máis complexo e rico. Teremos, pois, que falar de cruceiros, das muradellas, dos puzos, das fontes, dos pendellos, das cortes e cortellos, dos hórreos, dos cimiterios, das eiras, dos adros, etc. De todos eles e da súa relación entre eles e deles co medio, da súa ubicación, do que significan. (1975, p.90)



Fig. 10. Fachada dunha casa-vivenda no pobo abandonado da Riña Vella. Oia.

Hai que ter en conta que esta arquitectura, como xa se dixo, nace para dar resposta as necesidades do pobo sobre o medio natural, tendo en conta as súas demandas de carácter funcional, socioeconómico e cultural. Por iso ao longo dos séculos se esas demandas mudan ou xorden novas necesidades, o propio pobo investigará novas solucións, que se irán inxerindo ou modificando ao propio obxecto construído; “permitíndonos observar que a arquitectura nace e crece vivindo unha continua transformación no tempo.” (Pedro de Llano, introdución Torres, 2007, p.9).

Por outra banda a arquitectura popular tamén “nos remite necesariamente al vínculo entre patrimonio e identidades” (Agudo, 2007, p.28) do propio pobo onde se localiza, xa que con ela están asociadas unha serie de paisaxes, construcións, adaptacións ao medio... o que contribúe a determinar os diferentes pobos e culturas. Isto reforza a importancia de non ver a arquitectura como un mero elemento material senón que hai que ter en conta o seu forte carácter social e cultural.

A arquitectura popular débese entender como unha adaptación ao medio natural realizada polas persoas para satisfacer as súas necesidades funcionais, sociais, económicas e culturais. Desta forma, xorde a ocupación e organización do territorio para conseguir un óptimo asentamento da poboación, necendo unha serie de construcións para facilitar a vida da sociedade; todo isto encadrado nun medio físico e humano.

Por todo iso, a arquitectura popular non responde a épocas nin estilos, non está dirixida por arquitectos; son os seus propios moradores os que definen as súas necesidades e as desenvolven acordes co resto do pobo.

En resumo, e seguindo as peculiaridades presentadas por Caamaño (2003), a arquitectura popular galega pode caracterizarse por tratarse dunha arquitectura rural e mariñeira pertencente á etapa preindustrial (que se mantivo en Galicia ata ben entrado o século XX). Aséntase nun hábitat disperso, onde se diferencian as distintas dependencias que forman a arquitectura popular (casa-vivenda, construcións adxectivas, construcións do territorio, industriais artesanais ou preindustriais). Vai sufrindo pequenas modificacións formais ao longo do tempo, que servirán para que a construción perdure para os seus descendentes. Posúe unha coidada execución construtiva que se mestura co seu entorno. Este será o posicionamento da investigación e o concepto segundo o cal interpretaranse os datos recollidos na análise da arquitectura de Oia.



Fig. 11. Asentamento rural de A Portela. Oia.

### 2.1.1. Os asentamentos humanos

Debido ás características xeográficas do propio territorio galego este é propenso ao establecemento de numerosos asentamentos humanos. Para a creación destes pequenos asentamentos (na súa maioría casais e aldeas) o medio era modificado ou influenciado segundo as necesidades dos seus moradores; o que non quería dicir que este medio desaparecese ou se observara maltratado senón que toda intervención realizada sobre a natureza se efectuase da forma máis respectuosa posible, xa que é esta a que ofrece todo o que o propio pobo precisa para vivir. Referido a isto Xosé Hermo Túnez cita:

Estas obras emerxen dunha terra modelada de vagar, vencellada orixinalmente a grupos que a ocuparon a humanizaron sobre as múltiples e variadas zonas cos medios favorábeis á implantación poboacional sobre o territorio e que o mesmo home traballou, ordenou, harmonizou e sacralizou, determinando unha paisaxe peculiar, unha complexa trama vital salpicada de múltiples e espallados asentamentos humanos. (1978, p.26)

A característica máis salientable deste hábitat disperso é o equilibrio existente entre o aproveitamento da terra e a preservación do medio natural. Este equilibrio que o home executa sobre o medio maniféstanse tanto na ordenación dos recursos agrícolas/forestais (terras de labor, pastos, bosques...), relacións físicas como na propia cultura material e inmaterial do pobo, orde sociolóxica así como na orde xurídica, onde se mestura a propiedade privada – a casa – de orixe romana coa propiedade comunal – fontes, lavadoiros, adros... – de carácter xermánico (Caamaño, 2003).



Fig. 12. Camiño de pedra que da acceso o pobo abandonado da Riña Vella. Oia.




Fig. 13. Camiño de pedra en Triacastela. Lugo.

Estes asentamentos humanos establécense, na súa meirande parte, no mundo rural galego, que está ligado a un modo de vida relacionado co propio medio natural, e que encerra un certo estatismo – autoconsumo, economía pechada, artesanado, etc.- propio do ruralismo. A pesar deste carácter rural, a súa organización e morfoloxía espacial presenta referencias urbanas, xa que tanto a casa-vivenda, como as construcións adxectivas, as construcións de produción e sobre todo as construcións do territorio forman unha trama complexa e coherente. Respecto a isto Manuel Gallego Jorroto afirmaba:


Os camiños, as corredeiras, dannos pautas definidoras dos espacios. A situación das fontes e dos pozos, a dos símbolos como o cruceiro, o peto de ánimas, a capela, sinálanos que a acción humanizadora do home por riba do medio, derivada dunha funcionalidade física engádese á cultural, de dialogar co cosmos, establecendo os seus símbolos sobre a natureza traspasando a mera función material. (1975, p.85)

Dende comezos do século XX, o espazo e as formas de agrupamento das persoas no territorio xeran curiosidade no ámbito ilustrado polo que comezan a xurdir unha serie de estudos, cabe destacar a: Otero Pedrayo (1926), Georg Niemeier (1945), Abel Bohuier (1979) e Fariña Tojo (1980) entre outros. Pasárase a citar o estudo con maior perspectiva arquitectónica e tipolóxica sobre a clasificación dos asentamentos rurais, o do arquitecto e urbanista Fariña Tojo que no seu libro “Los asentamientos rurales en Galicia” (1980), diferencia sete tipos de asentamentos diferenciados:


1. Aldea nuclear con edificación densa: asentamento que forma un núcleo unido, coas casas en formación compacta.
  2. Aldea nuclear con edificación clara: como o anterior, é un núcleo claramente diferenciado do resto dos asentamentos dos arredores; existen claros notábeis entre as casas.
  3. Aldea polinuclear con edificación densa: existen dous ou máis núcleos separados aínda que formando un só conxunto; en xeral, un núcleo sempre ten mais importancia ca o outro.
  4. Aldea polinuclear con edificación clara: semellante ao tipo anterior pero a existencia de claros marca as diferenzas.
  5. Aldeas nucleares en nebulosa: trátase en xeral de formacións de edificación clara e de menor entidade ca as anteriores.
  6. Parroquias en enxame con aldea núcleo: en xeral son de casarío claro pero diferentes á anterior en que as distintas entidades son aínda de menor importancia e que existen moitas formas intermedias de asentamento.
  7. Parroquias en enxame: as entidades xa non son nin aldeas nin lugares, como nas aldeas nucleares en nebulosa, senón barrios.
- (Bas, 1983, pp.20-21)




1. Aldea nuclear con edificación densa.



2. Aldea nuclear con edificación clara.



3. Aldea polinuclear con edificación densa.




4. Aldea polinuclear con edificación clara.



5. Aldeas nucleares en nebulosa.



6. Parroquias en enxame con aldea núcleo.



7. Parroquias en enxame.

Fig. 14. Esquemas de clasificación da aldea en base a parroquia segundo José Fariña Tojo.



Fig. 15. Camiño de terra no barrio de A Granxa na parroquia de Mougás. Oia.

Seguindo cos asentamentos humanos que estruturan o territorio galego, estes varían segundo a súa entidade e a súa progresiva complexidade. O casal ou lugar, é a unidade urbana mínima: a casa, as súas construcións adxectivas e as súas terras de labor. A aldea, xa posúe referencias urbanas, consta dun medio urbano propio, formado por casas-vivenda, fontes, hórreos, lavadoiros, cruceiros, valados... así como unha superficie para o cultivo e arboredos. O profesor Lisón respecto á aldea afirmaba “ Las aldeas son pequeñas comunidades donde la participación individual de cada vecino es completa,(...), en cuidar de lo común, en las faenas del calendario agrícola, en los momentos importantes de la vida de los individuos, en las alegrías, fiestas y penas. Nadie queda excluido.” (1971, p.83). A parroquia, é a unidade básica autónoma socio-económico-administrativa, é o conxunto estruturado da unión das aldeas, casais e lugares colindantes equidistantes entre sí, e a igrexa con vínculos culturais, espirituais, xeográficos, veciñanza e parentesco, historia, etc. Fariña Jamardo di que a parroquia rural galega ten un forte peso como unidade social e territorial, e que serviu (e serve) “ de base a un conxunto de prácticas, obligaciones y derechos que establecen determinados vínculos entre los habitantes de la freguesía, creando un singular derecho consuetudinario” (1975, p. 11). O seguinte paso de agrupamento xa é o propio concello no cal se aglutinan unha serie de parroquias, estes non teñen base física nin sociocultural.

En definitiva, cabe destacar a relación existente entre o asentamento e as propias construcións. Esta profunda relación é un dos fundamentos principais de toda arquitectura popular: o vínculo que existe entre medio físico-asentamento-humano. Os tres atópanse intimamente relacionados e cada un convive co outro en total harmonía.



Fig. 16. Agrupación de hórreos nunha antiga eira comunitaria no barrio de A Granxa na parroquia de Mougás. Oia.

### 2.1.2. A casa en Galicia

Debido á proximidade entre Galicia e o norte de Portugal, as súas similitudes climáticas e xeográficas, é de salientar a transmisión arquitectónica entre ámbalas dúas rexións. A pesares disto, na presente investigación só tendrase en conta as áreas tipolóxicas identificadas na rexión galega, referidas polos estudos de referencia (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003).

Na arquitectura popular a casa é o cerne da vida das persoas, onde desenvolven todas as súas actividades tanto económicas como culturais, físicas, etc.; en definitiva é a “suma expresión de raza” (Risco, 1933, p.326).

Polo tanto, non se pode entender a casa como unha mera construción na cal se vive, senón coma un conxunto de edificacións, das terras, da facenda e das persoas da familia que viven no núcleo central – a casa-vivenda- que se organizan como unha unidade de produción para traballar baixo o seu teito (Caamaño, 2003). Referido a isto Pedro de Llano expón que “é unha institución creada para servir a un conxunto complexo de fins” (1996, p.47) o que nos leva ao estudo da casa-vivenda –onde vive a familia- e as construcións adxectivas, que son as que dan apoio á unidade familiar.

A casa hai que entendela como unha institución, na cal están implícitos unha serie de aspectos como son o económico, o socio-cultural e o propio aspecto físico-material. Seguindo isto Begoña Bas afirma que “a casa é o primeiro marco, por así dicilo, no que se desenvolve o individuo, é dende determinado punto de vista (...) unha unidade” (1983, p.33). Dende o punto de vista económico apréciase, que a casa funciona como unha unidade de produción onde é a propia familia a que desempeña as tarefas para a súa manutención, sen precisar recorrer a persoas que non formen parte da propia unidade familiar para o desempeño das tarefas da facenda. “ O carácter da unidade de produción é o autoconsumo e unha clara tendencia á autarquía, polo que haberá que producir tódolos elementos indispensables prá mantenza” (Bas, 1983, p.33).

No aspecto socio-cultural, a casa é unha totalidade, recibe un alcume que reflicte en cada membro da familia, un tipo de organización cunha autoridade máxima; o petrucio –o xefe da familia-. Referido a isto o mestre Lisón Tolosana di:

Una vez contruída la casa, esta sería llamada por el nombre o apodo del propietario. A partir de ese momento casa y linaje formarían tal simbiosis, que aunque desaparezca el linaje originaria, los nuevos residentes serán siempre conocidos por el nombre de la casa y no al contrario, y la casa tendrá una personalidad moral que no tendrá ninguno de los componentes individualmente. (1971, p.377)

Por último, dende o punto de vista físico-material, o arquitecto anónimo busca formas arquitectónicas prácticas e económicas, aproveitando os materiais que lle fornece o propio medio.

Como conclusión, pódese afirmar que a casa é a propia adaptación do medio para adecualo ao modo de vida que precisa a familia, unha unidade social. O propio Xaquín Lorenzo insistía dicindo que:

A casa campesiña é mais complexa do que parece a primeira vista. Ela é a que centra en si a vida dos homes do agro mais esta vida desenrólase por fóra e a casa conta con prolongacións que a poñen en contacto directo e íntimo coa terra que os seus habitantes traballan e da que se manteñen. Doutra banda, as labores do campo e a conservación dos froitos esixen dependencias que non cabían na casa sendo preciso construílas fóra delas. (1962, p.108)

### 2.1.2.1. A casa-vivenda

A casa-vivenda é a construción con maior relevancia dentro do complexo casa, así como na arquitectura popular. A súa función principal é dar acubillo a todos os membros da unidade familiar, a cal, polo xeral, esta composta polos pais, os fillos solteiros e nalgúns casos os fillos casados coa súa propia familia; e a súa facenda. Nela é onde se realizan as actividades de descanso, xantar e lecer. O propio Torres Búa con respecto a isto afirmaba:

A casa é sen dúbida a produción material mais importante feita polo pobo (...). O home e a muller actúan sobre o seu medio: modifícanlo para adaptarse a el (...). O construtor popular dispón de medios materiais e escasos, os que proporciona a propia natureza: a pedra, a madeira, o barro, etc. Conta tamén cunha tradición de séculos e unha experiencia e imaxinación propio que lle axuda a resolver os problemas espaciais e construtivos. O resultado son construcións tremendamente funcionais (...). As solucións construtivas que lle dan a un determinado problema, resólvense de xeito óptimo con conxuntos integrados na paisaxe de enorme beleza. (2007, p.200)

A pesar da pequena extensión de Galicia, esta presenta unha ampla variedade de tipoloxías de casa-vivenda, pero á súa vez conta cunhas características comúns a todas elas. Principalmente as edificacións, presentan unha relación fonda co medio, xa que está en estreita relación con factores como son o clima, a dispoñibilidade de materiais, e sobre todo a súa localización xeográfica e os seus cultivos. Claramente atópanse diferenzas na casa-vivenda dependendo de se se atopan na montaña, nos vales ou na costa.

A construción da casa-vivenda realizábase cos materiais que se atopaban dispoñibles no medio; a pedra e a madeira. Ámbolos materiais xa impuñan limitacións á hora de construír as edificacións, sobre todo a madeira, pois dependendo do seu grosor e longura poderíase realizar a casa-

vivenda con maior cruxía –ancho-. Debido a isto os espazos e os volumes, na súa maioría, son pequenos e elementais. Con respecto ás cubertas son de pouca complexidade, a máis empregada é a de dúas augas e o seu recubrimento pode ser de tella do país ou vexetal.

Dependendo de como se atope a casa-vivenda con respecto ao resto das edificacións, e seguindo a categorización realizada por Demangeon en toda Galicia (1942), podemos identificar dous tipos: a casa-bloque, na cal a casa-vivenda e as edificacións de apoio atópanse independizadas; e a casa-composta, onde as edificacións auxiliares arrímase á casa-vivenda. No primeiro caso, casa-bloque, trátase dunha construción cunha volumetría simple; polo contrario a casa-composta, ten unha volumetría moito máis complexa, xa que esta formada por un conxunto de varios edificios e espazos.

Os agrupamentos máis numerosos da casa-vivenda e das construcións adxectivas, son os constituídos por un só volume ou por un volume composto por aproximación; as construcións anexas e a casa-vivenda atópanse dispersas, formando un espazo con diversas funcións como é o patio; e por último, o agrupamento feito arredor de dous centros de agrupación como é o curral, espazo pechado na fachada principal da casa-vivenda, e a eira en conxunto co hórreo na parte traseira da mesma (Caamaño, 2003).

O modelo máis estendido da casa-vivenda é a campesiña, debido ás características do medio rural galego, e en menor medida a casa-vivenda mariñeira; a pesar de este dous modelos a súa estrutura e simple, normalmente en planta rectangular de dous andares.

Respecto á forma e aos espazos, identifícanse dous modelos. Un é o da casa-vivenda térrea de planta rectangular non superior a 60 metros cadrados, que pode ser interiormente un único espazo ou ter algunha división, nel coexistían tanto animais como persoas, mesturándose polo tanto os espazos: cociña, forno, leitos e corte. O outro modelo é o da casa-vivenda de dous andares, presenta un corpo central edificado prismático, pechado con muros de pedra con pequenas aberturas. Nalgúns casos aparece unha escaleira exterior que pode rematar en solaina, patín ou corredor. O piso térreo soe estar destinado aos animais, almacenamento da colleita ou para gardar os aparellos do campo, ou para os utensilios do mar –dependendo da área xeográfica e o traballo a que se dedique a unidade familiar-. Nalgúns casos pódese atopar tamén a cociña e o forno. No primeiro andar situase a residencia dos membros da familia, os cuartos e unha sala, e nalgunhas zonas tamén a cociña e o forno.



Fig. 18. Casa-vivenda con corredor na parroquia de Pedornes.



Fig. 17. Casas de dous andares entre medianeras con soportais en Combarro.

• Diversidade tipolóxica da casa-vivenda



Fig. 19. Casas do Pincho en Combarro.

A diversidade xeográfica, climática, de materiais, sociedade, cultura e sobre todo a económica fan que exista no territorio galego una ampla variable de tipoloxías de casa-vivenda dependendo da súa situación no medio. Manuel Gallego Jorroto con respecto a isto atestigua:

Abonda pensar nunha vivenda do Ribeiro, con adega e emparrado, e nunha de Ortigueira, pizarrosa, coa cuberta de lascas e coas pedras de pico rematándoa, ou ben nas do Incio, tamén en pizarra, con cubertas mais planas mais con patio cubertos aos que dá o corredor, ou ben as das Rías Baixas, coas súas solainas e canzorros, graníticas e cubertas de tella con máis pendente. Vemos nestes exemplos, tirados dos catro puntos cardinais de Galicia, que as diferencias son notables. (1975, p. 94-95)

Xa dende o comezo, o tema da clasificación tipolóxica da arquitectura popular galega, foi algo perseguido por todos os mestres e estudosos do tema. O primeiro en dar unha clasificación fixándose principalmente nas características construtivas e distributivas, sen reparar na súa localización xeográfica, foi Xaquín Lorenzo (1962) o cal fai case unha clasificación evolutiva da propia casa-vivenda distinguindo: a cabana, a casa redonda, a casa rectangular térrea, as casas de tipo intermedio, as casas de dous andares de acceso exterior ou interior, a casa grande, o pazo, as casas á beira da estrada e a casa vilega.

Continuando a este e xa na década dos 70, á vez que vai aumentando o interese pola arquitectura popular xorden unha serie de estudos que xa comezan a ter en conta para a súa clasificación a propia xeografía. Alá polo ano 1973 Carlos Flores publica un amplo traballo sobre a Arquitectura Popular en España, dedicándolle a Galicia unha parte do seu estudo, onde salienta que ademais da palloza, el identifica dúas casas-vivendas totalmente diferenciadas a “orensana con galería de madeira de barrotes horizontales y escalera exterior de piedra, y la casa lucense cerrada, con carpintería acristalada a haces de la fachada y grandes piedras labradas en jambas y finteles y antepechos de puertas y ventanas” (p.389). Dous anos despois Carlos García Martínez, establece que existen dúas tipoloxías claras: a da costa e do interior, sendo desta última da cal se poden identificar as seguintes variantes “a vivenda de media montaña e “bocarribeira” e a vivenda de montaña” (1975,p.5).



Fig. 20. Casa do Patín en Combarro.

Na década dos 80, é cando aparecen os estudos máis representativos e sobre todo máis amplos respecto da arquitectura popular, como son os traballos de Begoña Bas (1980) e Pedro de Llano (1981). Mentres que no traballo de Begoña Bas simplemente se salientan unha serie de exemplos que representan as diferentes tipoloxías consideradas por ela; as casas-vivendas das Rías Baixas e Mariñas luguesas, as casas-vivendas do sur de Ourense e a Terra Chá e, por último, a casa-vivenda da montaña. Será o arquitecto Pedro de Llano na súa obra *Arquitectura popular en Galicia* –unha das obras de referencia na actualidade- o que precise unha


estrutura arquitectónica, distributiva e construtiva” (1981, p.120) identificando seis modelos diferenciados segundo o territorio onde se asenten, define: a casa redonda, a casa de alta montaña, a da Terra Chá, a casa das Agrads coruñesas, a casa meridional e a mariñeira.

O propio Pedro de Llano, no ano 1996, publica unha reedición revisada da anterior obra, onde muda a clasificación tipolóxica realizada na súa primeira publicación, eliminando a casa redonda e realizando pequenos cambios respecto á situación das mesmas. Establece tamén a existencia de outros dous tipos; a casa grande e o pazo, do cal di que pode ser considerado arquitectura culta. Identificando:



1. A arquitectura das serras, con tipoloxías agrupables, segundo a súa localización, como arquitectura do colmo, do xisto e da tella.
2. A arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses.
3. A arquitectura dos vales e depresións do norte de Ourense.
4. A arquitectura das agras coruñesas, como tipoloxía básica da rexión do Alto Tambre, Alto Ulla, e a comarca de Bergantiños.
5. A arquitectura do viño, agrupable en dous grandes conxuntos, o das concas do Miño e do Sil, e dos vales do Ulla e do Umia.
6. E, por último, unha arquitectura mariñeira, na que se recollen os distintos elementos, máis ou menos xeneralidades, presentes nas casas das vilas costeiras. (1996, p.104)

O último estudo que clasifica a arquitectura popular galega, é o levado a cabo por Manuel Caamaño (2003) e o seu alumnado, onde fai unha clasificación da casa-vivenda tendo en conta aspectos tales como: os materiais pétreos cos que estea construído o edificio; onde se sitúe o asentamento; a economía que debe responder, ou as características construtivas, espaciais e funcionais. Salienta que a clasificación será xenérica “deixando as fronteiras ou lindeiros de cada unha delas ben imprecisas polos motivos expostos” (p.138). O mesmo que Pedro de Llano (1996) tamén identifica a casa grande, que posúe polo xeral as mesmas características da zona onde se atopa coa diferenza da súa dimensión e dependencias; e o pazo, que xa entraría dentro da arquitectura culta e de autor. Polo tanto, fixándose nos aspectos formais, construtivos e espaciais, identifícanse seis tipos de casa-vivenda, cos seus correspondentes subtipos, dentro dos espazos xeográficos seguintes:



- As Serras nas que destacan a *palloza*, como construción redonda orixinal propia da alta montaña luguesa, con presenza hoxe en áreas moi concretas das montañas de Cervantes e que non hai moito tempo se estendían dende A Fonsagrada ata a Serra do Courel, e a *casa-vivenda serrana*, localizada nas numerosas serras de altitudes que van dos 600 aos 1.300 metros, que é a tipoloxía dominante, a meirande parte das veces en construcións agrupadas, cunha



1. Elíptica.



2. Oval.



3. Elíptica truncada.




Fig. 21. Diferentes tipoloxías de pallozas efectuadas por Pedro de Llano (1981).




Fig. 22. Sección polo forno, dunha palloza elaborado por María Caamaño (2003).

grande austeridade de formas, espazos e elementos construtivos, tendo o xisto como o material dominante. (2003, p. 139)

A *palloza* é a construción máis primitiva e arcaica galega e apenas aparece nas serras máis altas onde as condicións do chan e do clima son desfavorables. Caracterízase pola súa configuración perimetral redondeada sen apenas aberturas, non sendo a porta de acceso. Con respecto á súa configuración interior trátase dunha única planta térrea onde se integran a vivenda, a corte e o resto das súas dependencias nun mesmo espazo. A súa construción realízase con muros (grosor de 0.80-0.90m.) curvos de granito ou xisto de pouca altura coa fronte de menor diámetro orientada cara aos ventos. A cuberta é de palla de centeo de gran grosor e forte pendente. Os demais materiais empregados son a madeira, principalmente de carballo ou castiñeiro, que forman parte da propia estrutura que soporta a cuberta.





Fig. 23. Casa-vivenda serrana de dous andares, primeiro andar e alzado efectuadas por Pedro de Llano (1981).

A *casa serrana de dous andares*, tamén existe a tipoloxía casa térrea máis antiga que a anterior pero menos predominante. Xorden integradas no medio irregular aproveitándose dos seus desniveis para a súa construción nunha falsa dobre altura, caracterízase polas súas reducidas dimensións e por estaren situadas entre medianeiras. A súa organización interior caracterízase por unha dobre falsa altura, polo cal, existe unha planta térrea onde se localiza a corte, e un primeiro andar onde se sitúa unicamente a cociña xa que de existiren outras dependencias simplemente cumpríméntanse cun simple taboado. O acceso a este andar dependerá do nivel do chan, podendo ser o acceso, tanto ao propio nivel do piso, como por unha escaleira a xeito de patín que en ámbolos casos remata sempre nun corredor. A súa construción é mediante muros de pedra de xisto ou granito cun espesor que rolda os 0.50-0.80m. As cubertas poden ser de entre dúas e catro augas, aínda que tamén se achan casos en que son máis complexas, a súa cubrición pode variar entre o colmo e a tella, aínda que o material máis empregado nesta tipoloxía de vivenda son as lousas de xisto. O resto dos materiais empregados son a madeira de carballo ou castiñeiro, o ferro e o vidro.



Fig. 24. Pallozas en Pedrafita do Cebreiro.

- A Galicia das chairas e depresións luguesas, onde sobrancea a *casa-vivenda da Terra Chá e das depresións de Sarria e Monforte*, tamén coñecida como casa luguesa, tipoloxía asentada na penechira central a 600m. de altitude, na situación de construción illada, de limpa e rotunda volumetría, con muros e cubertas a catro augas dominadas polo xisto. (2003, p.139)

A tipoloxía da *casa-vivenda das chairas* diferénciase claramente das existentes no resto do país. Caracterízase por un volume prismático austero de grandes dimensións, de dous andares e con planta rectangular ou cadrada. As súas dimensións roldan nas fachadas lonxitudinais entre os 12-15 metros e cunha anchura de 6-10 metros, e posúe unha altura de 5m. Dependendo das dimensións en planta distínguense dous modelos: un de menores dimensións onde todas as dependencias ábranse cara a unha das fachadas lonxitudinais deixando a fachada oposta cega, e un segundo modelo de maiores dimensións con dependencias ás dúas fachadas. Carece, na maioría dos casos, de construcións adxectivas acaroadas á propia casa-vivenda. A súa organización interior está composta por: planta térrea, onde se atopa a cociña e as cortes; e no primeiro andar, áchanse os cuartos e unha sala onde desembocan as escaleiras que arrancan no piso térreo. A súa construción realízase principalmente con muros de cachotería de xisto de espesores que roldan entre os 0.70-0.85 m. ata o arranque do segundo andar que se reduce a 0.10 ou 0.15 m. A súa cuberta é de lousas de xisto normalmente dispostas a catro augas. O resto dos materiais empregados son os propios deste tipo de arquitectura: a madeira, o vidro e o ferro.

- A Galicia das agras coruñesas, cunha tipoloxía dominante aínda que con múltiples configuracións, tamén coñecida como casa coruñesa, é a cuarta que se conforma en modelos construtivos elementais e con numerosas combinacións mediante corpos acaroados ao núcleo principal. Áchase estendida por toda a provincia da Coruña e zonas lindeiras de Lugo e Pontevedra, dominada polos granitos e gneis de diversas calidades e pola tella. (2003, p.139)

A *casa-vivenda das agras* está formada por un corpo de planta rectangular, onde están as dependencias da unidade familiar, ao cal se lle van arrimando unha serie de construcións de apoio. A unidade principal caracterízase por estar composta por dous andares de base rectangular, de 8-10m. de longo por 5-6m. de fondo. Existen catro subtipos: casa-vivenda con cuberta a dúas augas; a casa-vivenda con dúas fachadas lonxitudinais e fiestras en ámbolos lados; a casa-vivenda sen dependencias arrimadas nas fachadas lonxitudinais; e por último a casa-vivenda próxima ao litoral. Interiormente organízase en dous andares: a planta térrea, con cociña e corte, separados ámbolos espazos por un pasadoiro; e o primeiro andar, comunicados mediante unha escaleira interior con sala e cuartos, normalmente un ou dous. A construción está realizada con muros cun grosor que pode variar entre os 0.60 e os 0.80m. principalmente en pedra






Fig. 25. Casa-vivenda na Terra Chá, levantamento realizado por Pedro de Llano (1981).






Fig. 26. Casa-vivenda das agras coruñesas, plantas e alzado efectuado por Pedro de Llano (1981).




Fig. 27. Casa-vivenda da Galicia meridional, plantas e alzado de María Caamaño (2003).

granítica, aínda que pode aparecer presenza de xisto e gneis. A cuberta, polo xeral, é de dúas augas paralelas á fachada lonxitudinal realizada con tella curva ou xisto, dependendo da zona. O resto dos materiais empregados son a madeira, normalmente de carballo e castiñeiro, o ferro e o vidro.

- A Galicia meridional, na que a *casa-vivenda meridional*, propia desa ampla rexión xeográfica que abrangue case todo Ourense e boa parte de Pontevedra, mostrase con construcións abertas en núcleos ou illadas, cheas de patíns, corredores e solainas, con notable predominio do granito. (2003, p.139)

A tipoloxía da *casa-vivenda meridional* é a máis variable da arquitectura popular galega, aínda que posúen todas elas un nexo de unión, a presenza do granito e de elementos de comunicación entre exterior-interior. Trátase dunha edificación de planta rectangular de dous andares; na planta térrea sitúase a adega e a corte, e no primeiro andar, a cociña e unha sala, empregada na maioría dos casos como dormitorio, e un ou dous cuartos. Para acceder ao primeiro andar, como xa se mencionou anteriormente, faise mediante a escaleira, que pode rematar en patín, corredor ou solaina. A súa construción está realizada na súa totalidade en granito, aínda que pode aparecer xisto en lugares puntuais. Os muros posúen un espesor que rolda os 0.60-0.70m. O emprego de encintados é común nesta tipoloxía. Debido á boa calidade do granito nestas áreas, áchanse solucións construtivas tales coma: solainas, canzorros, capiados, tornachuvias, balaústres, parladoiros, chemineas, etc. Con respecto á cuberta, pode ser variada, dende dúas a catro augas incluso máis complexas. A cubrición da mesma realízase con tella do país.



Fig. 28. Casa-vivenda con corredor na Estrada.

- O litoral, no que a tipoloxía imperante é a *casa-vivenda mariñeira* en toda a longa e recortada costa, xeralmente en concentracións de edificacións, soportais e galerías, construídas tendo como materiais básicos o granito e o xisto segundo as zonas. (2003, p.139)

Na casa-vivenda mariñeira débense ter en conta catro modelos diferenciados, que á súa vez posúen diversos submodelos: *a casa térrea*, *a casa do pincho*, *a casa do patín* e *a casa de dous andares*.

A *casa térrea* trátase do modelo máis sinxelo e elemental da casa-vivenda mariñeira. Redúcese a unha sinxela construción de planta rectangular pechada por catro muros, onde só existe no interior un único espazo sen división ningunha. Pode atoparse de maneira illada ou entre medianeiras. Os seus muros non soen superar os 2 ou 3 metros sendo realizados con cachotería de granito. A fachada principal é a máis longa e as laterais son as dos muros piñóns. Os vans soen ser escasos e con cores vivas nas fiestras. O pavimento soe ser terra apisoada, a cuberta é de dúas augas en tella, e os materiais que se utilizan son a madeira e o vidro.

A *casa do pincho* atópase presente en todos os asentamentos costeiros, sen apenas diferenzas notables soamente con variacións en tamaño e estrutura da cuberta. A súa planta é rectangular e cunha anchura de fachada entre 3 e 5m. Trátanse de casas-vivendas que se atopan acaroadas mostrando sempre o muro piñón, con fiestra e porta, cara á rúa. A súa organización interior pode ser un espazo único ou compartimentado, accedéndose a través da cociña, e na traseira os cuartos. Os seus muros roldan un grosor de 0.60-0.80m. podendo ser en cachotería, perpiaño ou mesmo cantería, podendo ir revestidos con morteiro de barro caleado, ou pintado; os vans son escasos, pero de existiren, posúen tornachuvias de granito. A cuberta é de dúas augas podendo posuír estrutura de tesoiras. Dentro deste tipo existen outras variantes como son: *a casa de remo* e *a casa de pincho de dous andares*.

A *casa do patín*, trátase da única tipoloxía mariñeira de dous andares que dá acceso ao primeiro andar polo exterior. As súas dimensións van dende unha fronte de fachada de 4-6m. e de fondo entre 5-8m. Existen moitas variedades pero a máis común é a que sitúa a escaleira paralela á fachada principal. O patín, cun ancho que rolda os 0.9-1.20m. pode ir cuberto pola prolongación da cuberta ou non. O máis habitual é que o patín non posúa varanda aínda que poden xurdir aportándolle personalidade á construción. Mediante o patín accedese á cociña, a sala e os cuartos, mentres que o piso térreo emprégase para almacenar os apéos de pesca, de labranza, a adega e incluso a corte. Os muros, o mesmo que na tipoloxía anterior, poden ir realizados en cachotería en seco, perpiaño ou mesmo cantería. En caso de iren revestidos estes revestimentos serán de barro caleado ou encintados, os vans aumentan en número e posúen tornachuvias. A cuberta pode ser de dúas, tres ou mesmo catro augas, con cumio paralelo á fachada principal e realizado con tella do país, rematando a mesma cun beiril de non máis de 0.40m. na fachada principal. O resto dos materiais empregados son os comúns na arquitectura popular.




Fig. 29. Casa térrea, incluída dentro da casa-vivenda mariñeira, plantas e perspectiva elaboradas por Pedro de Llano (1983).




Fig. 30. Casa do Pincho dunha planta e perspectiva de Pedro de Llano (1983).




Fig. 31. Casa con Patín, os dous andares e perspectiva efectuado por Pedro de Llano (1983).




Fig. 32. Casa-vivenda de dous andares en San Juan de Covas.

A *casa-vivenda de dous andares entre medianeiras*, ten como característica principal o seu acceso interior ao andar superior. As súas dimensión van de 3-6m. de ancho por 10-15m. de fondo. Pode aparecer ancorada non só nunha dirección senón que tamén pola parte traseira. En xeral no piso térreo áchase o almacén ou a corte, e no primeiro andar sitúase a cociña, a sala e os cuartos; segundo a complexidade da edificación a distribución interior muda. Construtivamente os seus muros presentan variación dependendo da súa localización, mentres que o traseiro e os medianeiros son de cachotería menos coidada dun ancho de 0.80-1 m., a fachada principal realízase con cachotería ou cantería de mellor calidade. No caso de atoparse a fachada principal revestida, as pezas de contorno dos vans e esquinais déixanse á vista. A cuberta pode variar dende as dúas ou tres augas. Dentro desta tipoloxía áchanse unha serie de variantes: a *casa con corredor*, a *casa con soportal* e a *casa con galería*. Este modelo de casa mariñeira é o que máis se conserva en toda a costa galega.

Como conclusión, merece a pena citar a Xaquín Lorenzo “o home lígase directamente á casa do mesmo xeito que a casa se xungue á terra, sendo así a vivenda un vencello que liga ó home coa xeografía dun xeito íntimo” (1962, p.52) onde deixa patente a xustaposición que a casa-vivenda ten cos seus habitantes e co propio medio e viceversa.

### 2.1.2.2. As construcións adxectivas ou de apoio

As construcións adxectivas son a prolongación da casa-vivenda, ás cales complementan para resolver as necesidades das persoas, da súa economía tradicional e do seu entorno. Como xa se dixo no capítulo referido á casa, a unión de ámbalas dúas – construcións adxectivas e a casa-vivenda- e as propias hortas xeran a casa en si mesma. Carlos Flores, nun dos seus traballos sobre os pobos españois, así o testemuña: “resulta obvio que la casa del hombre, los edificios auxiliares y las dependencias relacionadas con su trabajo, constituyen la célula primaria y básica en la composición de cada uno de los pueblos” (1991, p.24).

A proliferación destas construcións dáse sobre todo no século XVIII coa introdución da pataca e o millo. Debido a estes novos cultivos e á propia economía agraria-autosuficiente a unidade familiar precisaba espazos para o almacenamento, a transformación, a cría de animais, o aproveitamento da auga, entre outros.

É importante mencionar, que estas construcións poden ser de uso individual, onde só é a familia a que goza do seu uso ou mesmo mediante maqúia, neste caso o dono cobra unha pequena prestación aos veciños que o empreguen. O outro caso é o uso comunal, onde mediante rotación ou por horas –no caso dos muíños, eiras, aproveitamento de auga para a rega, etc.- cada veciño o emprega sempre respectando o estado en que o recibiu. Ademais destes espazos, hai outros de uso comunal que son as infraestruturas que fornecen ao pobo –lavadoiros, fontes, pozos, curros, recintos de feira, entre outros-.

Á hora de analizar este tipo de construcións, seguirase a clasificación dada por Manuel Caamaño (2003) onde identifica dous epígrafes: a arquitectura de organización da produción, e a arquitectura dos equipamentos.

Dentro da arquitectura de organización da produción, inclúense aquelas que dan acubillo ás materias primas recollidas no medio para a unidade familiar, para a transformación dos produtos, a cría e a morada dos animais, para a caza e pesca, e sen esquecer a comercialización.

- Construcións de *almacenamento*: alpendres, paleiras, adegas, sequeiros, hórreos.
- Construcións de *transformación*: eiras, fornos, lagares, muíños.
- Construcións de *cría e habitación de animais*: cortes e cortellos, poleiro das pitas, pombais, alvarizas e curros.
- Construcións de *caza e pesca*: foxos, pesqueiras.
- Construcións *destinadas á comercialización*: Nelas contéñense os espazos creados para comerciar produtos manufacturados ou naturais), utensilios, etc., das que o mellor exemplo son os *recintos de feira*. (Caamaño, 2003, p.259)

Para rematar coa clasificación, menciónase a arquitectura dos equipamentos que principalmente son de carácter social, aínda que existen casos en que son de carácter individual. Son as que facilitan a vida cotiá da propia comunidade, servindo de apoio ao traballo do pobo e a súa hixiene, lecer e festas.

- Construcións de *aproveitamento doméstico da auga*: pozos, fontes, lavadoiros.
  - Construcións de *lecer e relixiosidade*: palcos da música, capelas.
- (Caamaño, 2003, p.259)

En resumo, volvo reiterar que as construcións adxectivas son indispensables para o desenvolvemento da vida e, igual que a casa-vivenda, adáptanse ás necesidades da familia e da comunidade. Pero ademais destas construcións hai que ter en conta tamén as que adaptan o propio medio no que se sitúa o asentamento como son as construcións do territorio (camiños, valados, pontes, socalcos, regas ...) Todas elas, a casa-vivenda, as construcións adxectivas e as construcións do territorio, son as que conforman a complexidade e a identidade da arquitectura popular galega.



Fig. 33. Restos dun muíño de roda vertical na parroquia de Viladesuso. Oia.



Fig. 34. Fonte-lavadoiro do Xardín na parroquia de Pedornes. Oia.

### 2.1.3. A situación da arquitectura popular Galega na actualidade

Como xa se mencionou con anterioridade, a arquitectura popular galega está intimamente vinculada coa etapa preindustrial, cun estilo de vida, unha economía autosuficiente, unha sociedade e o propio medio concretos.

A chegada do mundo industrializado e a urbanización arredor de mediados do século XX orixina unha serie de cambios na vida, nos costumes, no medio e nas formas de habitar o espazo, que no caso galego foi unha transformación desordenada e sen planificación, o que orixinou que nas últimas décadas as “innovacións verificadas na agricultura, os grandes movementos de poboación xerados polos cambios socioeconómicos, e as novas pautas que estes lle impuxeron á vella comunidade campesiña” ( De Llano, 1996, p.189), fan que a propia arquitectura popular preindustrial e as súas formas de vida sexan rexeitadas por estaren asociadas á miseria, sacrificio e privacións. Esta modificación produce que o patrimonio cultural popular e, de forma máis aguda, o patrimonio etnográfico inmobiliario sufran unha forte transformación chegando en moitos casos á súa total desaparición.

Por tanto, o valor da arquitectura popular é nese momento (e hoxe en día) “diferente ao que tivo cando se fixo, (...) aínda que perdure como vestixio dun medio en continuas transformacións. Pero estas transformacións modifican tamén esta arquitectura” (Gallego, 1978, p.12). O propio Manuel Gallego Jorreto sinala unha serie de factores que ocasionaron dita transformación:

1. A supervivencia en Galicia de dúas culturas defrontadas, a rural e a urbana. A imaxe urbana, de arquitectura urbana, supón a representación da cultura dominante, sendo por tanto unha inspiración da cultura dominante, sendo por tanto unha aspiración equivalente á redención dunha forma de vida.
2. Os cambios socioeconómicos, os dos modos de produción, o traballador rural por conta propia, dá paso ao traballador por conta allea, que compatibiliza co seu traballo rural, a conta propia. E o nacemento do proletariado.
3. Os novos materiais, técnicas e a nova accesibilidade, que reestrutura o parcelario base (a propiedade rural).
4. A reestruturación da entidade rural e da parroquia como claustro cultural.
5. A emigración como fonte de aporte económico e de novas formas. (1978, p.14)

Hoxe en día podemos atopar unha grande diversidade no que respecta ao estado de conservación deste tipo de construcións, que pode variar segundo o uso que a propia sociedade realiza sobre elas, dándose situacións onde o emprego da construción continúa sen modificacións con respecto ao seu uso primitivo como é o caso dalgúns hórreos, muíños, fontes..., ou

continúa o seu emprego con transformacións puntuais. Tamén son frecuentes os cambios de uso; muíños convertidos en vivendas ou museos, hórreos convertidos en pequenos espazos de lecer. E noutros casos a destrución destas construcións porque xa non se empregan e o abandono que sofre calquera tipoloxía da arquitectura popular.

Chegando a este punto, hai que sinalar os tipos de modificacións que foi seguindo a arquitectura popular ata a actualidade, tendo en conta o analizado por profesionais do ámbito da arquitectura galega como son: Manuel Gallego Jorreto (1978), Begoña Bas (1983), Pedro de Llano (1996) e Manuel Caamaño (2003). Ambos definen tres tipos: transformacións parciais, transformacións profundas e vivendas de nova planta. Neste caso só se presentarán os dous primeiros.

As transformacións parciais, son as construcións que conservan a súa tipoloxía de orixe preindustrial, pero que soen sufrir pequenas modificacións: dotacións de servizos hixiénicos e mellora ou dotacións de instalacións de auga, electricidade, saneamento; emprego de materiais estandarizados para peches e cubertas; a elevación ou aumento de cubertas para poder situar aseos, chemineas ou depósitos de auga; novos materiais que imitan as formas tradicionais, principalmente nas carpinteiras; eliminación de rebocos caleados para deixar a pedra núa ou recubrila con materiais novos. Nestes casos séguese mantendo o programa básico da construción. No caso da casa-vivenda continúa a idea de elemento básico ao cal se lle van engadindo dependencias auxiliares; o carácter formal mantense, os novos materiais incorpóranse ás técnicas tradicionais; emprego de técnicas tradicionais e novas pero estas de forma primitiva. “Estas modificacións sitúanse nas zonas menos dinámicas, onde se conserva basicamente o sistema socioeconómico” (Gallego, 1978, p.14).

O seguinte tipo, a transformación profunda, a modificación da construción pode ser total, derrubando case na súa totalidade o edificio e volvendo a reconstruílo con novos materiais e técnicas, conservando unicamente a tipoloxía formal. “É o estadio máis complexo, (...), encerra por tanto unha marxe de posibilidades que vai desde a utilización de usuarios ligados ao medio rural, con estrutura básica socioeconómica tradicional, até situacións de claro cambio.” (Gallego, 1978, p.15).

Debido a estas alteracións e ao propio estado de conservación deste tipo de construcións, a harmonía e o equilibrio coa natureza que caracterizaba este tipo de arquitectura atópase nun estado crítico. O propio Consello de Europa, alá polo ano 1989, observando a destrución descontrolada de núcleos de poboación tradicionais tanto na costa como no interior, denuncia a falta de regulamentos e incluso programas de rehabilitación que permitan a salvagarda deste tipo de construción e o seu entorno. Como ben afirma Pedro de Llano, a propia arquitectura popular dende a entrada da industrialización, a insensibilidade social e sobre todo a especulación axudou a que “nas últimas décadas está, obviamente, sufrindo unha resolutive e envilecedora metamorfose que, sen dúbida, vai supoñer-la súa definitiva decadencia” (1996, p.12).

Hai que destacar que non só as persoas do mundo rural galego deixaron de lado este tipo de construcións, senón que as propias autoridades demostraron “indiferencia diante da «crise radical e irreversible do mundo rural», diante «da desaparición da cultura popular» e diante «da destrución estúpida do territorio, ou sexa, Galicia»” (Gallego Jorreto, artículo de “La Voz



Fig. 35. Transformación parcial no barrio de A Granxa na parroquia de Mougás. Oia.



Fig. 36. Transformación profunda dunha casa-vivenda que data do ano 1882, no barrio do Eido de Abaixo. Oia.

de Galicia” do 20-05-2001, citado por Caamaño, 2006, p.93) diante da cal deberían responder con medidas de protección.

Na actualidade a concienciación social, as escolas e colexios profesionais de arquitectura, os concellos e sobre todo a propia administración autonómica comezan a ter consciencia do peso que ten a arquitectura popular do país e a importancia que ten a súa conservación e valorización para potenciar a propia identidade galega, parafraseando a Rafael Dieste, o cal di que “o popular é local, e o local é universal; cando os pobos perden o local, tribalízanse” (citado por Caamaño, 2006, p.92).

Para concluír, hai que mencionar que tanto a arquitectura de nova construción como a rehabilitación e conservación da arquitectura popular deben ser tratadas en conxunto e en harmonía co medio rural. Non resulta cuestionable que toda arquitectura que non cumpra a función para a cal foi creada deba desaparecer, pero neste caso “esas austeras construcións populares que intelixentemente rehabilitadas poderían mante-la súa funcionalidade como contenedores de vida por un longo período de tempo, teñen aínda moitas cousas que ensinarnos” (De Llano, 1996, p.13).

O coñecemento do noso pasado permite encarar con maior conciencia o que queremos para o noso futuro. A súa perda silenciosa é unha perda de inestimable valor, o aproveitamento das técnicas e aprendizaxes que no seu día obtiveron a aceptación dun pobo combinándoas co progreso, entendido como melloras inestimables, é o mellor xeito de dar respostas válidas para este problema e, a súa vez, participar no seu desenvolvemento. Polo tanto o primeiro paso esixe coñecer en profundidade a área xeográfica na cal se vai desempeñar a intervención, neste caso Oia, para coñecer as técnicas e sistemas construtivos que no seu momento os *arquitectos anónimos* desenvolveron no local para a posterior, co coñecemento e técnicas actuais, poder dar respostas e recomendacións do xeito máis acertado posible.

### 3. Contextualización do Concello de Oia

---



Á hora de realizar un estudo sobre unha área ou localidade concreta, sempre cómpre coñecer as súas características territoriais e mesmo meteorolóxicas, sen esquecer nunca a súa evolución histórica xa que pode ser imprescindible para entender o seu estado actual.

De aí a importancia do presente capítulo, onde se realizara unha contextualización do concello de Oia, así como un acercamento a súa historia prestando maior atención á evolución dos asentamentos ao longo da historia, sen esquecer que o municipio atopouse durante séculos nos dominios do Mosteiro de Santa M<sup>a</sup> de Oia, que se asenta no propio territorio a estudar.



### 3.1. Encadre xeográfico

#### 3.1.1. Localización e situación

O concello de Oia sitúase no extremo suroccidental da provincia de Pontevedra; limitando ao norte co concello de Baiona, ao sur co municipio do Rosal, ao leste co concello de Tomiño e ao oeste co Océano Atlántico.

Oia atópase integrado dentro da comarca do Baixo Miño, así como os concellos de O Rosal, A Guarda, Tomiño e Tui.



Fig. 37. Plano comarca do Baixo Miño.

A súa extensión é de 83.3 Km<sup>2</sup> dividida en seis parroquias: Mougás, Viladesuso, Pedornes, Burgueira, Santa M<sup>a</sup> de Oia e Loureza; onde se reparten 31 entidades de poboación (Mougás con 7 entidades; Viladesuso con 8 núcleos; Pedornes con 3; Burgueira con 3 entidades de poboación; Santa M<sup>a</sup> de Oia con 4 e Loureza con 6 núcleos).

#### 3.1.2. Caracterización ambiental

Debido á extensión do concello de Oia, o seu territorio presenta unhas singularidades fisiográficas que determinan as súas características climáticas, hidrolóxicas, produtivas, ecolóxicas e paisaxísticas, permitindo diferenciar catro unidades morfolóxicas diferenciadas: o litoral, a Serra da Groba, o val do Tamuxe e a serra do Argallo.

##### • Clima

O clima atópase sensiblemente condicionado polas características orográficas do seu territorio fronte á proximidade ao mar. A serra da Groba e a serra do Argallo constitúen unha barreira orográfica próxima á costa, que provoca o ascenso forzado das masas de percorrido oceánico, facendo máis efectiva as descargas de precipitación; é así que a ladeira de poñente-barlovento respecto dos fluxos oceánicos, as precipitacións son máis abundosas.



Fig. 38. Plano deslinde sobre o termo municipal de Oia, con representación do caserío.



Fig. 39. Litoral Oiense.

A climatoloxía de Oia encádrase no dominio oceánico húmido, aínda que posúe certa tendencia á aridez estival propia do litoral pontevedrés. O territorio, en xeral, presenta pouca oscilación térmica e abundantes choivas, acusándose cortas secas estivais e unha alta insolación anual; o que conleva a que se trate dun concello que presenta un clima moi benigno, tanto para a agricultura como para o asentamento da poboación.

Como xa se mencionou no apartado anterior, Oia pódese dividir en catro unidades morfolóxicas; estas tamén se distinguen a nivel climático. No caso da franxa *litoral* presenta temperaturas suaves todo o ano (arredor de 15°), influenciado polo efecto amortecedor do océano e tamén abundosas precipitacións (precipitación media anual de 1.400mm.) que están en relación co inmediato potente montañoso. Na *serra da Groba* a temperatura anual oscila entre os 13-14°, mentres que as precipitacións anuais son abundosas (1.800-2.000mm.). No caso do *val do Tamuxe* a súa temperatura é moderada oscilando entre os 14-15°, en canto as precipitacións van dende os 1.600-1.800mm. anuais.

#### • O relevo

Como xa se referiu no comezo do capítulo, dentro do territorio de Oia podemos distinguir catro unidades morfolóxicas, as cales definen e estruturan o seu relevo.

*O litoral* oiense abrangue o espazo costeiro disposto entre Cabo Silleiro e a desembocadura do Miño. Corresponde cunha estreita franxa litoral, cun desenvolvemento rectilíneo carente de cantís, de leve pendente, practicamente toda ela rochosa, agás unha praia de area ao carón do núcleo do Arrabal fronte ao Mosteiro, e sempre por baixo dos 300m sobre o nivel do mar.

Presenta un desenvolvemento lineal, de aproximadamente uns 18 quilómetros de litoral, en dirección norte-sur, sen abrigos naturais, albergando escasas enseadas, como é o caso do porto natural do Arrabal de Oia. Sendo unha costa aberta ao océano -onde o mar bate con forza-, maniféstase nela unha importante acción erosiva. Caracterízase por un litoral maioritariamente rochoso, con xacementos de bolos e seixos en moitos tramos. Dende a zona supralitoral esténdese unha ampla chaira entre o litoral e a montaña que é aproveitada para a agricultura ou asentamento da poboación como é o caso do núcleo do Arrabal, mentres que outras moitas veces esta chaira é unha franxa estreita entre o litoral e a aba das montañas costeiras, aproveitada para o asentamento de núcleos rurais como: Mougás, Viladesuso, Pedornes, A Riña e Chavella.

A *serra da Groba* sitúase ao leste da anterior ocupando unha gran parte do norte e occidente tralo litoral do concello, abranguendo a serra de A Groba e os montes da Valga, os cales presentan unha altitude que oscila entre os 600m e os 700m.; onde hai que salientar o contraste entre as vertentes de forte pendente cara ao litoral onde se asentan os rochedos graníticos cunha escasa vexetación de pasteiros e asociacións arbustivas, fronte ás máis febles da vertente oriental. Situándose nesta franxa os núcleos rurais de Torroña, Cerqueira, Xiguenta, Portela (na parroquia de Burgueira), Mavia e Santa Comba (na parroquia de Loureza).



Fig. 40. Serra da Groba dende petroglifo da Portela.

O val do Tamuxe, é un val de formas suaves orientado en dirección norte-sur, perpendicular ao esteiro miñoto; desenvolvéndose no territorio oiense no sector alto do val, posuíndo unhas altitudes comprendidas entre os 400 e os 200m. A cobertura do val caracterízase por unha forte pegada rural, resultado da composición de terras de cultivo, pequenos núcleos de poboación, escasas estradas. Localizándose en dita unidade os núcleos de poboación de: A Aldea, O Campo, O Viso, A Mouta, A Lobadiña, Porteliñas, Vilariño, Bonaval (na parroquia de Burgueira), Refoxos, Loureza, Barrionovo e Acevedo (pertencentes a parroquia de Loureza). A actividade desenvolvida nesta unidade de relevo vén caracterizada por unha forte impronta agrícola, tanto nas funcións de autoconsumo como na produción de cultivos de extensión –froita, vides, planta e flor-, atopándose non só no fondo do val, senón tamén ascendendo polas ladeiras da serra do Argallo (ata os 150m. aproximadamente).

Por ultimo mencionar a derradeira unidade, ao igual que as anteriores, situada ao leste do concello é a *serra do Argallo*. Posúe unha orientación norte-sur, pechando o val do Tamuxe cara o límite cos termos municipais tomiñés e rosaleiro, presentando altitudes que oscilan entre os 400 e os 500m.

As catro unidades morfolóxicas e de paisaxe configuran unha diversidade altitudinal manifesta, que vai dende o nivel do mar ata os 663m. do alto da Groba, os 610m. do alto do Lousado e os 519 do alto da Pedrada. As pendentes son moderadas ou chans na penechaira interior, incrementándose notablemente nas escarpadas abas da vertente occidental da serra da Groba e os montes da Valga.




Fig. 41. Mapa de altitudes cada 25m..




Fig. 42. Mapa litolóxico.

#### • Xeoloxía

Os materiais xeolóxicos presentes na superficie do concello de Oia son maioritariamente as rochas ígneas.

Na zona litoral fundamentalmente atópase dominada por rochas de carácter sedimentario, principalmente de orixe cuaternario, derivadas dos conos de dexección paralelos á aba da serra da Groba, presentando unha composición litolóxica moi variada estando relacionada directamente co propio substrato rochoso do seu entorno. Tamén hai que salientar a existencia nesta franxa costeira de terrazas mariñas, antigamente somerxidas baixo o nivel do mar e sacadas á superficie en épocas xeolóxicas recentes, que se localizan no límite exterior da banda sedimentaria cara ao mar.

No interior do concello tamén se identifican áreas de rochas sedimentarias procedentes dos conos de dexección procedentes nas abas das serras da Groba máis do Argallo, así como no val por onde discorre o río Tamuxe.

Como xa se referiu ao principio do apartado, as rochas ígneas é a predominante en todo o territorio, principalmente localízanse en toda a zona central do municipio, tanto na serra da Groba como nos montes da Valga, formado por un bloque tectónico granítico de dúas micas, atopándose arrasado pola erosión na súa parte alta. De forma máis puntual aparecen espalladas zonas de rochas filonianas, formadas por diques ácidos, así como anfibolitas, destacando sobre todo na serra do Argallo, onde aparecen en superficies abundantes diques ou filóns cuarcíticos, que son rochas moi duras de cor branca que resaltan na paisaxe forestal e de mato desta serra.

#### • Hidroloxía

A pesar de formar parte da comarca do Baixo Miño, Oia é o único concello que non está bañado polo río Miño, aínda que a metade do seu territorio pertence á conca do Miño, e que por el discorre o río Tamuxe, e a outra metade pertence á conca litoral onde se localizan pequenos ríos que desembocan directamente no océano.

A conca do Miño, correspondente ao territorio oiense, participa o río Tamuxe. O Tamuxe, ou Carballo, é un afluente do Miño no seu tramo final, nacente no propio concello de Oia e rega o val do Rosal, desembocando na Ribeira rosaleira no lugar de Pías. O Tamuxe é un río de grande interese natural en toda a súa conca, presentando unhas marxes fluviais con bosques de ribeira en diferentes graos de conservación; con tramos con importantes exemplares de carballos e sobreiras, se ben nalgúns tramos son os eucaliptos os que invaden as súas marxes. Presenta un caudal abondoso para o aproveitamento dos recursos hídricos, nomeadamente muíños e aceñas.

A segunda das concas drena a vertente occidental da serra da Groba, sendo todos ps seus ríos e regos de curto percorrido e forte pendente. En

lonxitude e caudal salienta o río de Mougás, e o seu tributario o regato das Carbaniñas, labrando un val de certa importancia. Seguindo cara ao sur atópase o río de Viladesuso ou río Broi que desemboca en Porto Senín; este río colle varios muíños, así como unha estreita fila de vexetación de ribeira. O seguinte río na costa é o de Vilar ao que lle segue o rego Lavandeira que discorre en paralelo ao cenobio de Santa María de Oia.

#### • A paisaxe

A paisaxe é dificilmente ponderable debido ao seu carácter subxectivo afectado por factores sociais, culturais e perceptivos. A definición, que no Convenio Europeo da Paisaxe (2000) se lle dá á mesma, é que “por «paisaxe» entenderase calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos” (p.2).

Seguindo as unidades morfolóxicas mencionadas no comezo do capítulo, así como nos distintos apartados, serán as mesmas que definirán as grandes unidades da paisaxe de Oia; para elo se combinarán factores xeomorfolóxicos, naturais e históricos.

A paisaxe litoral, preséntase na franxa costeira (zonas infralitorais, intermareais e supralitorais) como o espazo comprendido entre o mar e a terra firme; conta cunha anchura de pouco máis dunha ducia de metros, configurando o que se deu en chamar costa rochosa propiamente dita e a planicie ou rasa onde campos de cultivo e pastizais e canaverais cos seus muros de pedra se complementan coa costa rochosa e o océano Atlántico; esta rasa, máis ou menos transformada, acolle o asentamento espallado pousado no trazado da estrada PO-552. Nesta paisaxe litoral, salientan con valores de calidade, as ladeiras abruptas das montañas cara ao mar, os pequenos vales agrícolas e os núcleos de poboación de orixe preindustrial.

A paisaxe da serra da Groba é outra das unidades paisaxísticas onde se diferencian as fortes pendentes da súa vertente occidental fronte ás máis leves da oriental. Nesta paisaxe salientan igualmente os frecuentes afloramentos rochosos que culminan a liña de cumios e algunhas das ladeiras desta unidade. Dende a costa as serras presentan un aspecto ameazador, precipitándose bruscamente sobre o mar, pola contra as zonas altas son case chás e están cubertas de bosques de piñeiros alternados con zonas de braña, matos e pasteiros. Os pasteiros das zonas altas serven de alimento a unha importante cabana de cabalos e vacas en réxime de semiliberdade dispersos polos montes.

Toda a serra é unha unidade paisaxística con vistas panorámicas que acadan a costa e a serra do Argallo.

A paisaxe do val do Tamuxe, localizada na zona interior, é a que garda relación coa paisaxe do val rosaleiro. Esta unidade é a que suscita o maior interese dende a caracterización dos espazos rurais preindustriais agrarios.


Por último, a paisaxe da serra do Argallo, atópase no extremo leste no concello, desenvolvéndose en altitudes comprendidas entre os 400 e 500m., salientando a súa extensión de foresta así como as dúas canteiras que se localizan deturpando as ladeiras.

• Usos do solo

O municipio de Oia debido a súa extensión e as súas características territoriais, a maioría da súa superficie é empregada con uso forestal, cun total de 3.928,78 Has.

Os núcleos de poboación desenvólvense na súa maioría nas áreas destinadas a prado e a mato, que por regra xeral coinciden coas zonas con mellores condicións para os asentamentos rurais xa que se localizan fóra das áreas de fortes pendentes.

Hai que salientar que as propias condicións xeográficas así como o uso que se lle aplica ao solo, é propicio para que os asentamentos de poboación atópanse dispersos por todo o territorio en pequenas densidades.



- USOS**
- CULTIVOS ANUAIS EN MAIORÍA E VIÑEDO
  - PRADOS
  - PRADOS EN MAIORÍA E CULTIVOS ANUAIS
  - PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E CADUCIFOLIAS
  - PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E MATO
  - EUCALIPTO E PIÑEIRO
  - EUCALIPTO, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS
  - MATO
  - MATO E ESPECIES MADEREIRAS
  - MATO-PASTEIRO
  - MATO-PASTEIRO CON ROCHA
  - ROCHEDOS COSTEIROS
  - MINAS

Fig. 43. Mapa usos de cubertas.

### 3.2. Evolución Histórica

#### • A Prehistoria e os primeiros asentamentos

A ocupación polo ser humano do municipio de Oia remóntase a tempos prehistóricos, xa que son numerosas as pezas de carácter paleolítico que localizáronse en diferentes lugares do municipio. Asimesmo é abundante o material lítico que as mareas van pondo ao descuberto na terraza de cantos rodados que é visible ao longo da costa de Oia. Sen embargo as construcións máis antigas que identificamos na paisaxe, son as mámoas: os túmulos funerarios que se reparten na zona alta da serra da Groba entre as parroquias de Burgueira e Loureza.

A partires deste momento obsérvase unha gran vitalidade da que son testimoio os innumerables conxuntos de petróglifos distribuídos a todo ao longo do territorio municipal.

Salientándose na franxa costeira o enclave de A Cabeciña (dado a coñecer no ano 1992), con representacións que lembran as das cámaras funerarias bretonas, os gravados de Pousadela ou Pedra dos Chetos (referenciado no ano 1992), os petróglifos do Alto do Morouzo (referidos por primeira vez no ano 1926 polo xesuíta Eugene Jalhay), o conxunto de gravados de Auga dos Cebros (descuberto no ano 1914) de excepcional importancia pola presenza de embarcacións semellantes as que coñecemos no Mediterráneo que nos falan de navegacións e relacións comerciais entre o “Mare Nostrum”, e as costas atlánticas, e por último, o espazo arqueolóxico da Pedreira (aparecendo as primeiras referencias no ano 1992).

Na zona da montaña salientan: o conxunto denominado A Pedra Escrita (localizada no verán do 1995) cunhas das figuras laberínticas máis destacadas do NO peninsular, as combinacións de gravados circulares en Bonaval, os gravados rupestres e axedrezados no entorno de A Portela, e por último, os petróglifos cuadrangulares e figuras animais da Valga, en Loureza.




Fig. 44. Anaco do petróglifo de A Cabeciña.



Fig. 45. Sección do petróglifo de Auga dos Cebros.




Fig. 46. Mapa dos gravados rupestres en Oia.




Fig. 47. Mapa dos primeiros asentamentos.



Fig. 48. Restos das salinas galaico-romanas no Porto de Mougás.

Os petróglifos sóense asociar aos inicios da metalurxia no Noroeste da península ibérica pola presenza de gravados con representacións de armas, dándonos pé para seguir a falar destas actividades na zona polo achado dun depósito de hachas do final da Idade de Bronce na parroquia de Mougás, hoxe no Museo de Pontevedra.

A nivel asentamentos, ao igual que cos gravados rupestres, é sorprendente comprobar que na franxa costeira é onde maior número de asentamentos existen. Ata o momento non se pode confirmar a datación dos poboados, nin que todos se atopasen ocupados ao mesmo tempo, xa que polo momento só un deles atópase en proceso de escavación (A Cabeciña en Mougás) e polo momento os achados atopados remontan o xacemento a Idade de Ferro.

#### • Os asentamentos galaico-romanos



Fig. 49. Pía galaico-romana localizada en Bouza Fariña (Mougás) no ano 1896.

No período galaico-romano, tamén localizan unha serie de asentamentos presentes no territorio, principalmente na franxa costeira (como se observa no plano anterior), como son: o poboado de “A Cividade” e o castro de “As Chás” ambos en Mougás; “Os Castros” en Serraseca e “A Cividá” en Preáns na parroquia de Viladesuso; “O Castro” de Pedornes e “O Castro” do Vilar ambos na parroquia de Pedornes; e por último mencionar o “Castro do Bosque” en Oia.

Existen restos deste período que se atopan en diferentes museos da provincia, como por exemplo a Pía de Mougás, exposta actualmente no museo de Pontevedra, atopada en Bouza Fariña no ano 1896 e dada a coñecer polo médico D. Francisco Novoa Álvarez; trátase dunha pía de sacrificios realizada en granito, toscamente labrada e cunha altura aproximada dun metro, presentando a seguinte inscrición: SILI EORINI HO. S. LACVVS (ver anexo documentación histórica, onde se presenta o artigo co cal o D. Novoa comunica o achado ao xornal “La Voz del Tecla”). Así como a Ara Romana atopada en Viladesuso, que se expón no Museo Diocesano de Tui. Sen esquecer os restos das Salinas dentro do Porto de Mougás moi similares ás sacadas á luz este verán no Seixal na Guarda.

#### • As fortificacións medievais




Fig. 50. Restos da antiga Camboa situada os pes do Mosteiro.

Xa na etapa medieval hai que salientar a existencia de restos de dous recintos amurallados, ambos na zona alta do municipio. O primeiro a mencionar trátase dun asentamento fortificado localizado no monte Castelo en Burgueira. Situado nunha zona elevada a través da cal se divisa todo o territorio agrícola que o rodea, presentando un aspecto de lugar de refuxio sobre a contorna. Como ben cita Jaime Garrido Rodríguez, “la importancia que (...) debió tener en los tiempos medievales, la caracteriza el asentamiento de distintos monasterios en los alrededores del Castelo de Torroña: Barrantes a 4,6 km, Loureza a 5, Oia a 6, Tomiño a 7,3 e Donas a 76” (2001, p.167). Na actualidade identifícanse restos do recinto fortificado, distinguindo nalgúns puntos o espesor das murallas. A pesar da inexistencia de documentación histórica que acredite a existencia dun castelo nese lugar, son múltiples os investigadores que din que se trata dos restos do castelo de Turonio.

O segundo recinto fortificado localízase no límite entre Oia e Tomiño, tamén na parroquia de Burgueira, trátase do recinto amurallado da Madalena ou Monte da Pedrada, no punto máis elevado a serra do Argallo. De dimensións considerables, identifícase como o segundo máis grande, tralo Monte Aloia, do Baixo Miño. Presenta carácter defensivo cunha configuración bastante primitiva.

En ámbolos casos, este tipo de fortificacións poden remontarse a época das invasións suevas no século V ou como defensa as incursións arábés o longo dos séculos VIII, IX e X.

#### • Os Mosteiros asentados en Oia

En todo o territorio municipal existe constancia escrita de dous mosteiros, aínda que na actualidade só se conserva un: o Mosteiro de Santa M<sup>a</sup> de Oia.

O primeiro en citar será o xa desaparecido Mosteiro de Loureza, do cal non existe ningunha documentación que acredite a súa antigüidade nin a súa localización exacta dentro da parroquia de Loureza. O que si é verídica é a súa existencia, xa que hai constancia escrita do mesmo no “Tumbo Viejo” (1627) do Mosteiro de Santa M<sup>a</sup> de Oia, no cal se recolle unha escritura do Bispo e Cabildo de Tuy a D. Pedro Abad, onde se di:

Monasterio «Luisense» (...) o Loureza, el que fué antiquísimo y de monjes negros que pos estar en tierra áspera, estrecha y fragosa, le dejaron, y cayó y consumió, que no quedó nada de él; y así lo da bien a entender esa escritura del Obispo y Cabildo de Tuy en aquellas palabras: (...) donde (...) llama «Iglesilla» y que la comenzaban a poblar y hacer Monasterio; que no lo dijera si el dicho Monasterio estuviera en pío y poblado. (Ameal, 1952, p.83)

O que tamén está claro é que os seus monxes foron reagrupados con outros dous grupos de monxes ermitáns existentes no territorio: San Cosme e San Damián (Baiona) e os de Santa María de Oia, baixo a autoridade de D. Pedro Laiciense, pasando os bens e privilexios dos tres grupos á nova comunidade creada na costa de Oia (onde se localiza na actualidade) baixo a regra de San Bieito –monxes negros- en torno o ano 1137.

O segundo cenobio, o máis importante sen dúbida para o desenvolvemento do municipio, é o Mosteiro de Santa M<sup>a</sup> de Oia. Situado no vértice dunha pequena enseada na costa de Oia e próximo ao barrio do Arrabal, presenta a peculiaridade de ser o único mosteiro da orde do Cister que se atopa a carón do mar, ademais de posuír unha estrutura de mosteiro-fortaleza, o que lle dá gran importancia dentro da arquitectura cisterciense española.

As orixes do cenobio son bastante difusos, xa que certos historiadores nomean como fundador o propio San Martín Dumiense no ano 569 e outros a San Fructuoso de Braga no século VII. Pero a pesar destas suposicións o que está comprobado a través de documentación que o rei Alfonso VII o 23 de abril do 1137 deulle ao mosteiro os seus primeiros privilexios. Como se




Fig. 51. Fachada da Igrexa do Mosteiro de Oia, finais do s. XIX.



Fig. 52. Cruceiro na Eira do Convento, finais s.XIX.




Fig. 53. Plano posesións do Mosteiro de Oia, con respecto o ano da súa doazón.

referiu anteriormente, o mosteiro conformouse polo agrupamento de tres grupos de monxes eremitáns baixo a regra de San Bieito ata 1185, que se incorporarán á orde do Cister –monxes brancos–.

Xa dende os comezos do mosteiro as súas posesións foron considerables (como se mostra no seguinte plano). A primeira doazón, do rei Alfonso VII, tratouse de parte da igrexa de Baiona e A Guarda; a totalidade de Mougás, Pedornes, Burgueira, Loureza e O Rosal. O mesmo Alfonso VII no verán dese mesmo ano, doa a vila de Erizana (actual Baiona) e o dereito de cobrar aos veciños da vila a botar navíos, carabelas e dornas ao océano. Ademais de outorgarlle os títulos de «Real» e «Imperial» de Oia. Seguindo a xenerosidade do seu proxenitor, Fernando II de León, cédelle os cotos de Malvas, Randufe, Gomariz e Casal. As súas posesións seguiron en aumento debido ás doazóns dos respectivos reis, ata o punto que no 1268, o propio Alfonso X «El Sabio» outórgalle o privilexio de poder vulgar os seus propios cotos.

Uns anos despois Sancho IV, no 1285, autoriza aos monxes a poboar o seu coto cerca do mosteiro con vinte pescadores. (o que nos dá a entender a existencia xa naquel momento do barrio do Arrabal).

O 2 de decembre de 1820 os monxes son expulsados do mosteiro e non puideron regresar ata 1823, unha vez que é abolida por Fernando VII a Constitución.

En 1836 é o final do mosteiro con a lei de Desamortización de Mendizábal. O derradeiro abade é D. Angel Amores.

Desta etapa se conservan os inventarios previos ás subastas, nos que se recollen datos do estado das dependencias do mosteiro, así como a relación dos bens conservados.

A súa venta realízase en 1844 a Jose María López representante de Fernando Fernández Casariego de Madrid que o venderá pouco despois a Joaquín Alonso, natural de A Garda, que intentou recibir as rendas dos veciños incluídas no mesmo lote do cenobio. Pero os usuarios das terras se negaron a pagar as rendas chegando ata a incendiar o mosteiro.

En 1910 Joaquín Alonso acabou cedendo ás presións e abandonou o mosteiro alugándoo a un grupo de Xesuítas expulsados de Portugal.

En 1932 todos os bens da compañía de Xesús incluíndo por erro o mosteiro de Oia son expropiados; pasando a ser ben municipal con o alcalde como representante.

Durante os anos da Guerra Civil, o mosteiro funcionou como cárcere chegando a albergar ata 1000 presos.

Ao finalizar a guerra, a familia Alonso recupera a propiedade vendéndolla pouco despois aos irmáns Gabriel Bouso Arias (prelado doméstico da Súa Santidade) e Daniel Bouso empresario cinematográfico; chegando a ser empregado como escenario de gravación de películas.

En 1973 serán José González Troncoso e a súa esposa María Paz Troncoso os propietarios, pasando nos anos 90 á familia Massaveu, no ano 2000 ao Banco Pastor e finalmente, catro anos despois a Vasco Gallega de Consignaciones (actual propietario co nome Residencial Monasterio de Oia).



Fig. 54. Claustro do Mosteiro de Oia. Finais s. XIX.



Fig. 55. Vista do Mosteiro dende a estrada nacional. Finais s. XIX.




Fig. 56. Vista da rúa Vicente López cara o mosteiro. Finais s. XIX.

#### • Os asentamentos rurais en Oia

Como xa se referiu nos apartados anteriores, a existencia de núcleos de poboación en Oia remóntase á Idade Primitiva. Aínda que estes asentamentos foron desprazándose para emprazamentos máis axeitados para a vida en comunidade.

As primeiras documentacións escritas que existen sobre os núcleos do municipio de Oia son tanto nos tumbos do propio Mosteiro de Oia, como nas rendas forais.

A partir da obra, *El Bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*, de M<sup>a</sup> del Carmen Pallares e Hermelindo Portela na que se efectúa unha análise da documentación existente sobre o Mosteiro e a Diócesis de Tui, realizan un plano coa toponimia máis empregada nos documentos analizados nos séculos do seu estudo. Mediante o cal observaremos que todos os asentamentos rurais do municipio de Oia aparecen citados nos documentos no século XII, polo tanto pódese afirmar que a antigüidade dos mesmos é anterior.

A partir das rendas forais (principalmente no “Foral Blanco” e “Foral Sellado”), obtívose información sobre a súa datación, a súa localización así como das súas características tanto construtivas como espaciais. Como é o caso da descrición que se realiza da casa-vivenda localizada no Arrabal que actualmente alberga unha casa rural (ver capítulo 4 no apartado do Arrabal a ficha de inventario nº16) onde se di sobre a mesma:

... una casa nueva que tenéis hecho y fabricado con licencia nuestra en dicho Arrabal en donde habitáis que es hecha de sobrado con su bodega y eira por delante a la entrada de dicha casa hay una estercolera más adelante que dicha casa tiene una sala y una alcoba y cuarto de la cocina portada y fechada según que dicha eira y cerrada y circundada a la entrada de dicha casa por la parte del Norte que por dicha parte entesta con la cruz de piedra que está en medio de dicho Arrabal frente de la casa de la cárcel y del Naciente del Sol y Vendaval parte dicha casa con caminos que bajan dende el lugar de la Cabreriza y casa de Alonso Álvarez para la Estrada Real y de Poniente del Sol con la misma Estrada Real que va de nuestro Monasterio para la Villa de La Guarda la cual dicha casa y eira y estercolera vos aforamos... (Foral sellado, 1686, p.427)



Fig. 57. Cárcere de homes (nun primeiro plano a esquerda) e a cárcere de mulleres a continuación.

Outra fonte serviu para coñecer as características e as dimensións dos núcleos a estudar é o Catastro de Ensenada, onde no seu capítulo vintedous menciónanse o número de casas existentes nese momento e o seu estado así como o número de muíños e a súa propiedade (ver no anexo documentación histórica a folla do catastro de cada núcleo a estudar). Por regra xeral este tipo de documentación atópase realizada por parroquias, pero no caso do barrio do Arrabal non é así, xa que se atopa desvinculado da

súa parroquia o que denota a importancia do barrio no propio municipio. Con respecto ao mesmo o Catastro de Ensenada menciona: “En la citada feligresía hay ciento y ochenta y cuatro casas habitables, diez y seis inhabitables y cuatro arruinadas sin que por el establecimiento en su suelo se pague cosa alguna” (p.279).

A derradeira información documental a citar é o Inventario do Mosteiro de Oia do ano 1835, onde se fai referencia a catro casas-vivenda posesións do propio mosteiro no barrio do Arrabal. Dúas delas, identificadas aínda na actualidade, preséntanse ancoradas e eran ambas empregadas como cárceres: unha de mulleres e outra de homes (correspondentes coas fichas do inventario nº24 e nº25 respectivamente); na terceira construción mencionada localizouse o terreo pero xa non presenta ningunha das poucas características construtivas que en dito inventario se refiren; no caso da última casa-vivenda a través dos datos aportados, en respectivo documento, foi imposible a súa identificación.

En resumo, é aceptado remarcar a antigüidade dos asentamentos no propio concello de Oia, así como as construcións existentes en ditos núcleos. É lóxica a existencia de maior número de documentación e de mellores características descritivas sobre o barrio do Arrabal debido á proximidade co propio mosteiro, o que non implica que o resto dos núcleos do propio concello non presenten construcións da mesma antigüidade ou superior.



Fig. 58. Vista dende a praza da Centinela. Finais do s. XIX.



Fig. 59. Barrio do Arrabal. Principios do s.XX.



Fig. 60. Barrio do Arrabal na actualidade (2015).

## 4. Inventario

---



Para efectuar unha análise das características propias da Arquitectura Popular en Oia cómpre realizar un inventario das construcións populares existentes no municipio.

De aí a importancia do presente capítulo, nel desenvolveranse as fichas do inventario dos distintos núcleos a estudar coa idea de poder captar as singularidades da Arquitectura Popular.

Realizarase nun primeiro momento unha selección das construcións que posúan ditas características tanto morfolóxicas como construtivas, así como outros aspectos como a data da súa construción e o seu estado na actualidade.

Debido a imposibilidade dun levantamento planimétrico de todas as casas-vivenda a inventariar (núcleo do Arrabal de trinta e tres edificacións só tense acceso a seis; en A Portela de trece casas-vivenda só permitiuse o acceso a tres; e no barrio do Eido de Abaixo de catorce vivendas a inventariar só tense acceso a cinco delas), as fichas de inventario centraranse en aspectos exteriores das edificacións a través dos cales podanse identificar as singularidades así como unha lectura a nivel de conxunto dos núcleos. Con respecto ás construcións adxectivas, derivado escollo das casas-vivenda determinase non efectuar o levantamento planimétrico das mesmas para proseguir coa mesma coherencia en todo o traballo.

Nun segundo paso procédese a presentar a inventariación da Arquitectura Popular existente en Oia mediante as fichas do inventario.



### 4.1. O Arrabal

A pesar de tratarse dunha costa de treito totalmente rectilíneo, batido polo mar e o vento, o que con leva que se trate dun medio hostil para a ocupación humana, con densidades de poboación baixas (Caamaño, 2003). O barrio do Arrabal, trátase do único núcleo tradicional asentado neste treito de costa, presentando unha poboación concentrada e cunha xeografía accidentada, recoñécese como un dos exemplos máis singulares dos denominados pobos en anfiteatro situado na aba dunha montaña. Acompañando as vivendas e as rúas principais á propia costa. Debido ás características do seu terreo en costa, xorden os socalcos agrícolas, tan predominantes no Baixo Miño. Observándose as formas, as dimensións das rúas e das propias construcións maniféstase a capacidade e a preocupación que a poboación tivo para adaptar a propia paisaxe ás súas necesidades.



Fig. 61. Vista do núcleo do Arrabal dende O Castro de Chavella.



Fig. 62. Plano da mancha edificada do barrio do Arrabal.

Hai que salientar a presenza do Mosteiro de Santa M<sup>a</sup> de Oia no propio núcleo xa que foi crucial para o desenvolvemento de innumerables enxeños no propio pobo, como é a camboa (unha construción que servía para a captura de peixe no propio porto coa baixamar), así como a canalización do río para o aproveitamento da auga tanto para a moenda do gran nos muíños como para a rega dos cultivos.



Fig. 63. Barrio do Arrabal visto dende a praza de Armas do Mosteiro.

#### 4.1.1. Criterio de selección das construcións a inventariar

Á hora de seleccionar as construcións a inventariar dentro do núcleo do Arrabal, para a elección das casas-vivenda a identificar teranse en conta os datos referidos a antigüidade das casas-vivenda mencionado nas fichas do Catastro, o voo americano de 1956 e por último a observación directa sobre as mesmas así como a través de entrevistas semidirectivas para poder constatar a veracidade de certas casas-vivenda que non se teña clara a súa datación. O resto das construcións identificaranse a través da observación así como a través das mesmas entrevistas.

##### CATASTRO

Segundo os datos obtidos a partir das fichas do Catastro, o barrio do Arrabal posúe corenta e catro casas-vivenda que datan de antes do ano 1900.



Fig. 64. Voo Americano sobre o barrio do Arrabal, 1946.



Fig. 65. Plano realizado mediante os datos do Catastro.

##### VOO AMERICANO

A través do fotograma aéreo do voo americano do ano 1956 identifícanse as construcións existentes naquela época para despois poder constatar se aínda se atopan esas mesmas edificacións na actualidade.




Fig. 66. Voo Americano sobre o barrio do Arrabal, 1956.



Fig. 67. Plano efectuado mediante a observación do voo americano.

### Casas-vivenda a inventariar

Despois da análise dos datos obtidos mediante o catastro e a imaxe aérea do voo americano identifícanse un total de corenta e catro casas-vivendas que son propensas a súa inventariación, quedando un total de dezanove casas-vivendas excluídas xa que tanto a pesares de aparecer referidas nas fichas do catastro como anteriores ao ano 1900 e identificarse no voo americano, mediante a observación no local constátase que estas construcións xa perderon a maioría das características propias da arquitectura popular. Ademais identifícanse dúas casas-vivenda que a pesar de non atoparse rexistradas no catastro cunha datación anterior o ano 1900, mediante documentación histórica referida ás rendas forais, así como en imaxes históricas (documentación aportada no anexo documentación histórica), constátase que a súa datación é anterior a data sinalada. Outras catro construcións foron seleccionadas, xa que se constatou mediante a observación directa a existencia de características propias da arquitectura popular e a través das entrevistas, púidose verificar que a súa antigüidade era anterior á mencionada no catastro.



Fig. 68. Plano das casas-vivenda a inventariar e as construcións descartadas.

En resumo, no núcleo do Arrabal identifícanse trinta e unha casas-vivendas que presentan características propias da arquitectura popular galega, das que a continuación efectuarase a súa inventariación.

### Construcións adxectivas a inventariar

Despois da observación directa a sobre o barrio do Arrabal identifícanse tres tipoloxías de construcións adxectivas: construcións de almacenamento, o hórreo; construcións de aproveitamento doméstico, a fonte; e construcións de carácter relixioso ou simbólico, os cruceiros.

De todas elas a máis extendida polo núcleo é o hórreo con vinte exemplares, dos cales, debido a súa localización e a imposibilidade dunha observación completa sobre os mesmos, só procederase a inventariación de quince exemplares.

Con respecto ás outras tipoloxías mencionadas, a fonte e o cruceiro, identifícanse só dous exemplares de cada un. No caso das fontes descartouse a súa inventariación por carecer de interese constructivo ou arquitectónico; e os cruceiros debido o seu carácter simbólico e de non estar relacionados con o desenvolvemento da vida familiar, decidiuse non proceder o seu inventario.



Fig. 69. Plano das construcións adxectivas a inventariar e as descartadas.

#### 4.1.2. Inventario da Arquitectura Popular no núcleo de O Arrabal

---





## 1. DATOS XERAIS:

Localización: r/ Párroco Don Claudio Rodal, 5  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 0302201NG1500S0001RX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Vivenda + estanco  
 Estado de conservación: Bo  
 Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella mixta con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- As fiestras do piso terreo son de dúas follas acristaladas dun só corpo, no primeiro andar atópase as chamadas portasdaire con bastidor en aluminio natural; as portas son de dúas follas en táboas de madeira pigmentadas en cor marrón.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles





Fig. 2: Fotografía actual fachada oeste



Fig. 3: Fotografía de finais do s. XIX



Fig. 4: Fotografía de mediados do s. XX



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: r/ Párroco Don Claudio Rodal, 7  
Data de construción: 1900  
Ref. Catastral: 0302202NG1500S0001DX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda + peluquería  
Estado de conservación: Bo  
Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella mixta con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica no piso terreo, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño. O primeiro andar atópase enfoscado en cemento con pintura plástica de cor granate.
- As portas do piso terreo son dun só corpo acristalado ópaco con bastidor de PVC, no primeiro andar atópase con fiestras de dúas follas acristaladas dun só corpo con bastidor de PVC. Presenta persianas de PVC.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual fachada oeste



Fig. 3: Fotografía de mediados do s.XX



Fig. 4: Fotografía de finais do s. XX



O Arrabal

03

**1. DATOS XERAIS:**

Localización: r/ Párroco Don Claudio Rodal, 9  
 Data de construción: 1875  
 Ref. Catastral: 0302203NG1500S0001XX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

**2. DATOS ESPECÍFICOS:**

Propiedade: Pública  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Casa do Concello  
 Uso actual: Oficina de Turismo  
 Estado de conservación: Bo  
 Protección: Non

**3. DATOS MORFOLÓXICOS:**




Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Non

**4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:**

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella mixta con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- A porta do piso terreo é de dúas follas acristalados dun só corpo con bastidor de PVC branco, existe unha cristalera cos mesmos materiais. A fiestra do piso terreo é de dúas follas cun só corpo acristalado con bastidor de PVC branco. No primeiro andar existen dúas fiestras de dúas follas dun só corpo acristalado en aluminio natural e unha portadaire de dúas follas cun só corpo co mesmo acabado cás anteriores.

**5. OBSERVACIÓNS:**

Datos obtidos mediante observación directa.





## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 12  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0302205NG1500S0001JX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada (obispado)  
Alcume da casa: Casa do cura  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda  
Estado de conservación: Obra parada  
Protección: Si

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:


Tipoloxía: Vivenda illada  
Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar + baixo cuberta  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta en forma de L, a dúas augas con baixo cuberta realizada con tella mixta con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica no piso terreo, traballados con cantería encintado con argamasa de cemento. Posúe unha solaina na fachada principal con acabado en pedra, no alzado sur posúe un acceso mediante patín en pedra. O baixo cuberta atópase enfoscado con acabado en cor branco.
- A porta do piso terreo é de dúas follas en madeira acabado en pintura plástica cor verde. No primeiro andar os ocós atópanse tapiados en ladrillo. No baixo cuberta as fiestras son de dúas follas dun só corpo acristalado con bastidor de PVC en cor marrón. Tamén posúe aberturas acristaladas en cuberta.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.





### 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 3  
 Data de construción: 1537  
 Ref. Catastral: 0302206NG1500S0001EX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa: Casa Henriqueta  
 Uso orixinal: Vivenda + corte  
 Uso actual: Restaurante  
 Estado de conservación: Moi bo  
 Protección: Si (PXOM en proceso)

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Alpendre + hórreo

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta en tres augas en forma de L, realizada con tella do país con sistema de recollida de auga en aluminio. O forxado da cuberta é en madeira.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño. As fachadas norte e oeste atópanse enfoscadas con mortero de cor granate.
- As portas do piso terreo son de dúas follas cun só corpo acristalado con bastidor en madeira. As fiestras son de dúas follas con tres corpos acristalados en bastidor de madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual fachada norte



Fig. 3: Fotografía actual fachada oeste





Fig. 4: Fotografía de finais de s. XIX



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0302006NG1500S0001KX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa: Casa da Ferreira  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Ningún  
Estado de conservación: Ruínas  
Protección: No

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Piso terreo + soto  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta dúas augas, realizada con tella do país. Con forxado en madeira.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cantería encalada. As xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño. Posúe unhas escadas que dan acceso o soto.
- A porta do piso terreo é dun corpo en madeira en acabado metálico. As fiestras son de dous corpos acristalados con contras. No soto a porta é táboas de madeira.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual fachada este



Fig. 3: Fotografía actual fachada oeste



O Arrabal

07

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 14  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 0302009NG1500S0001XX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa: Casa da Antona  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Vivenda + almacén  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Si (PXOM en proceso)

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa:

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta en tres augas, realizada con tella do país. O forxado da cuberta é en madeira.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cantería encalado. Posúe un patín en pedra que dá acceso a casa-vivenda.
- A porta do piso terreo é dun corpo con poxigo feita en táboas de madeira. A porta do primeiro andar é dun corpo con táboas de madeira. As fiestras son de dous corpos acristilados en bastidor de madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.





Fig. 2: Fotografía actual fachada norte



Fig. 3: Fotografía actual fachada este





Fig. 4: Fotografía de finais do s. XIX



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 16  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0302010NG1500S0001RX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa: Casa da Abelardo  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Almacén  
Estado de conservación: Deteriorado  
Protección: No

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta dúas augas, realizada con tella plana.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintada con argamasa de cemento. As xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño. Posúe un patín de dobre escada que dan acceso ao primeiro andar. O remate da cuberta atópase actualmente en ladrillo sen rematar.
- A porta do primeiro andar é dun corpo en madeira en táboas. As fiestras son de dúas follas correderas de aluminio branco. No piso terreo a porta é táboas de madeira.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual fachada este e sur



Fig. 3: Fotografía actual fachada oeste



Fig. 4: Fotografía actual callejón acceso



O Arrabal

09

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 28  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 0301103NG1500S0001DX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Vivenda  
 Estado de conservación: Moi bo  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Primeiro andar + soto  
 Construcións adxectivas da casa: Hórreo + alpendre

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella mixta con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- As fiestras son en PVC con acabado en verde.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.  
 Casa-vivenda analizada por Pedro de Llano (1983)




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles



Fig. 2: Fotografía actual fachada este





Fig. 3: Alzado realizado por Pedro de Llano, década dos 80.



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 30  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0301104NG1500S0001XX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda + almacén  
Estado de conservación: Bo  
Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Primeiro andar + soto  
Construcións adxectivas da casa: Hórreo + alpendre

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de pedra granítica no soto con un acabado en pintura plástica cor granate na fachada este. No piso terreo atópase con acabado en pintura plástica cor branca. A fachada oeste e sur están deterioradas. O acceso o primeiro andar faise mediante un patín.
- A porta do primeiro andar en con bastidor de aluminio natural. As fiestras son de dúas follas acristaladas dun só corpo con bastidor de aluminio natural.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual fachada este



Fig. 3: Fotografía actual fachadas sur e oeste



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 17  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 0301810NG1500S0001IX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Vivenda + almacén  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Alpendre

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño. A cuberta atópase elevada con acabado en argamasa de cemento. O acceso ao primeiro andar faise mediante un patín.
- As portas do piso terreo son de unha folla en madeira pigmentada, de acceso a casa-vivenda no primeiro piso é dunha folla con bastidor de aluminio natural e un área acristalada. As fiestra do primeiro andar son de dúas follas cun só corpo acristalado con bastidor aluminio natural.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles





Fig. 2: Fotografía actual fachadas norte e oeste



Fig. 3: Fotografía actual fachada oeste



Fig. 4: Fotografía actual da casa dende o c/ A Palma



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 15  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0301811NG1500S0001JX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda + almacén  
Estado de conservación: Bo  
Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar + segundo andar+ baixo cuberta  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas con baixo cuberta realizada con tella do país con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Presenta muros de pedra granítica no piso terreo e primeiro andar, traballados con cantería encintado con argamasa de cemento. O segundo andar e o baixo cuberta están realizados en tixolo enfoscado con acabado en branco. O acceso faise por unha escada paralela á fachada sur.
- A porta do piso terreo é dunha folla metálica acabada en pintura plástica cor vermella. No primeiro e segundo andar as fiestras son de dúas follas dun só corpo acristalado con bastidor de PVC en cor branco.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.





O Arrabal

13

**1. DATOS XERAIS:**

Localización: c/ Vicente López, 11  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 0301813NG1500S0001SX  
 Data de realización: 15 de Maio de 2015

**2. DATOS ESPECÍFICOS:**

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa: Casa do Fiscal  
 Uso orixinal: Vivenda + corte  
 Uso actual: Vivenda + almacén  
 Estado de conservación: Moi bo  
 Protección: Non

**3. DATOS MORFOLÓXICOS:**

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar + baixo cuberta  
 Construcións adxectivas da casa: Non

**4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:**

- Trátase dunha cuberta dúas augas, realizada con tella do país con sistema de recollida de auga en aluminio.
- Os muros do piso térreo e do primeiro andar de pedra granítica, traballados con cantería a fachada oeste e traballados en cachotería nas restantes fachadas. O baixo cuberta é de tixolo enfoscado en cor granate.
- A parte da galería atópase pechada con tixolo e fiestras.
- A porta do piso terreo é de dúas follas en madeira de cor branca. As fiestras son correderas en bastidor de aluminio branco.

**5. OBSERVACIÓNS:**

Datos obtidos mediante observación directa.



Fig. 2: Fotografía actual fachada oeste



Fig. 3: Fotografía actual acceso casa



Fig. 4: Fotografía actual fachada sur



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: c/ Vicente López, 12  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 0301815NG1500S0001UX  
Data de realización: 15 de Maio de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda + almacén  
Estado de conservación: Moi bo  
### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella mixta. Polo perímetro do muro de pedra apréciase as tellas do país da cuberta primitiva que sería a catro augas.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as fiestras e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- As fiestras son de unha e dúas follas con bastidor de aluminio branco, a porta de acceso tamén é do mesmo material.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.






Fig. 02: Fotografía actual, vista oeste





Fig. 03: Fotografía actual, vista norte

# Loureza

# 02



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: Loureza  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 36036A045004260001WW  
Data de realización: 9 de Xuño de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + almacén  
Uso actual: Vivenda  
Estado de conservación: Moi bo  
Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de pedra granítica vista, traballados en canteiría con encintado de argamasa.
- A porta do piso térreo en madeira. As fiestras e demais carpintería de PVC cor marrón. Os vans son dun único batente acristalado

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual, vista este



Fig. 3: Fotografía actual, fachada sur



Loureza

03

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045004810001WD  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Vivenda  
 Estado de conservación: Bo  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de pedra granítica, traballados con cachotería encintado con argamasa. Tanto as esquinas como as fiestras e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- As fiestras son de unha e dúas follas con bastidor de PVC cor marrón, a porta de acceso tamén é do mesmo material. Posúe portal das mesmas características que o resto da carpintería.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, detalle dintel porta



Fig. 3: Fotografía actual, vista este

# Loureza

# 04



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: Loureza

Data de construción: Anterior a 1900

Ref. Catastral: 36036A045004270000QP

Data de realización: 9 de Xuño de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada

Alcume da casa:

Uso orixinal: Vivenda + almacén

Uso actual: Vivenda + almacén

Estado de conservación: Moi bo

Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada

Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar + baixo cuberta

Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella mixta.

- Presenta muros de pedra granítica vista, traballados en canteiría con encintado de argamasa. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño.

- As fiestras e demais carpintería de PVC de cor verde. Os vans son de dous batentes acristalados.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual, vista este



### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Pousado, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045001420001WA  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa: Casa dos Diego  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Almacén + corte  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella do país sobre estrutura de madeira.
- Presenta muros de lousa. Tanto as esquinas como as fiestras e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- A fiestra é de dúas follas acristaladas con batente de dous corpos con bastidor de madeira, as portas do piso terreo e do primeiro andar son de madeira.
- No interior hai zonas que apreciase o encalado de cal e barro.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, fachada suroeste



Fig. 3: Fotografía actual, fachada sureste



Fig. 4: Fotografía actual, detalle interior

# Loureza

# 06



### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Pousado, Loureza  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 36036A045001420001WA  
Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa: Casa dos Diego  
Uso orixinal: Vivenda + corte  
Uso actual: Almacén + corte  
Estado de conservación: Deteriorado  
Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Hórreo + eira (terra) + lagar +alpendre

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella plana.
- Presenta muros de lousa, o primeiro andar atópase encalada con argamasa de cal. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño. Posúe zonas engadidas en ladrillo.
- As fiestras son de dous corpos batentes con bastidor en madeira. As portas, tanto piso térreo como primeiro andar, son en madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual, vista oeste

Fig. 3: Fotografía actual, fachada este

Fig. 4: Fotografía actual, lagar



Loureza

07

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Loureza

Data de construción: Anterior a 1900

Ref. Catastral:

Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada

Alcume da casa:

Uso orixinal: Escola de homes

Uso actual:

Estado de conservación: Ruínas

Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada

Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella do país sobre estrutura de madeira.
- Presenta muros de lousa. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- A fiestra é de dúas follas acristaladas con batente de dous corpos con bastidor de madeira.
- Obsérvase que o acceso ao primeiro andar efectuábase a través dun patín.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.





Fig. 2: Fotografía actual, fachada sur



Fig. 3: Fotografía actual, acceso



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: Eidos de Abajo, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045001050000QG  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + corte  
 Uso actual:  
 Estado de conservación: Ruínas  
 Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda ancorada  
 Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Non

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país, na actualidade posúe placas de fibrocemento.
- Presenta muros de lousa traballados en seco. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño.
- As fiestras son de dous corpos batentes con bastidor en madeira. As portas, tanto piso térreo como primeiro andar, son en madeira.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual, vista este



Fig. 3: Fotografía actual, vista suroeste



Loureza

09

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Eidos de Abajo, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045001070001WA  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa: Casa da Cancela  
 Uso orixinal: Vivenda  
 Uso actual: Vivenda  
 Estado de conservación: Bo  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Eira de pedra + hórreo

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de granito, recubertos con argamasa de cemento. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- A fiestra é de dúas follas acristaladas con batente de dous corpos con bastidor de aluminio natural. As portas son de madeira.
- Obsérvase que o acceso ao primeiro andar efectuábase a través dun patín lateral pola fachada oeste.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.



Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, vista noreste



Fig. 3: Fotografía actual, acceso alpendre

# Loureza

# 10



## 1. DATOS XERAIS:

Localización: Eidos de Abajo, Loureza  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral:  
Data de realización: 9 de Xuño de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa: Casa Maria da Senra  
Uso orixinal: Vivenda + corte  
Uso actual:  
Estado de conservación: Ruínas  
Protección: Non

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Hórreo

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de lousa traballados en seco. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño.
- Acceso ao primeiro andar mediante unha escadaria na fachada este.

## 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 2: Fotografía actual, vista este



Loureza

11

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Rochas, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045001260001WD  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Almacén  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Non

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de lousas traballados en seco, parte da fachada oeste presenta recobo. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- A fiestra é de dúas follas acristaladas con batentes de dous corpos con bastidor de madeira. As portas son de madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.



Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, vista este e sur




Fig. 2: Fotografía actual, vista este

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Rochas, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A0455001260001WD  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + corte  
 Uso actual: Corte + almacén  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Hórreo

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país, actualmente posúe enriba de dita cuberta un recubrimento de fibrocemento.
- Presenta muros de lousa traballados en seco, posuíndo na fachada este unha zona con reboco. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño.
- Carpintería de aluminio natural.
- Acceso so primeiro andar mediante unha escadaria na fachada este.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.



### 1. DATOS XERAIS:

Localización: Rochas, Loureza  
 Data de construción: Anterior a 1900  
 Ref. Catastral: 36036A045001300001WX  
 Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
 Alcume da casa:  
 Uso orixinal: Vivenda + almacén  
 Uso actual: Almacén  
 Estado de conservación: Deteriorado  
 Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

Tipoloxía: Vivenda illada  
 Nº de andares: Piso terreo + primeiro andar  
 Construcións adxectivas da casa: Non

### 4. SISTEMAS CONSTRUCTIVOS:

- Trátase dunha cuberta de dúas augas, na actualidade carece de cuberta agás na zona sur que posúe placas de fibrocemento.
- Presenta muros de lousas traballados en seco, parte da fachada sur presenta reboco. Tanto as esquinas como as xanelas e portas atópanse enmarcadas por pezas graníticas de maior tamaño.
- As fiestras son de dous corpos con bastidor en aluminio natural. As portas son de madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.




Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, vista este e norte



Fig. 3: Fotografía actual, vista este e sur

# Loureza

# 14



Fig. 1: Delimitación da parcela, extraída do documento de datos catastrais de bens inmobles




Fig. 2: Fotografía actual, vista este

### 1. DATOS XERAIS:

Localización: A Chaves, Loureza  
Data de construción: Anterior a 1900  
Ref. Catastral: 36036A045001510000QK  
Data de realización: 9 de Xuño de 2015

### 2. DATOS ESPECÍFICOS:

Propiedade: Privada  
Alcume da casa:  
Uso orixinal: Vivenda + corte  
Uso actual: Churrasco  
Estado de conservación: Moi bo  
Protección: Non

### 3. DATOS MORFOLÓXICOS:


Tipoloxía: Vivenda illada  
Nº de andares: Piso terreo+ primeiro andar  
Construcións adxectivas da casa: Non

### 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Trátase dunha cuberta a dúas augas realizada con tella do país.
- Presenta muros de granito traballados en canteiría a xunta seca. Os vans e os encontros están remarcados con pedras de maior tamaño.
- A única fiestra que posúe é de dous corpos acristalados con bastidor de madeira. As portas son de madeira.

### 5. OBSERVACIÓNS:

Datos obtidos mediante observación directa.



## 1. DATOS XERAIS:

- Localización:
- Data de realización:

## HÓRREO 1

c/ Loureza  
9 de Xuño de 2015

## HÓRREO 2

c/ Pousado, Loureza  
9 de Xuño de 2015

## HÓRREO 3

c/ Pousado, Loureza  
9 de Xuño de 2015

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

- Propiedade:
- Alcume da casa:
- Estado de conservación:
- Protección:
- Finalidade da construción:

Privada  
Só estrutura  
No  
Económico/  
almacenamento

Privada  
Bo  
No  
Económico/  
almacenamento

Privada  
Casa dos Diego  
Bo  
No  
Económico/  
almacenamento

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

- Tipoloxía:

Hórreo

Hórreo

Hórreo

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

- Estrutura de pedra.

- Estrutura en tixolo, con  
pés en pedra, as paredes  
son de tixolo.

- Cuberta en tella do país,  
celeiro en pedra, paredes  
en madeira e estrutura en  
tixolo.

## 5. OBSERVACIÓNS:

.

Datos obtidos mediante  
observación directa.

Datos obtidos mediante  
observación directa.

Datos obtidos mediante  
observación directa.

Ficha inventario casa-  
vivenda nº06




HÓRREO 01: Fotografía actual, vista este



HÓRREO 2: Fotografía actual, vista suroeste



HÓRREO 3: Fotografía actual, vista norte e oeste



## 1. DATOS XERAIS:

- Localización:
- Data de realización:

## 2. DATOS ESPECÍFICOS:

- Propiedade:
- Alcume da casa:
- Estado de conservación:
- Protección:
- Finalidade da construción:

## 3. DATOS MORFOLÓXICOS:

- Tipoloxía:

## 4. SISTEMAS CONSTRUTIVOS:

## 5. OBSERVACIÓNS:

- 

### HÓRREO 4

c/ Rochas, Loureza  
9 de Xuño de 2015

Privada  
Bo  
No  
Económico/  
almacenamento

Hórreo

- Estrutura de pedra,  
paredes en tixolo.

Datos obtidos mediante  
observación directa.  
Ficha inventario casa-  
vivenda nº12

### Fonte

c/ Loureza  
9 de Xuño de 2015

Comunitaria  
Bo  
No  
Servizo

Fonte

- Pedra. Por debaixo do nivel  
da estrada.

Datos obtidos mediante  
observación directa.



HÓRREO 4: Fotografía actual, vista sur.



FONTE : Fotografía actual.

## 5. Caso de estudio

---



Neste capítulo desarróllase unha análise en profundidade a través de distintas técnicas de recollida de información como é a documentación histórica, as fichas de inventario, a observación e as entrevistas indirectas.

Coa idea de poder captar cales son as singularidades da arquitectura popular de Oia, realizarase en primeiro lugar unha breve introdución dos traballos levados a cabo por Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003), os cales establecían unha primeira división en: Arquitectura Meridional (ou do Baixo Miño, mencionada así por Pedro de Llano) e a Arquitectura Litoral (ou mariñeira). Atopándose estruturada a súa exposición atendendo á tipoloxía, aos materiais, á organización interna e ás construcións adxetivas.

Nun segundo paso procédese a comparar a información recollida no traballo de campo realizado en Oia durante os derradeiros catro meses, cos traballos expostos de Pedro de Llano (1981-1983;1996) e Caamaño (2003).

Mediante este traballo, poderanse apreciar e identificar as singularidades arquitectónicas e construtivas existentes no concello de Oia.



- Caso de estudio. Análise dos núcleos arquitectónicos de Oia

Como xa se presentou no marco teórico, debido a diversidade xeográfica, económica e do propio medio natural, Galicia presenta unha grande variedade arquitectónica principalmente ao redor da casa-vivenda, así como noutras construción adxectivas, como é o caso do hórreo.

Debido a esta gran diversidade arquitectónica, os estudos de referencia (Pedro de Llano, 1981-1983, 1996; Caamaño, 2003) plantexan unha clasificación por áreas xeográficas e as súas correspondentes tipoloxías de casa-vivenda que se localizan en cada unha delas.

**APROXIMACIÓN Ó MAPA DOS DIFERENTES ESPACIOS XEOGRÁFICOS GALEGOS COS CONCELLOS E AS TIPOLOXÍAS DE CASA-VIVENDA QUE SE PRODUCEN EN CADA ÚN DELES**




Fig. 84. Mapa dos diferentes espazos xeográficos galegos coas tipoloxías de casas-vivenda que se producen en cada concello.

Segundo está clasificación pódese observar que no concello de Oia identifícanse dous modelos diferenciados: a Galicia meridional e a Galicia do litoral (ver apartado Diversidade tipolóxica da casa-vivenda dentro do Capítulo 2. Marco teórico).

Ao igual que acontece coa casa-vivenda, derivado desta forte complexidade xeográfica os aspectos arquitectónicos foron mudando adaptándose a un medio e a unhas necesidades de vida.

O caso do hórreo non ía ser diferente, xurdindo unha clasificación xeográfica con respecto ás súas características constructivas e a materialidade.

Seguindo a clasificación exposta por Ignacio Martínez (1975) diferencianse cinco tipos de hórreos cos seus correspondentes subtipos:

1. Hórreos primitivos. Entretejidos de varas o ramas en labor de cestería.

a) de planta circular. Cabazo.

b) de planta alargada. Cabaceiro.

2. Hórreos de madeira. Trabajo de carpintería.

a) tipo mariñán.

b) tipo palleira o piorno.

c) tipo Salnés.

d) tipo bergantiñán.

Variedades: 1. tipo Cabañas.

2. tipo Villalba.

3. tipo Tuy.

3. Hórreos de pedra y madera. Mixtos.

a) tipo Carral.

b) tipo Carballo.

c) tipo Mondoñedo.

d) tipo Mahía.

e) tipo Pontevedra.

f) tipo El Pino.

4. Hórreos de pedra. Trabajo de cantería.

a) tipo Ribadeo.

b) tipo San Pedro de Visma.

c) tipo Coristanco.

d) tipo Finisterre.

e) tipo Noya.

f) tipo Morrazo.

5. Hórreos de ladrillo o cemento. Trabajo de albañilería.

a) tipo Lugo.

b) tipo Cedeira.

c) tipo Carballo. (1975, pp. 170-171)

A partires desta clasificación e tras observar as áreas xeográficas que abarca cada unha delas, identifícase que os hórreos do concello de Oia corresponden coa tipoloxía: Hórreos de pedra, Tipo Morrazo.




Fig. 85. Área de expansión do hórreo de pedra tipo Morrazo.

### 5.1. O Arrabal

Debido á diversidade tipolóxica existente na Galicia Litoral, realizarase unha análise das casas-vivenda inventariadas segundo a súa tipoloxía arquitectónica. Para elo, comezase por identificar as diferentes tipoloxías da arquitectura litoral existentes no núcleo de O Arrabal. Para posteriormente, mencionar as características comúns de cada tipoloxía segundo o referido nos estudos de referencia; para proseguir cun cadro comparativo entre as casas-vivenda inventariadas e as características, concluíndo coa análise das singularidades tipolóxicas existentes en Oia.




Fig. 86. Plano das diferentes tipoloxías inventariadas no núcleo do Arrabal.

A continuación efectuarase a análise comparativa das diferentes tipoloxías identificadas no núcleo de O Arrabal, da tipoloxía máis repetida á menor.

Así coma unha análise comparativa das construcións adxectivas inventariadas para, ao igual que no caso da casa-vivenda, poder identificar as singularidades existentes nas mesmas no municipio de Oia.

### 5.1.1. Características comúns da Casa de dous andares

A casa de dous andares, posúe unha serie de características principais que a diferencian do resto das tipoloxías mariñeiras. A máis destacada é o seu acceso ao primeiro andar polo interior así como a súa localización entre medianeras. A fachada principal é onde localízanse os vans ademais de posuír as mellores características constructivas (ampliar información sobre as súas características no apartado, Diversidade tipolóxica da casa-vivenda, no Capítulo 2. Marco teórico). A continuación preséntanse as características máis significativas dun xeito sistemático para o seu emprego no cadro.



- Cadro comparativo










O Arrabal	Características tipolóxicas da Casa de dous andares								
Ficha nº									
01	●	●	●		●	●	●	●	
02	●	●	●		●	●	●	●	
03	●	●	●	●	●	●	●	●	
04	●					●		●	
05	●		●			●		●	
13	●	●			●	●	●	●	
14	●	●	●		●	●	●	●	
15	●	●	●		●	●	●	●	
16	●					●	●	●	
33	●	●				●	●	●	

Fig. 87. Cadro comparativo da Casa de dous andares.

Trala análise comparativa das casas de dous andares inventariadas e as características comúns expostas polos estudos de referencia (Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)). Identifícanse tres singularidades no núcleo do Arrabal, as cales serán analizadas a continuación seguindo os conceptos definidos nas categorías analíticas: FORMAL, CONSTRUCCIÓN e MATERIAL (ver apartado 1.4.4. Análise de datos).

5.1.1.1. Singularidades propias da Casa de dous andares

VANS SÓ NA FACHADA FRONTAL



Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
13	
14	
15	
16	
33	



Fig. 88. Casa-vivenda N°01, observanse os vans da fachada traseira.




Fig. 89. Casa-vivenda N°02, vans na fachada traseira.



Fig. 90. Casa-vivenda N°04, aberturas na fachada lateral (norte).



Fig. 91. Casa-vivenda N°05, fachada lateral (norte) onde posúe vans.



Fig. 92. Casa-vivenda N°13, fachada lateral (sur), acceso e fiestra.



Fig. 93. Casa-vivenda N°14, vans localizados na fachada traseira (oeste).




Fig. 94. Casa-vivenda N°16, fachada lateral, cara a rúa Vicente López.



Fig. 95. Casa-vivenda N°15, fachada traseira (oeste).



Fig. 96. Casa-vivenda N°33, vans na fachada lateral (norte).

Trala análise, obtívose o resultado de que o 95% das casas-vivenda inventariadas (nove casas de dez inventariadas) presentan vans non só na súa fachada frontal senón tamén na traseira da casa.

- **FORMAL:**

A casa de dous andares no barrio do Arrabal preséntase, como identifícase no cadro comparativo anterior, con vans noutras fachadas ademais da fachada principal.

Estes ocios de fachada, na maioría dos casos (fichas de inventario nº 01/02/04/05/13/15/33), son escasos restrinxíndose a unha porta e un ou dous vans e con dimensións reducidas, presentando aínda na actualidade as volumetrías orixinais.

No caso da casa-vivenda nº14, obsérvase que existen tres ocios que non presentan as características formais propias dos vans da arquitectura popular, isto é debido a unha recente transformación sufrida pola casa-vivenda. A casa-vivenda nº16, posúe vans nas súas catro fachadas, isto débese principalmente a súa localización, xa que atópase rodeada de rúas no seu perímetro.

É de salientar que a aparición de vans na fachada traseira ou lateral das casas-vivenda, permitiu que as condicións de habitabilidade da edificación aumentasen introducindo luz e ventilación na maioría dos espazos da edificación. Ademais, debido á xeografía estas casas-vivenda preséntanse formalmente aproveitando o desnivel do terreo, nos socalcos, permitindo que na envolvente da edificación xurdan pequenas hortas ou espazos con construcións de apoio para animais, as cales terase acceso mediante os vans mencionados neste punto.

- **CONSTRUTIVO:**

Os vans surxidos na fachada traseira ou lateral, presentan as mesmas características constructivas que as identificadas nas fachadas principais.

Construtivamente, as casas-vivenda nº01/04/05/14/16 presentan os rebaixes ou trazos executados na mesma pedra do enmarcado, para permitir a apertura das batentes cara ao exterior propias da arquitectura popular. Mentres que as edificacións nº 02/13/33 posúen un enfoscado de morteiro de cemento, o cal non permite observar se presentan ditos rebaixes ou non.


Con respecto ás carpinterías ningunha das casas-vivenda identificadas neste punto presentan fiestras de madeira nestas fachadas, debido ás transformacións e adaptacións sufridas polas edificacións. Nos casos nº 01/02/13/33 as carpinterías son de PVC. En todos estes casos, excepto no nº 13, as fiestras colócanse no interior do muro.

Nos dous restantes casos, obsérvanse solucións constructivas diferenciadas; mentres que a casa-vivenda nº04 atópase con os vans tapiados con tixolo (debido a paralización da obra por parte de patrimonio), a edificación nº05 a fiestra que posúe nesta fachada non presenta carpintería xa que dá a un novo añadido da construción, mentres que a porta presenta a carpintería de madeira colocada na cara interior do muro.

- **MATERIAL:**

A materialidade destes vans, como tratouse no punto anterior, presenta nas casas-vivenda nº01/04/05/14/15/16 un enmarcado de pedra de sillares que salientan sobre o muro de cachotería que conforman o resto da construción.

Nos casos nº 02/13/33, os vans atópanse enmarcados por un enfoscado de morteiro de cemento sen ningún tipo de pigmento, excepto na casa-vivenda nº02 que posúe un acabado de cor branco.



Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
13	
14	
15	
16	
33	

## ACCESO INTERIOR O PRIMEIRO ANDAR



Fig. 97. Escada lateral, acesso a casa-vivenda Nº04.



Fig. 98. Acesso a casa-vivenda Nº15 aproveitando o desnível do terreno.



Fig. 99. Escasa acceso a casa-vivenda Nº05.



Fig. 100. Casa-vivenda Nº13, acceso o primeiro andar.




Fig. 101. Casa-vivenda Nº14, escada entremedianeras acceso o primeiro andar.



Fig. 102. Escada entremedianeras, acceso a casa-vivenda Nº05.



Fig. 103. Vista da rúa dende o acceso a casa-vivenda Nº13.



Fig. 104. Vista da rúa dende a casa-vivenda Nº14.

Segundo a análise do cadro comparativo identifícase que a metade das casas-vivenda inventariadas no núcleo de O Arrabal presentan o acceso polo exterior o primeiro andar, en contra do afirmado polos estudos de referencia.

• **FORMAL:**

No barrio de O Arrabal a tipoloxía da casa de dous andares xorde adaptándose á propia morfoloxía do terreo, presentando o acceso o primeiro andar polo exterior.

Con respecto ao acceso, catro delas presentan unha escada para sufragar o cambio de nivel. Nos dous primeiros casos, as casas inventariadas nas fichas nº 04/05, presentan dous tipos de escadas moi diferenciadas entre elas pola súa presenza así como pola súa construción (como analizase no seguinte punto). En ámbolos casos, é de salientar que unha das escadas posúe un carácter mais señorial, aportándolle a casa unha maior presenza e importancia con respecto as do resto do núcleo ( a casa nº05 na súa orixe posuíu no seu interior a Capela da Nosa Señora do Portal, e a casa-vivenda nº 04 pertenceu , e pertence, ao clero). A outra escada existente en ámbolos casos, posúe unha natureza máis secundaria; na edificación nº 05 dá acceso ao primeiro andar e ao propio terreo e ás dependencias adxectivas que presenta a casa (hórreo, alpendres e viñas) nunha cota superior á rúa; mentres que na casa-vivenda nº 04 só dá acceso ao primeiro andar presentando un aspecto de escada de servizo. Nos dous seguintes casos inventariados, as casas-vivenda nº 13/14, identifícase unha escada que dá acceso ao primeiro andar e ao espazo que existe na traseira da edificación, deste xeito a construción adáptase ao terreo e dá resposta ás necesidades propias da unidade familiar e da súa economía.


O derradeiro caso trátase da casa-vivenda nº 15 a cal presenta o seu acceso por unha rúa lateral que encontrase en encosta a través da cal se efectuá a inserción ao primeiro andar.

En resumo, a aparición deste acceso exterior ao primeiro andar mostra a adaptación da tipoloxía, a casa de dous andares, ás necesidades dos seus usuarios e a do propio medio.

• **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Con respecto a estes dous aspectos analíticos, nos catro primeiros casos, fichas de inventario nº 04/05/13/14, o material empregado para a construción das escadas trátase de pedra, tanto para os chanzos, para o seu peche, así como para a varanda.

É de salientar o traballo de canteiría que posúe a escadería da casa nº05, onde obsérvase un labor coidado tanto nos chanzos como na propia varanda.



Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
13	
14	
15	
16	
33	

### CASA-VIVENDA ENTRE MEDIANERAS



Fig. 105. Casa-vivenda Nº04, lateral norte.



Fig. 106. Casa-vivenda Nº04, fachada sur.



Fig. 107. Fachada norte da casa-vivenda Nº13.



Fig. 108. Lateral sur da casa-vivenda Nº13.



Fig. 109. Casa-vivenda Nº16, fachada oeste.



Fig. 110. Casa-vivenda Nº16, fachada este.



Fig. 111. Fachada principal da casa-vivenda Nº33.

Dos casos inventariados só o 60% das casas-vivenda presenta a característica de situarse entre medianeiras. Como se mostra nas imaxes arriba expostas identifícanse catro casas que non representan dita característica, recoñecidas polas fichas de inventario nº04/13/16/33.

• **FORMAL:**

A presente tipoloxía de casa mariñeira en análise dentro do barrio de O Arrabal móstrase, polo xeral, distanciada doutras casas-vivenda.

Esta transformación da tipoloxía orixinaría, está relacionada coas necesidades da unidade familiar e a adaptación xeográfica do núcleo, para un mellor aproveitamento das tan codiciadas terras dentro dun núcleo tan pechado.

A separación existente entre as casas-vivenda é reducido, rolda o 1 ou 1'5m, en onde localízase unha escada que dá acceso ás pequenas hortas de autoconsumo ou as construcións adxectivas situadas nas traseiras da casa.


• **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Con respecto aos aspectos constructivos e materiais, hai que salientar que as casas-vivenda nestas fachadas laterais presentan as mesmas características tanto materiais como constructivas que no resto da edificación. A única diferenza atópase na casa-vivenda nº 16, a cal debido a súa situación rodeada por rúas en todo o seu perímetro, todas as súas fachadas presentan un maior coidado que o resto das construcións do conxunto urbano.



### 5.1.2. Características comúns da Casa de Patín

A casa de Patín, é a tipoloxía máis difundida na franxa costeira. É unha casa-vivenda de dous andares, a cal accédese por un elemento singular que a caracteriza e dálle nome: o patín. Polo xeral, o patín non posúe varanda e está situado na fachada principal. A cuberta sitúase en paralelo á fachada e esta é en tella (ver descripcón máis ampla no Capítulo 2. Marco teórico no apartado, Diversidade tipolóxica da casa-vivenda ). A continuación expóñense as características principais desta tipoloxía para o




#### • Cadro comparativo

O Arrabal	Características tipolóxicas da Casa de Patín							
Ficha nº								
07	●	●	●			●		●
08	●	●	●	●	●	●	●	●
09	●	●	●			●	●	●
10	●	●				●	●	●
11	●	●	●			●	●	●
19	●	●		●	●	●	●	●
20	●	●	●			●	●	●
22	●	●	●	●	●	●	●	●

Fig. 112. Cadro comparativo da Casa de Patín.

Ao igual que na casa de dous andares, trala análise comparativa das casas de Patín identificadas no núcleo de O Arrabal e as características comúns expostas. Recoñécense tres diferenzas dentro do núcleo, as cales serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.1.2.1. Singularidades propias da Casa de Patín



Ficha nº	
07	
08	
09	
10	
11	
19	
20	
22	

CUMIO PARALELO A FACHADA FRONTAL



Fig. 113. Fachada principal casa-vivenda Nº07.



Fig. 114. Casa-vivenda Nº09.



Fig. 115. Casa-vivenda Nº10.



Fig. 116. Casa-vivenda Nº11.

Con respecto á característica de que a casa de Patín o cumio da cuberta sitúase en paralelo coa fachada principal no caso do núcleo de O Arrabal o 80% das casas inventariadas non presentan dita característica.

• **FORMAL:**

A casa de patín preséntase dentro do núcleo do Arrabal coa peculiaridade tipolóxica de que o cumio non está presente na fachada principal da casa, senón nas fachadas laterais.

Este cambio tipolóxico pode estar derivado das características xeográficas do asentamento e ás necesidades que ten o usuario de posuír, a parte dun espazo onde poder cobixarse, unha área onde poder producir o seu propio alimento. De tal xeito que situando a fachada máis longa da casa-vivenda en paralelo a propia rúa, conseguen que a construción ocupe a menor superficie no ancho do terreo, quedando baleira unha pequena área onde a unidade familiar pode desenvolver algunha actividade de índole agraria ou gandeira.

É de salientar que en todos os casos, o propio tellado da casa prolóngase ata cubrir o patín, de tal xeito que xérase un espazo útil e resgardado do sol e da choiva.

• **CONSTRUTIVO:**

A fachada principal dos casos en estudo, mostran diferenzas entre si. Mentres que nas casas-vivenda nº 09/10 posúen a escada e o patín en paralelo á mesma fachada. Esta escada posúe un ancho que non supera o 1'2m., os seus chanzos atópanse incrustadas na propia fachada e apoiándose no outro extremo nun muro que funciona como soporte. O patín ou patamal está realizado con pedras de granito colocadas en paralelo á propia fachada, apoiándose no caso nº 09 en dous muros situados nos extremos do patamal, e no casa-vivenda nº 10 apóiase sobre un muro e un canzorro no fin do patín.


A casa-vivenda nº 07, presenta a escada perpendicular á fachada, esta atópase pechada no seu perímetro por un muro de pedra coas mesmas características que a casa, o patín mostra as pedras en paralelo a fachada de acceso a casa-vivenda.

O derradeiro caso, o nº 11, a fachada principal constructivamente presenta un muro executado en aparello de cachotería, no cal enmárcanse con sillares os vans realizados na mesma.

• **MATERIAL:**

Nestes catro casos, identifícanse dous acabados de fachada, totalmente diferenciados. Nas casas-vivenda nº 09/11, presentan un muro de cachotería de granito visto; con presenza nos vans do enmarcado de sillares de pedra, común nesta arquitectura. No caso nº 11, obsérvase un engadido de tixolo enfoscado en morteiro de cemento para a elevación da cuberta.

As outras dúas casas-vivenda, a nº 07/10, atópanse enfoscadas. No primeiro caso, mostra un enfoscado de cal bastante deteriorado. Na derradeira casa identifícase un enfoscado de morteiro de cemento en toda a construción con acabado en dúas cores: branca e vermella (características das embarcacións da zona).



Ficha nº	
07	
08	
09	
10	
11	
19	
20	
22	

## PATÍN SEN VARANDA



Fig. 117. Casa-vivenda Nº07.



Fig. 118. Varanda de ferro na casa-vivenda Nº07.



Fig. 119. Casa-vivenda Nº09.




Fig. 120. Representación da varanda da casa-vivenda Nº09.



Fig. 121. Casa-vivenda Nº10.



Fig. 122. Detalle da suxeción do patín casa-vivenda Nº10.



Fig. 123. Casa-vivenda Nº11.




Fig. 124. Casa-vivenda Nº20.

Como se pode observar mediante o cadro anterior máis do 70% das casas inventariadas (cinco casas-vivenda das nove identificadas) posúen varanda nas escadas, como se aprecia nas fotografías anteriores.

- **FORMAL:**

Con respecto á tipoloxía da varanda dentro das casas patín inventariadas no Arrabal, débese salientar que, derivado da evolución da propia sociedade e da aparición de novos materiais; estas sufriron transformacións, ao igual que as casas-vivenda, para proseguir desempeñando a función orixinal para a que foron creadas.

- **CONSTRUTIVO / MATERIAL:**


A pesares dos cambios sufridos, aínda se poden identificar as características constructivas orixinais mediante a observación directa, as entrevistas e co apoio das fotografías antigas existentes. A través destes tres aspectos é onde acadouse a conclusión de que a maioría das edificacións con patín posuían varanda, unhas con máis ornamentación que outras.

Aínda que na actualidade xa non posúan dita varanda, as casas-vivenda inventariadas nº 07 e nº 20 dispuñan de varandas de ferro. No caso da casa nº 07 este dato verificouse a través das fotografías antigas que datan do ano 1916, onde obsérvase unha varanda de ferro bastante sinxela, é de destacar o peche que fai a propia varanda sobre a escada así como o arco situado sobre o patín como enmarque ao acceso a vivenda. Na actualidade non existe dita varanda, esta foi substituída por outra de materiais industrializados, como son as celosías e o tixolo. O caso da casa-vivenda nº 20 é similar, xa que na actualidade presenta unha varanda de pedra labrada, pero mediante as entrevistas verificouse que posuía unha varanda de ferro similar a da vivenda anterior.

O resto das casas-vivenda inventariadas nas fichas nº 09/10/11, disfrutaban dunha varanda rudimentaria de pedra e madeira, conservando arestora algúns dos elementos orixinais en ámbolos casos. No caso das vivendas nº 09 e nº 10, o seu deseño orixinal e o que nos mostra Pedro de Llano (1983) no levantamento da casa-vivenda nº 09 mediante o cal pódese observar, que só posuía tres elementos de pedra, dúas columnas soportando a cuberta e outra columna dun metro aproximadamente no comezo da escada, pero segundo apuntan as moradoras de ambas casas existía un elemento de madeira que funcionaba como pasamáns, que ademais empregábase para suxeitar as redes de pesca para o seu arranxo. Na actualidade, a casa-vivenda nº 09 presenta unha varanda de pedra, adicionada aos elementos orixinais. O caso da edificación nº 10, tamén conserva as columnas orixinais aínda que neste caso o seu peche está realizado en materiais industrializados como é o tixolo, a pesares da existencia destes materiais alleos a arquitectura popular, estes non rompen a harmonía do conxunto.

A casa-vivenda nº 11, posúe aínda o peche de pedra no patín así como a columna que suxeita a cuberta, pero o resto da varanda xa non posúe as súas características orixinais. Segundo o referido pola dona da vivenda, ao igual que nas dúas casas anteriores, posuía unha varanda de madeira a cal retiraron polo seu mal estado, para colocar a que se observa na actualidade.

Con respecto os materiais empregados, como referiuse, identifícanse: a pedra, o ferro, a madeira así como materias non propios do lugar como son as celosías de cemento e o tixolo.



Ficha nº	
07	
08	
09	
10	
11	
19	
20	
22	

## ACCESO FACHADA PRINCIPAL



Fig. 125. Fachada principal da casa-vivenda Nº11.



Fig. 126. Fachada principal da casa-vivenda Nº19.



Fig. 127. Fachada principal da casa-vivenda Nº22.

A través do cadro comparativo pódese observar que o 45% das casas-vivenda inventariadas (catro casas de nove inventariadas) non posúen o acceso pola fachada principal, como é característico da casa do patín.

• **FORMAL:**

Nos tres casos en análise, atopámonos cunha adaptación tipolóxica da propia casa de patín no barrio do Arrabal, xa que ámbalas casas-vivenda o acceso ao primeiro andar efectúase por unha das fachadas laterais. Esta adaptación formal da tipoloxía para responder ás necesidades do propio usuario; vén derivada do emprego do patín, ademais de dá acceso á edificación, tamén presta servizo aos socalcos de cultivo así como ao resto das dependencias da casa-vivenda situadas nos terreos traseiros.

É de salientar que esta transformación, tamén pode responder á necesidade de non invadir a vía pública, xa que debido a pendente do propio núcleo, estas son de reducidas dimensións.

• **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Con respecto a ambas categorías analíticas, nos tres casos inventariados presentan as mesmas características constructivas e a mesma materialidade.

O acceso efectúase por un patín construído integramente en pedra, tanto o patín como as escadas. É de salientar a existencia de novos materiais non propios do lugar, para realizar as adaptacións que a sociedade actual precisa, como son o enfoscado de morteiro de cemento e o peche da escadería cun portelo de aluminio.



### 5.1.3. Características comúns da Casa do Pincho

A casa de Pincho, caracterízase pola súa planta rectangular e cunha fachada entre 3 e 5m. Atópanse entre medianeras, deixando sempre o muro pincho como fachada principal e como acceso á mesma dende a propia rúa. A súa cuberta preséntase a dúas augas en tella. A evolución desta tipoloxía levou a aparición da casa de pincho de dous andares (descripción máis ampla no apartado, Diversidade tipolóxica da casa-vivenda, no Capítulo 2. Marco teórico). Para poder empregar no cadro comparativo ditas características, expóranse de maneira sistemática as principais:



#### • Cadro comparativo









O Arrabal	Características tipolóxicas da Casa do Pincho						
Ficha nº							
12	●		●	●	●	●	●
17	●		●		●	●	●
18	●		●		●	●	●
21		●	●	●	●	●	●
23	●	●	●		●	●	●
30	●	●	●		●	●	●

Fig. 128. Cadro comparativo da Casa de Pincho.

Despois da análise comparativa das casa do Pincho inventariadas no núcleo de O Arrabal e as características comúns expostas. Identifícanse dúas diferenzas dentro do núcleo, estes resultados serán analizados a continuación tendo en conta os seguintes aspectos: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.1.3.1. Singularidades propias da Casa de Pincho

ENTRE MEDIANERAS



Ficha nº	
12	
17	
18	
21	
23	
30	



Fig. 129. Casa-vivenda Nº17, fachada hacia a rúa.



Fig. 130. Detalle do cuberto, casa-vivenda Nº17.



Fig. 131. Casa-vivenda Nº18, lateral norte.



Fig. 132. Casa-vivenda Nº18, fachada sur.



Fig. 133. Casa-vivenda Nº23.



Fig. 134. Casa-vivenda Nº30.

Máis da metade das casas-vivenda inventariadas, as identificadas polos nº17/18/23/30, non presentan unha das características propias desta tipoloxía, xa que se localizan illadas.

- **FORMAL:**

Unha das transformacións sufridas por dita tipoloxía dentro do núcleo do Arrabal, preséntase na situación da casa-vivenda sobre o mesmo terreo e a proximidade que esta posúe coas outras construcións.

En ámbolos casos atópanse totalmente illadas, sen ningún tipo de construción adxectiva adosada ás mesmas. Entretanto, presentan diferenzas entre elas á hora de situarse no terreo, nas dúas primeiras casas-vivenda aproveitase unha das fachadas como peche da parcela; e nos derradeiros casos ( nº 23/30), a edificación sitúase no centro posuíndo terreo á volta da mesma.


É de salientar, que na casa-vivenda nº 17, obsérvase unha conexión coa vivenda contigua mediante un espazo cuberto, xustificable pola necesidade dos usuarios de circular entre ambas construcións pertencentes á mesma familia sen estar expostos as inclemencias meteorolóxicas.

- **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

En ambos aspectos, as casas-vivenda analizadas presentan as mesmas características en toda a construción e materialidade, sen que ningunha das fachadas destaque sobre as outras.

Constructivamente presentan muros de cachotería, con presenza de novas técnicas constructivas nas transformacións sufridas (casos nº 18/23).

Os materiais empregados son o granito en todas elas, identificándose o emprego de tixolo e enfoscado de morteiro de cemento nas casas-vivenda nº 18/23/30, derivados das adaptacións realizadas polos usuarios para seguir respondendo as súas necesidades.



Ficha nº	
12	
17	
18	
21	
23	
30	

## ACCESO MURO PINCHO



Fig. 135. Casa-vivenda Nº12, fachada onde se localiza a porta de acceso a vivenda.



Fig. 136. Casa-vivenda Nº12, muro pincho.



Fig. 137. Casa-vivenda Nº17, acceso por muro lonxitudinal.



Fig. 138. Casa-vivenda Nº17, muro pincho.



Fig. 139. Muro pincho da casa-vivenda Nº18 onde non se atopa a porta de acceso a vivenda.

Segundo a análise comparativa, obtívose que no núcleo de O Arrabal só tres casas-vivenda das sete inventariadas, posúen o acceso polo muro pincho como é común en dita tipoloxía no ámbito galego. As tres casas-vivenda inventariadas nas fichas nº 12/17/18, non cumpren dita característica , xa que presentan o seu acceso por unha das fachadas laterais.

- **FORMAL:**

Esta modificación formal tipolóxica, está relacionada nos tres casos coa morfoloxía do terreo e a necesidade por parte do usuario de que o propio acceso a casa-vivenda posúa unha dobre funcionalidade.

Con respecto a este último aspecto, nas casas-vivenda nº 12 e 18 o seu acceso o interior da edificación realízase polo primeiro andar mediante unhas escada paralela a fachada sur, accedendo á mesma polo muro lonxitudinal. Ao igual que na tipoloxía da casa de dous andares, esta escada xorde para salvar o desnivel presente entre socalcos, e a súa vez dar resposta á necesidade que posúe a unidade familiar de ter acceso aos terreos de cultivo e construcións adxectivas que se localizan na traseira da casa-vivenda sen precisar entrar no espazo doméstico.

No derradeiro caso o acceso realízase a través do primeiro andar na fachada lateral, esta adaptación formal vén derivada das características morfolóxicas do terreo, xa que a casa-vivenda sitúase unha encosta paralela á propia rúa.


- **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

As características e o tratamento que dáselle a estas dúas categorías analíticas son as referidas no punto anterior (ver Entre medianeras, apartado: Constructivo/Material).



### 5.1.4. Características comúns da Casa Térrea

A casa térrea, é a máis sinxela de toda a arquitectura popular, realizada con poucos recursos. Posúe planta rectangular e poucos vans na fachada, cuberta a dúas augas con cubrimento de tella. Interiormente só posúe un único espazo, no caso de xurdir división está será en táboas de madeira (ver apartado Diversidade tipolóxica da casa-vivenda no Capítulo 2. Marco teórico).



- Cadro comparativo









O Arrabal	Características tipolóxicas da Casa Térrea							
Ficha nº								
06		●	●	●		●	●	●
24			●	●		●	●	●
25	●	●			●	●	●	●
26		●	●			●	●	●
27						●	●	●
28	●	●	●	●	●	●	●	●
31	●	●	●	●	●	●		●

Fig. 140. Cadro comparativo da Casa Térrea.

Da análise comparativa das casas térreas identificadas no núcleo de O Arrabal e as características comúns referidas polos estudos de referencia (Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)). Recoñécense dúas diferenzas dentro do núcleo, as cales serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.1.4.1. Singularidades propias da Casa Térrea

CASA-VIVENDA DUN ANDAR / ALTURA MUROS 2-3m.




Fig. 141. Casa-vivenda Nº06, altura de muro superior a 3m.



Fig. 142. Fachada principal da casa-vivenda Nº06, 2m.



Fig. 143. Fachada este da casa-vivenda Nº24, doble altura.



Fig. 144. Acceso a casa-vivenda Nº24, altura de 2m.



Fig. 145. Fachadas principais das casas-vivenda Nº26/27.



Fig. 146. Fachada traseira da casa-vivenda Nº27.

Trala comparación, identifícanse catro casas-vivenda que non posúen dúas das características principais da casa Térrea: a posesión dun único andar e, por conseguinte, a aparición de muros cunha altura superior a 2-3m.

Debido á presenza de ambas singularidades nas mesmas casas-vivenda, decídese estudalas en conxunto, xa que a xustificación é igual en ambos casos.

- **FORMAL:**

O cambio tipolóxico sufrido nestras catro casas-vivenda débese, unha vez máis, a morfoloxía presente no barrio do Arrabal. En resposta a esta situación, á hora de asentarse a edificación no terreo en desnivel, xorde un espazo sobrante (que non excede o 1'5m.) entre o terreo e o sobrado da casa-vivenda. O cal é empregado polo usuario como unha área de almacenamento dos apeiros de labranza ou dos enseres de pesca.

- **CONSTRUCTIVO:**

Debido á aparición desta “falsa dobre altura”, o muro da fachada en certos momentos posúe unha dimensión superior aos 3m. como observa no caso nº27, mentres que nas casas-vivenda nº 06/24/26 preséntase o aumento de dimensión da altura na fachada oeste.

En todos os casos, a técnica empregada para a construción da vivenda é o muro de cachotería, presentando nos vans sillares para a enmarcación dos mesmos.

- **MATERIALIDADE:**


Con respecto a materialidade, ámbolos casos presentan pedra granítica. Mentres que nas casas-vivenda nº 06/24/26 non posúen ningún tipo de encintado nin a introdución de materiais non propios do lugar, no derradeiro caso (nº 27) obsérvase a presenza de morteiro de cemento nas xuntas, así como a adaptación dos vans para a colocación de novas carpinterías de aluminio.



### 5.1.5. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo.

O hórreo tipo Morrazo é o que posúe mellor traballo de canteiría e sen dúbida a maior dificultade constructiva. Perfección arquitectónica.

As súas principais características constructivas é que posúe unha planta estreita e alongada. Lonxitude variable. A suspensión é sempre baixa, sobre postes de pedra e con capelas sempre individuais. A cámara é totalmente en pedra, composta de sillares en vertical. Porta na fachada máis estreita.



- Cadro comparativo


O Arrabal	Características tipolóxicas do Hórreo-Tipo Morrazo					
Ficha nº						
H.01	●			●		○
H.02	●	●		●		○
H.03	●	●	●	●		●
H.04	●	●		●		●
H.05	●	●				●
H.06	●	●	●	●		●
H.07	●	●		●		●
H.08	●	●	●			○
H.09	●	●		●		●
H.10	●	●				●
H.11	●	●		●	●	●
H.12	●	●		●		○
H.13	●	●				●
H.14	●	●	●	●		●
H.15	●	●		●		●

Fig. 147. Cadro comparativo dos hórreos.

Trala análise comparativa dos hórreos identificadas no núcleo de O Arrabal e as características comúns referidas polo estudo de Ignacio Martínez. Recoñecense dúas diferenzas dentro do núcleo, as cuais serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.1.5.1. Singularidades propias dos Hórreos

CONSTRUCCIÓN EN GRANITO



Ficha nº	
H.01	
H.02	
H.03	
H.04	
H.05	
H.06	
H.07	
H.08	
H.09	
H.10	
H.11	
H.12	
H.13	
H.14	



Fig. 148. Hórreo 01.



Fig. 149. Hórreo 02.



Fig. 150. Hórreo 03.



Fig. 151. Hórreo 04.



Fig. 152. Hórreo 05.



Fig. 153. Hórreo 06.



Fig. 154. Hórreo 07.



Fig. 155. Hórreo 08.



Fig. 156. Hórreo 09.



Fig. 157. Hórreo 10.



Fig. 158. Hórreo 11.

Despois da realización da comparación, identifícanse catorce hórreos que non posúen unha das características principais do hórreo tipo Morrazo: a construción en pedra na súa totalidade.

- **FORMAL:**

A nivel formal e tipolóxico non se observa ningún cambio relevante. A transformación é de carácter constructivo.

- **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Existe un cambio de materialidade, coa introdución do tixolo pola madeira nas paredes laterais. Este aspecto pode estar relacionado co material orixinal, a madeira (material propio do local), por un novo material industrial, máis duradeiro e ata máis económico (isto é o que expresan os veciños referente ao cambio de material), que apórtalle as mesmas características que o anterior xa que permite que o hórreo manteña a súa ventilación natural.

A pesares desta transformación o hórreo segue mantendo as súas características formais e o seu uso orixinario (este último punto na maioría dos casos excepto os hórreos: nº01/02/04/05/15).




Fig. 159. Hórreo 13.



Fig. 160. Hórreo 14.



Fig. 161. Hórreo 15.



Ficha nº	
H.01	
H.02	
H.03	
H.04	
H.05	
H.06	
H.07	
H.08	
H.09	
H.10	
H.11	
H.12	
H.13	
H.14	
H.14	

## LINTEL E TRANQUEIRO LISOS



Fig. 162. Hórreo 01.



Fig. 163. Hórreo 02.



Fig. 164. Hórreo 04.



Fig. 165. Hórreo 05.



Fig. 166. Hórreo 07.



Fig. 167. Hórreo 09.



Fig. 168. Hórreo 10.



Fig. 169. Hórreo 11.




Fig. 170. Hórreo 12.

Trala comparación, identifícanse once hórreos que non posúen unha das características principais do hórreo tipo Morrazo: os linteis e os tranqueiros lisos.

- **FORMAL:**

O cambio tipolóxico, é sinxelamente a nivel ornamental, xa que o tranqueiro sobresaie con respecto o lintel, recordando os canecillos románicos. Nestes casos que o lintel e o tranqueiro sobresaen eles atópanse labrados con remates decorativos e con un gran traballo de canteiría.

- **CONSTRUCTIVO/MATERIAL:**

Con respecto a materialidade, ela é de pedra granítica como toda a estrutura do hórreo.

Constructivamente, o tranqueiro e o lintel atópanse entabados, permitindo que ámbolos dous sobresaían e presenten ornamentos, como refírese no apartado tipolóxico.



Fig. 171. Hórreo 13.




Fig. 172. Hórreo 15.



5.2. A Portela

5.2.1. Características comúns da Arquitectura Meridional

As casas-vivenda da Galicia meridional caracterízanse por asentarse, na súa maioría, en ladeiras en pendente que dan paso a leiras con socalcos case inexistentes. Posúen polo xeral, de dous andares con planta rectangular de pequenas dimensións e localízase nas terras pontevedresas de maneira illada ; situándose o piso terreo semiescabado, onde atópase a adega e a corte. A unidade habitacional atópase no andar superior, o cal se accede por escadas exteriores, e nel áchanse a cociña, a sala-comedor e os dormitorios. Neste modelo a característica principal e máis salientable é a calidade construtiva aportada polo granito, con solucións construtivas moi elaboradas e incluso muros de cachotería con pezas de gran tamaño ou de perpiaño. A cuberta é de tella do país. Outra característica salientable é a existencia de construcións adxectivas.



• Cadro comparativo

A Portela	Características tipolóxicas da Arquitectura Meridional							
Ficha nº								
01	●		●		●	●	●	●
02	●	●	●	●		●		○
03	●	●		●	●	●		●
04	●	●			●	●		○
05	●	●				●		○
06	●			●	●	●	●	●
07	●	●		●		●		●
08	●	●	●	●	●	●	●	○
09	●	●	●	●	●	●		○
10	●	●	●			●	●	●
11	●	●	●			●	●	○
12	●	●	●	●		●	●	●
13	●	●	●	●	●	●	●	●

○ Na actualidade non posúen cuberta, pero identifícanse restos de tella do país que refiren a súa cubrición orixinal.

Fig. 173. Cadro comparativo da casa meridional.

Trala análise comparativa, identifícanse catro singularidades, as cales serán estudadas tendo en conta os aspectos: FORMAL, CONSTRUTIVO e MATERIAL.

5.2.1.1. Singularidades propias do núcleo de A Portela

CONSTRUCCIÓNS ADXECTIVAS



Ficha nº
01
02
03
04
05
06
07
08
09
10
11
12
13



Fig. 174. Casa-vivenda Nº02.



Fig. 175. Casa-vivenda Nº03, sen construcións de apoio.



Fig. 176. Casa-vivenda Nº05, sen construcións adxectivas.



Fig. 177. Casa-vivenda Nº04.



Fig. 178. Casa-vivenda Nº06.



Fig. 180. Casa-vivenda Nº08.



Fig. 181. Casa-vivenda Nº12.



Fig. 179. Casa-vivenda Nº07.



Fig. 182. Casa-vivenda Nº09.

Segundo o recollido no cadro comparativo das casas-vivenda inventariadas no núcleo de A Portela cos estudos de referencia; pódese mencionar que o 70% das casas (nove casas das trece inventariadas) non posúen ningún tipo de construcións adxectivas a pesares de que os estudos de referencia citan que nesta área arquitectónica debido á riqueza agrícola e do cultivo das vides, son indispensables a súa existencia en toda casa-vivenda.

- **FORMAL:**

Voltando ao caso de estudo, unha das posibilidades desta adaptación tipolóxica, resposta á carenza de espazo á volta da casa-vivenda para a localización de construcións adxectivas vén dado a súa localización, xa que en case todos os casos (agás na casa-vivenda nº02) carecen de terreo de cultivo ao seu redor o que pode indicar que o almacenamento e mesmo a transformación dos cultivos efectuarase na mesma construción ou preto dos terreos agrarios.

Outras dúas posibilidades, veñen derivadas das entrevistas; segundo referiron os propios veciños de A Portela, tratábase dun núcleo no cal o moraban na súa maioría “señores” os cales posuían “críados” que lle traballaban as súas terras. Segundo o referido polos veciños entrevistados, ditas casas corresponden as fichas de inventario nº01/10/11/13 así como outras tres casas que non posuían os criterios para a súa inventariación, como se pode comprobar no cadro comparativo, estas edificacións si que posúen construcións adxectivas de gran valor construtivo. Co que respecta ás casas-vivenda que non posúen construción adxectivas pode derivar, segundo a información dos veciños, de que eran as casas-vivenda propias das persoas que traballaban as terras dos “señores”.

Outra das hipóteses, extraída das entrevistas, é a existencia dunha eira comunal onde estarían situadas as construcións de almacenamento (principalmente os hórreos) dentro do propio núcleo. Esta opción non se lle dá moita veracidade xa que en todo o asentamento non se identifica ningún espazo desas características; excepto dentro das parcelas que si posuían ditos servizos.

Como derradeiro punto a tratar sobre as construcións adxectivas de uso comunitario, a existencia no centro do asentamento dun muíño e dúas fontes-lavadoiro (ficha de inventario nº16).

- **CONSTRUCTIVO/MATERIAL:**

Debido a que trátase dunha carenza de construción (xa que segundo os estudos de referencia todas as casas-vivenda deberían posuír construcións adxectivas) non se pode analizar esta categoría.

Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
06	
07	
08	
09	
10	
11	
12	
13	

## CASA-VIVENDA SEMIESCABADA



Fig. 183. Casa-vivenda Nº02, pousada no terreo.



Fig. 184. Casa-vivenda Nº07, lateral da vivenda.




Fig. 185. Casa-vivenda Nº05.



Fig. 186. Casa-vivenda Nº10, situación no terreo.



Fig. 187. Casa-vivenda Nº11.



Fig. 188. Casa-vivenda Nº12.

A partires do analizado no cadro comparativo, existen seis casa-vivenda das trece inventariadas que non se atopan semiexcavadas no terreo.

A pesares de que os propios estudos de referencia a mencionan como unha das características propias da arquitectura meridional, xa que na maioría dos casos estas edificacións atópanse en ladeiras nos referidos por Xaquín Lorenzo como “pobos empoleirados”.

• **FORMAL:**

Hai que mencionar que as casas-vivenda identificadas no núcleo de A Portela sufriron unha adaptación formal o seu propio medio para responder ás necesidades habitacionais (como é propio da arquitectura popular).

Nestes casos, obsérvase que todas elas sitúanse en terreos con apenas pendente, o que conleva a innecesidade de que a casa-vivenda se atope semiescavada no terreo (menos a casa-vivenda nº05).

O caso da vivenda nº05 é diferente, xa que a pesares de non atoparse semiescavada, ela sitúase nunha zona de forte pendente ancorada as casas-vivenda que si posúen dita característica (atoparse semiescavadas).

• **CONSTRUCTIVO/MATERIAL:**

Con respecto aos aspectos analíticos da materialidade e o carácter constructivo, presenta as mesmas características que o resto das construción. Muros de cantería traballados a xunta seca con pedras graníticas.

Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
06	
07	
08	
09	
10	
11	
12	
13	

## ACCESO EXTERIOR O PRIMEIRO ANDAR



Fig. 189. Casa-vivenda Nº01, fachada este.



Fig. 190. Casa-vivenda Nº01, fachada oeste e sur.




Fig. 191. Casa-vivenda Nº12, fachada oeste e sur.



Fig. 192. Casa-vivenda Nº12, fachada este.



Fig. 193. Casa-vivenda Nº11, fachada este.



Fig. 194. Casa-vivenda Nº11, fachada oeste.

Trala comparación dos datos das fichas do inventario do núcleo de A Portela, coas características propias da arquitectura meridional; pódese afirmar que o 40% das casas-vivenda (cinco edificacións das trece inventariadas) estudadas non presentan unha das características mencionadas nos estudos de referencia: o acceso exterior ao primeiro andar.

Un dos elementos máis singulares dentro da arquitectura meridional é o acceso ao primeiro andar polo exterior desembocando na maioría das veces nun corredor, por regra xeral a aparición desta escada vén dada pola localización da casa-vivenda no terreo, normalmente en ladeiras, así como pola súa reducida dimensión.


- **FORMAL:**

A inexistencia dunha escada con patín ou solaina que de acceso a casa-vivenda nestes cinco casos desaparece, xurdindo unha construción formalmente pura. Este cambio tipolóxico pode respostar ás necesidades que posúen os habitantes do núcleo de protexerse das inclemencias meteorolóxicas, debido a súa situación nun lugar moi asolado por fortes ventos.

- **CONSTRUTIVO/MATERIAL:**

Con respecto a este cambio, debido a que dito acceso xorde no interior da construción, a imposibilidade de acceso ao interior das casas-vivenda non permitiu analizar cal é a súa materialidade, así como os sistemas de construción que empregan para xerar ese acceso ao primeiro andar.

Segundo referido polos estudos de referencia, pódese mencionar que será unha escada de madeira situada nun dos laterais da vivenda, para un mellor aproveitamento da planta baixa.



Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
06	
07	
08	
09	
10	
11	
12	
13	

## CASA-VIVENDA ILLADA



Fig. 195. Núcleo de casas-vivenda ancorada.



Fig. 196. Casa-vivenda Nº03.



Fig. 197. Casa-vivenda Nº04.



Fig. 198. Casa-vivenda Nº05.



Fig. 199. Casa-vivenda Nº06.




Fig. 200. Casa-vivenda Nº07.

Ao igual que sucedía coa característica de que as casas –vivenda polo xeral localízanse semiexcavadas, aínda que os estudos de referencia tamén mencionan que danse casos en determinadas zonas xeográficas localizadas dentro da área meridional existen casas que non posúen dita característica. Neste caso sucede o mesmo, xa que a pesar de que ambos os investigadores de referencia (Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)) citan dita característica como común para está zona, tamén afirman que esta propiedade pode variar segundo as peculiaridades do terreo onde se sitúen, colocando como exemplo os “pobos empoleirados” chamados así por Xaquín Lorenzo caracterizados polo seu emprazamento sobre unha ladeira con casas-vivenda entre medianeiras e semiexcavadas na aba do monte.


Voltando ao núcleo de estudo, mencionar que identifícanse cinco casas-vivenda que se atopan entre medianeiras, presentando as características citadas por Xaquín Lorenzo para os “pobos empoleirados”. A pesar desta diferenza, cómpre voltar a mencionar que debido a extensión da área abarcada pola arquitectura meridional esta pode sufrir cambios significativos dunha zona a outra, como é o caso actual.



### 5.2.2. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo.

O hórreo tipo Morrazo é o que posúe mellor traballo de cantería e sen dúbida a maior dificultade constructiva. Perfección arquitectónica.

As súas principais características constructivas é que posúe unha planta estreita e alongada. Lonxitude variable. A suspensión é sempre baixa, sobre postes de pedra e con capelas sempre individuais. A cámara é totalmente en pedra, composta de sillares en vertical. Porta na fachada máis estreita.



- Cadro comparativo


A Portela	Características tipolóxicas do Hórreo-Tipo Morrazo					
Ficha nº						
H.01		●	●	●		●
H.02	●	●	●	●		●
H.03	●	●		●		●
H.04	●	●	●	●		●
H.05	●	●		●		●

Fig. 201 . Cadro comparativo dos hórreos.

Trala análise comparativa dos hórreos identificadas no núcleo de A Portela e ás características comúns referidas polo estudo de Ignacio Martínez. Recoñécense dúas diferenzas dentro do núcleo, as cales serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.2.2.1. Singularidades propias dos Hórreos

CONSTRUCCIÓN EN GRANITO



Ficha nº	
H.01	
H.02	
H.03	
H.04	
H.05	



Fig. 202. Hórreo 01, materiais granito e madeira.



Fig. 203. Hórreo 02, granito e tixolo.



Fig. 204. Hórreo 03, granito e tixolo.



Fig. 205. Hórreo 04, granito e tixolo.



Fig. 206. Hórreo 05, materiais granito e tixolo.

Despois da realización da comparación, obtense o dato de que todos os hórreos identificados no núcleo, non posúen unha das características principais do hórreo tipo Morrazo: a construción en pedra na súa totalidade.

- **FORMAL:**

A nivel formal e tipolóxico non obsérvase ningún cambio relevante. A transformación é de carácter constructivo así como material.

- **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Principalmente o cambio ten que ver coa materialidade, xa que substitúese o tixolo pola madeira nas paredes laterais. A substitución do material orixinal, a madeira (material propio do local), por un novo material industrial, máis duradeiro e ata máis económico (isto é o que expresan os veciños referente ao cambio de material), o cal ofrece as mesmas características que o anterior xa que permite que o hórreo manteña a súa ventilación natural.


A pesares desta transformación o hórreo segue mantendo as súas características formais e o seu uso orixinario, a pesares de que hoxe en día só dous son empregados ( nº03 e 05) o resto atópanse en estado de abandono.



### 5.3. Eido de Abaixo - Loureza

#### 5.3.1. Características comúns da Arquitectura Meridional

Caracterízanse por asentarse en ladeiras en pendente. Posúen polo xeral, de dous andares con planta rectangular de pequenas dimensións e localízase de maneira aillada ; situándose o piso terreo semiescabado, onde atópase a adega e a corte. A unidade habitacional atópase no andar superior, o cal se accede por escadas exteriores, e nel áchanse a cociña, a sala-comedor e os dormitorios. Neste modelo a característica principal e máis salientable é a calidade construtiva aportada polo granito. A cuberta é de tella do país. Outra característica salientable é a existencia de construcións adxectivas.



#### • Cadro comparativo









Loureza	Características tipolóxicas da Arquitectura Meridional							
Ficha nº								
01	●	●	●			●		●
02	●	●		●		●		●
03	●	●		●		●	●	●
04	●	●		●		●	●	●
05	●	●	●	●	●		●	●
06	●	●	●	●	●		●	●
07	●	●	●	●				●
08	●	●		●				○
09	●	●	●	●		●	●	●
10	●	●	●	●				○
11	●	●	●	●				●
12	●	●	●	●			●	○
13	●	●	●	●			●	○
14	●	●	●	●	●	●	●	●

Fig. 207. Cadro comparativo da casa meridional.

○ Na actualidade non posúen cuberta, pero identifícanse restos de tella do país que refiren a súa cubrición orixinal.

Da análise comparativa das casas térreas identificadas no barrio do Eido de Abaixo e as características comúns referidas polos estudos de referencia (Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)). Recoñécense dúas diferenzas dentro do núcleo, as cales serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.3.1.1. Singularidades propias do barrio do Eido de Abaixo

PISO TERREO SEMIESCABADO

Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
06	
07	
08	
09	
10	
11	
12	
13	
14	



Fig. 208 Casa-vivenda Nº01.



Fig. 209 Casa-vivenda Nº02.




Fig. 210 Casa-vivenda Nº03.



Fig. 211 Casa-vivenda Nº04.



Fig. 212 Casa-vivenda Nº07.



Fig. 213 Casa-vivenda Nº08.



Fig. 214 Casa-vivenda Nº09.

Tras determinar as características comúns da arquitectura meridional e a súa comparación coas fichas do inventario do barrio do Eido de Abaixo, púidose observar que máis do 95% das casas-vivenda non posúen unhas das características principais de dita área.

Neste barrio predominan as casas-vivenda que se insiren sobre o terreo sen necesidade de manter ningunha parte dela semiescavada. Isto débese a que o terreo vai ascendendo paulatinamente cara a montaña, carecendo de áreas de forte desnivel.



Fig. 215. Casa-vivenda Nº10.



Fig. 216. Casa-vivenda Nº11.




Fig. 217. Casa-vivenda Nº12.



Fig. 218. Casa-vivenda Nº13.

Ficha nº	
01	
02	
03	
04	
05	
06	
07	
08	
09	
10	
11	
12	
13	
14	



## CONSTRUCCIÓN EN GRANITO



Fig. 219. Casa-vivenda Nº05, muro de lousa e granito.



Fig. 220. Casa-vivenda Nº06, muro de granito e lousa.



Fig. 221. Soto da casa-vivenda nº05, onde obsérvase unha pedra de lousa do terreo.



Fig. 222. Fachada da casa-vivenda Nº07, composta por granito e lousa.




Fig. 223. Muro de lousa e granito, casa-vivenda Nº08.




Fig. 224. Casa-vivenda Nº10, muro de granito e lousa.



Fig. 225. Casa-vivenda Nº11, muro de granito e lousa.

Con respecto a esta característica común a arquitectura meridional, dentro do barrio en estudo identifícanse oito casas-vivenda que non posúen dita característica, xa que a súa construción está realizada cunha mistura de dous materiais: as lousas e o granito empregado excepcionalmente para os encontros.

Esta singularidade débese a litoloxía do terreo onde se asenta o barrio e o propio núcleo de Loureza en sí, e como, é característico na arquitectura popular, as súas construcións constrúense cos materiais existentes no propio local; e segundo o referido no apartado 3.1.2.3. Xeoloxía (do Capítulo 3) a rocha existente nesta área é a esquística principalmente lousas e paragneises.

- **FORMAL:**

Con respecto a este aspecto analítico, non existe nada que relevante xa que a nivel tipolóxico/formal non existe ningún cambio salientable dentro do núcleo.

- **CONSTRUCTIVO/FORMAL:**

A nivel constructivo os muros están executados en cachotería con acabado en seco, como é común dentro desta tipoloxía. O cambio máis destacable é con respecto á materialidade, xa que como se mencionou anteriormente, os muros das casas-vivenda están realizados con lousa e granito nos encontros.



Fig. 226. Muro de lousa e granito, casa-vivenda Nº12.





Fig. 227. Muro de granito e lousa, casa-vivenda Nº13.



### 5.3.2. Características comúns dos Hórreos-Tipo Morrazo.

O hórreo tipo Morrazo é o que posúe mellor traballo de cantería e sen dúbida a maior dificultade constructiva. Perfección arquitectónica.

As súas principais características constructivas é que posúe unha planta estreita e alongada. Lonxitude variable. A suspensión é sempre baixa, sobre postes de pedra e con capelas sempre individuais. A cámara é totalmente en pedra, composta de sillares en vertical. Porta na fachada máis estreita.



- Cadro comparativo

Loureza	Características tipolóxicas do Hórreo-Tipo Morrazo					
Ficha nº						
H.01	●		●	●		●
H.02	●	●	●	●		●
H.03	●		●	●		●
H.04	●		●	●		●

Fig. 228. Cadro comparativo dos hórreos.

Trala análise comparativa dos hórreos identificadas no barrio do Eido de Abaixo e as características comúns referidas polo estudo de Ignacio Martínez. Recoñécense dúas diferenzas dentro do núcleo, as cales serán analizadas a continuación tendo en conta as categorías analíticas: **FORMAL**, **CONSTRUCCIÓN** e **MATERIAL** (ver 1.4.4. Análise de datos).

5.3.2.1. Singularidades propias dos Hórreos

CONSTRUCCIÓN EN GRANITO




Fig. 229. Hórreo 01.



Fig. 230. Hórreo 02, materiais granito, tixolo e albanalería.



Fig. 231. Hórreo 03, de albanalería, granito e tixolo.



Fig. 232. Hórreo 04, materiais granito, tixolo e albanalería.

Despois da realización da comparación, identifícanse que todos os hórreos do barrio non posúen unha das características principais do hórreo tipo Morrazo: a construción en pedra na súa totalidade.

- **FORMAL:**


A nivel formal e tipolóxico non se obsérva ningún cambio relevante. A transformación é de carácter material e constructivo.

- **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

Dentro do barrio, é de destacar que a maioría dos hórreos están elaborados en albañilería e que só dous (o nº01 e o nº04) posúen estrutura de pedra granítica pouco traballada.

As paredes laterais en todos os casos, atópanse executadas en tixolo; sendo o material orixinal a madeira. É de salientar que a pesares da introdución dun material industrial nunha construción popular, este non rompe a harmonía da construción.

A pesares desta transformación o hórreo segue mantendo as súas características formais e o seu uso orixinario, a pesares de que hoxe en día só un é empregado como elemento decorativo (nº01).



Ficha nº	
H.01	
H.02	
H.03	
H.04	

## TORNARRATOS INDIVIDUAIS



Fig. 233. Hórreo 01, celeiro e tornarratos continuo.



Fig. 234. Hórreo 03, con celeiro e tornarratos.



Fig. 235. Hórreo 04, pés e tornarratos continuo.

Trala comparación, obtense o dato de que existen tres hórreos que non posúen unha das características principais do hórreo tipo Morrazo: a posesión de tornarratos individuais.

• **FORMAL:**

Con respecto ao aspecto formal é salientable mencionar que dentro do barrio a maioría dos hórreos identificados, sitúanse sobre celeiros impedindo deste xeito que exista ventilación inferior sobre a colleita.

Os tornarratos en ámbolos casos mencionados, debido a que súa situación sobre o celeiro é continua, non posúe ningún tipo de división; nestes casos xorde un voadizo de 10 a 15cms. o cal impide o acceso dos roedores o interior do hórreo.

• **CONSTRUCTIVO / MATERIAL:**

A materialidade, en todos os casos son os sillares de granito, con pouco traballo de canteiría nas mesmas.

A construción do celeiro e o tornarratos é simple, xa que consiste nun muro de sillares propiamente dito.



## Conclusiones

---



A presente investigación procura coñecer e analizar as singularidades existentes na arquitectura popular no concello de Oia, e poder establecer recomendacións para futuras intervencións sobre este patrimonio vernáculo.

O municipio de Oia, caracterízase por estar inserido nun medio físico combinado por tres aspectos xeográficos: o litoral, a alta montaña e o val, presentando en ambas áreas uns núcleos de poboación de carácter rural fortemente vencellados coa agricultura e a gandaría. Estes aspectos proporcionan a pervivencia ata actualidade dunha arquitectura, creada polo pobo con características construtivas diferenciadas doutras zonas.




A pesares de que as investigacións sobre a Arquitectura Popular Galega nas derradeiras tres décadas é ampla, sobre todo no referente a súa etnografía, a cultura, os seus costumes e a tamén a súa arquitectura, a pesar disto os estudos céntranse principalmente no seu coñecemento a nivel comunidade autónoma (global); existindo só puntuais monografías a nivel comarcal ou mesmo municipal (particular).

No municipio en estudo, Oia, non existe ningunha investigación sobre a súa arquitectura popular, de aí a importancia da presente investigación e a súa aportación o coñecemento residindo, principalmente, na resolución do baleiro documental existente, e desta forma, contribuír a súa conservación e valorización.

Nun primeiro momento e debido a extensións do municipio, efectuouse unha selección dos núcleos rurais a estudar optándose por aqueles que posúen unha maior diversidade, sendo elixidos: O Arrabal, A Portela e o Eido de Abaixo, en Loureza. Para a continuación propor unha serie de obxectivos os cales pretendeuse dar respostas ao longo da disertación.

O primeiro obxectivo abordado foi **“Inventariar a arquitectura popular existente en Oia”** o cal é preciso para poder coñecer cales son as características que posúe a arquitectura popular en cada un dos núcleos rurais. Nesta parte da investigación definíronse os criterios para a selección das casas-vivenda a inventariar, partindo de: a datación referida nas fichas do Catastro, o Voo Americano do ano 1956 e por último a través da observación directa sobre as construcións, e nos casos de ser preciso mediante entrevistas para constatar a veracidade da súa antigüidade.

Partindo destes datos, no núcleo de O Arrabal, segundo os datos referidos nas fichas do Catastro existen 44 casas-vivenda con data anterior a 1910; a partir do Voo Americano do ano 1956 identifícanse 77 construcións; trala análise por separado de ambos datos, ao cruzalos obsérvase que só coinciden en ambos 44 casas-vivenda. Tras esta primeira selección, mediante a observación directa determinaranse as transformacións (definidas no apartado 2.1.3., no capítulo 2. Marco teórico) sufridas polas construcións ao longo dos anos, identificando só 25 casas-vivenda seguen mantendo as características da arquitectura popular galega, as cales serán engadidas 2 casas-vivenda constatadas a súa antigüidade mediante documentación histórica (aportada no capítulo 7. Anexo), e tendo en conta as entrevistas incorporaranse 4 casas-vivenda máis. Sendo propensas para a súa inventariación dentro do núcleo de O Arrabal 31 casas-vivenda.

INVENTARIO			
			
Arrabal	31	15	
A Portela	13	5	2
Louzeza	14	4	1




 Casa-vivenda  
 Hórreos  
 Fonte

Fig. 236 . Cadro da arquitectura popular a inventariar.

No núcleo de A Portela, a partires dos datos das fichas do Catastro identifícanse 13 casas-vivenda; mentres que no Voo Americano do ano 1956 recoñécense 18 construcións. Tras sobrepor ambos resultados percibiuse que coincidían as 13 casas-vivenda identificadas mediante o Catastro. A continuación mediante a observación constátase que existen 4 casas-vivenda que sufriron transformacións profundas e que non son propensas para a súa inventariación, e outra tratábase dun alpendre. Neste núcleo tívoise moi en conta a observación directa, xa que tanto o Catastro como o Voo Americano, debido as características xeográficas e construtivas do asentamento aportaban datos confusos. En total foron identificadas 13 casas-vivenda para efectuar o seu inventario (11 construcións contrastadas mediante o Catastro e o Voo Americano; e 2 a partires da observación e entrevistas).

O derradeiro barrio en estudo, é o Eido de Abaixo (no núcleo de Louzeza); onde a través do Catastro identifícanse 7 casas-vivenda, no Voo Americano recoñécense 18 construcións, que tralo seu contraste cos datos do Catastro só coinciden 7 casas-vivenda (as mesmas que no Catastro). Mediante a observación compróbase que as 7 edificacións seguen presentando características da arquitectura popular sen apenas transformacións, ademais, incorpóranse outras 7 casas-vivenda, que a pesar de que a data citada nas fichas do Catastro son posteriores a 1900, a través das entrevistas e da observación verifícanse como anteriores a 1900.

Con respecto ao resto da arquitectura popular existente nos respectivos núcleos, seleccionáranse a través da observación directa, tendo en conta as características definidas no Capítulo 2. Marco teórico no apartado 2.1.2.2.. Identificándose no núcleo de O Arrabal: 15 hórreos; en A Portela: 6 hórreos e 2 fontes-lavadoiro ; e por último no barrio do Eido de Abaixo localízanse: 4 hórreos e 1 fonte.

As fichas de inventario conteñen datos morfolóxicos e construtivos, así como datos específicos e xerais das casas-vivenda, fotografías, planos de localización e información gráfica do Catastro.

Para coñecer as características da arquitectura popular en Oia, fórmulase o segundo obxectivo “ **Identificar as singularidades tipolóxicas das construcións populares da arquitectura popular galega en Oia**”, para elo efectúase unha comparación entre as tipoloxías determinadas polos estudos de referencia (Pedro de Llano (1981-1983,1996) e Caamaño (2003)), que identifican o concello de Oia dentro de dúas áreas arquitectónicas: a Arquitectura Meridional e a Arquitectura Litoral; e as construcións inventariadas nos respectivos núcleos.

Primeiramente, destacar, que a través deste obxectivo preténdese coñecer e pór de manifesto as particularidades arquitectónicas do concello de Oia. Para elo teranse en conta os estudos da arquitectura popular galega de carácter global, neles refléxanse aspectos xerais, principalmente descritivos, reflexando macrocoñecementos; a partir das características tipolóxicas e construtivas que estes estudos reflicten sobre o municipio de Oia, levarase a cabo a investigación das singularidades tratándose de coñecer os aspectos máis específicos, desglosando e interpretando o significado de cada diferenza.

Trala aclaración, mencionar que segundo os estudos de referencia, Oia pertence arquitectonicamente a dúas áreas: a arquitectura meridional e a arquitectura litoral. Segundo isto, a franxa costeira do concello, onde




Fig. 237. Relación Macroescala/Microescala.

sitúanse as parroquias de Mougás, Viladesuso, Pedornes e Oia, sendo este última onde localízase o núcleo de O Arrabal; atópanse caracterizados pola Arquitectura Litoral. Mentres que a zona de alta montaña e o val do Tamuxe, onde se asentan as parroquias de Burgueira, localizándose nela o núcleo de A Portela, e a parroquia de Loureza, no cal sitúase o barrio do Eido de Abaixo; pertence a área Arquitectónica Meridional.

Os casos de estudo dentro do núcleo de O Arrabal, partindo das tipoloxías identificadas dentro da arquitectura litoral, recoñecéronse catro tipos de casas-vivenda: á casa de dous andares, a casa de patín, a casa de pincho e a casa térrea. Referente a casa de dous andares, identifícanse 10 casas-vivenda dentro do núcleo, que presentan as características específicas desta tipoloxía. Tras esta primeira clasificación, comparáronse as vivendas identificadas coas características tipolóxicas referidas polos estudos de referencia (Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)); determinando que as seguintes características xerais, non se cumpren no caso de Oia: os vans só na fachada frontal, o acceso interior ao primeiro andar e a casa-vivenda entremedianeiras.

Respecto á característica dentro da casa de dous andares de que os vans só sitúanse na fachada frontal, recoñécese que Oia presenta a singularidade de que 8 casas-vivenda, ó 90%, posúen vans nalgunha das outras fachadas, principalmente nas fachadas laterais e nalgúns casos nas traseiras, isto é debido a que case todas as casas-vivenda dentro do núcleo posúen un pequeno térreo na traseira ou no lateral da casa, aproveitando dito espazo para a abertura de vans, aumentando deste xeito a calidade de vida dentro da construción introducindo luz e ventilación en todos os espazos da vivenda.

A segunda singularidade identificada dentro da casa de dous andares, refírese ao acceso ao primeiro andar, segundo citan os estudos, esta por regra xeral é feita polo interior da casa-vivenda, mentres que no Arrabal o 50% das casas analizadas posúen o primeiro andar polo exterior; principalmente a solución máis repetida é unha escada situada en paralelo coa casa-vivenda que dá servizo tanto ao primeiro andar da casa-vivenda como aos servizos atopados na traseira da vivenda, esta solución xorde principalmente polas características do térreo onde aséntase o núcleo así como para dar servizo e conexión coa rúa os espazos abertos traseiros.

A derradeira particularidade na casa de dous andares no Arrabal, é referente a situación da casa-vivenda, xa que polo xeral atópanse entremedianeras, é o caso particular de Oia, o 40% das casas-vivenda atópanse illadas, principalmente estas, sitúanse rodeadas por térreos ou por escaderías que dan acceso aos térreos localizados nas traseiras.

#### SINGULARIDADES DA CASA DE DOUS ANDARES EN OIA:

- Vans en dúas ou mais fachadas
- Acceso o primeiro andar polo exterior
- Casa-vivenda illada

A casa patín, recoñecida en 9 casas-vivenda, existente no núcleo de O Arrabal presenta unha serie de particularidades con respecto ás características xerais, mencionadas no Capítulo 2. Marco teórico, como son: a non presenza do cumio paralelo a fachada principal, a existencia de patín con varanda e que o acceso á casa-vivenda non se realiza pola fachada principal.

Segundo a fachada principal no Arrabal, o cumio da cuberta non se atopa paralelo á fachada principal senón que o 80% das casas-vivenda inventariadas posúen a soleira da cuberta en paralelo coa rúa, evitando deste xeito que a propia construción ocupe o menos posible no ancho do terreo, para posibilitar o emprego dos terreos sobrantes na traseira das edificacións. Outro punto referido a propia fachada, é o acceso nunha das fachadas laterais, estando xustificado xa que o patín ademais de dar servizo á casa-vivenda tamén serve para acceder os socalcos de cultivo situados tralas casas.

Os patíns, no caso de Oia, presentan varanda no 70% das casas analizadas atopándose súas materialidades construtivas diferenciadas: o ferro e a pedra mais a madeira.

**SINGULARIDADES DA CASA PATÍN EN OIA:**

- Soleira da cuberta paralela a fachada principal
- Patíns con varanda
- Acceso pola fachada lateral

Con respecto á casa do Pincho recoñécense 7 casas-vivenda, nas que identifícanse dúas singularidades segundo o referido polos estudos de referencia, deixando de cumprir: o acceso polo muro pincho e a situación da casa-vivenda entremedianeiras. Dentro do Arrabal o 70% das casas-vivenda inventariadas posúen o seu acceso por unha das fachadas laterais, existindo dúas posibilidades: a primeira é a máis común, é mediante unha escada paralela a unha das fachadas laterais ao primeiro andar da casa-vivenda, que ao igual que no resto das tipoloxías, a través desta escada tamén dáse servizo ao resto dos espazos exteriores da casa; e o segundo caso é o acceso a casa-vivenda polo piso térreo por nunhas das fachadas laterais.

As casas-vivenda identificadas por esta tipoloxía, localízanse de xeito illado nun 70% dos casos analizados, ao igual que nos outros casos, as construcións posúen terreos á volta da casa.

**SINGULARIDADES DA CASA DO PINCHO EN OIA:**

- Acceso ao primeiro andar pola fachada lateral
- Casa-vivenda illadas

A derradeira tipoloxía da arquitectura litoral identificada é a casa Térrea, con 7 casas-vivenda. Trala análise comparativa recoñécense dúas particularidades con respecto á altura dos muros e aos andares da casa. Por regra xeral as casas térreas só posúen un andar, pero no caso do Arrabal o 70% das casas-vivenda presentan unha falsa dobre altura, xa que debido ás

condicións do terreo en pendente xorden pequenos espazos entre o pavimento e o terreo que son aproveitados para o almacenamento. Debido a esta falsa dobre altura, os muros nalgunhas fachadas presentan unha altura superior os 3m., incumprindo unha das regras xerais de dita tipoloxía.

**SINGULARIDADES DA CASA TÉRREA EN OIA:**

- Casa-vivenda con falsa dobre altura
- Fachadas con alturas superiores a 3m.

O núcleo de A Portela segundo o referido polos estudos atópase dentro da áreas arquitectónica meridional, pero tralo estudo comparativo das construcións e as características tipolóxicas desta área, identifícanse unha serie de discrepancias nas que cabe salientar: as construcións adxectivas, as casas-vivenda semiescabadas, o acceso exterior ao primeiro andar e as casas-vivenda illadas.

Con respecto á posesión das construcións adxectivas, máis da metade das construcións analizadas (7 casas-vivenda de 13 inventariadas) non posúen construcións de apoio podendo estar debido a súa localización en terreos con forte pendente así como a inexistencia de terreos en volta da casa. Outra opción pode estar referida ao poder económico-social de cada familia, xa que as que posúen construcións adxectivas son as que posúen maiores dimensións e mellores características construtivas, mentres as que carecen de dito servizo son as que teñen menores dimensións e características construtivas mais sinxelas.

Ao igual que coas construcións de apoio de o acceso interior ao primeiro andar realízase no 40% das casas-vivenda, e ao igual que no caso anterior dita singularidade pode estar debida ao carácter económico-social das familias que nelas habitaban, así como polas súas dimensións.


A seguinte singularidade presente no núcleo de A Portela, ten que ver coa situación da casa-vivenda sobre o terreo, segundo os estudos a arquitectura meridional caracterízase por construcións semiescabadas, neste caso recoñécense 6 casas-vivenda que non cumpren dita característica, que ao igual que nos dous primeiros casos, case na súa totalidade coinciden coas casas-vivenda con mellores características tanto construtivas como de dimensións, ademais destas localizarse en terreos en ladeira non precisando atoparse enterradas no terreo.

A derradeira particularidade no núcleo, é referido á localización das mesmas sobre o térreo, con respecto o cal os estudos se refiren que dentro da provincia de Pontevedra soe ser xeralizado a situación das casas-vivenda illadas, atopándonos con 5 casas que non posúen dita característica xa que localízanse ancoradas unhas a outras, esta situación é debida a súa implantación sobre o terreo tratando de protexerse da climatoloxía e dos fortes ventos.

**SINGULARIDADES DA ARQUITECTURA POPULAR NA PORTELA:**

- Casa-vivenda “pousadas” sobre o térreo
- Acceso interior ao primeiro andar
- Casa-vivenda adosada

Como derradeiro punto a mencionar sobre o núcleo de A Portela, referir que trala análise realizada considérase que posúe máis características propias da Arquitectura das Serras (referido por Pedro de Llano (1981-1983, 1996) e Caamaño (2003)), tanto no referente a súa climatoloxía como o seu relevo. Sendo as principais características da casa-vivenda serrana a posesión de dous andares, a súa situación pode variar segundo os terreos: por unha banda pode aproveitar os desniveis do mesmo para a súa construción entre medianeiras ou xurdir de xeito illado en espazos con menor pendente en vales abertos. O seu acceso á casa-vivenda depende do nivel do chan, podendo aparecer o acceso no piso terreo ou no primeiro andar. A fachada de maior superficie soe orientarse a mediodía, ademais de posuír vans escasos e de pequenas dimensións para mellorar as condicións térmicas da mesma. Con respecto á súa materialidade esta depende da rocha existente en cada lugar sendo na zona de Pontevedra o máis habitual o emprego de granito, así como a cuberta de tella.











A Portela	Características tipolóxicas da Arquitectura da Serra							
Ficha nº								
01	●		●	●	●	●	●	●
02	●	●	●	●	●	●	●	○
03	●	●	●	●	●	●	●	●
04	●	●	●	●	●	●	●	○
05	●	●	●	●	●	●	●	○
06	●		●	●		●	●	●
07	●	●	●	●		●	●	●
08	●	●	●	●		●	●	○
09	●	●	●	●		●	●	○
10	●	●	●	●		●	●	●
11	●	●	●	●	●	●	●	○
12	●	●	●	●	●	●		●
13	●	●	●	●	●	●		●

Fig. 238. Cadro comparativo da casa da serra.

Pódese comprobar que dita franxa arquitectónica coincide máis coa arquitectura existente no núcleo de A Portela, sendo o que presenta maior singularidade dentro do propio núcleo a posición da fachada maior hacia mediodía, salientar que nos 5 casos identificados nos que non se dá tal factor pode ser debido a súa situación ancorada ao desnivel do terreo, pero hai que destacar que a pesares de ser a fachada de menor tamaño é nesta onde localízanse os vans.

○ Na actualidade non posúen cuberta, pero identifícanse restos de tella do país que refiren a súa cubrición orixinal.

No barrio do Eido de Abaixo, en Loureza, identifícanse dúas diferenzas bastante significativas con respecto aos estudos de referencia, trátanse de: o piso térreo semiescabado e a materialidade da construción que debe ser en granito. Respecto á primeira característica recoñécese que o 90% das casas-vivenda analizadas non a presentan, situadas todas elas “pousadas” sobre o terreo, este cambio é debido as características do relevo onde sitúase o barrio, xa que trátase dun terreo con pequena pendente que vai ascendendo cara á montaña paulatinamente sen fortes desniveis en ningún punto do barrio. A singularidade máis destacada dentro do barrio, ten que ver coa materialidade da construción; como xa referiuse no apartado 3.1.2.3. do Capítulo 3. Contextualización do concello de Oia, o núcleo de Loureza aséntase sobre rochas esquísticas, lousas e paragneises, é debido a este cambio litolóxico que as súas construcións están realizadas na súa grande parte en lousa que se mestura co granito nos elementos de remate dos vans e esquinas dos muros.

**SINGULARIDADE DA ARQUITECTURA POPULAR EN LOUREZA:**

- Construcións en lousas
- Casa-vivenda “pousada” sobre o terreo

Con respecto ás construcións adxectivas, hai que salientar as singularidades identificadas nos hórreos. No núcleo de O Arrabal, aplicable a toda a franxa costeira, os hórreos presentan unha estrutura de pedra máis traballada onde hai que salientar o encontro entre o tranqueiro e o lintel ambos sobresaíntes, apoiando o tranqueiro sobre o lintel, dándose dita singularidade en máis do 80% dos hórreos inventariados no Arrabal.

Dentro do núcleo de A Portela recoñécese máis da metade dos hórreos que presentan a mesma característica que no litoral, aínda que tamén identifícanse os que posúen o tranqueiro e o lintel a ras; hai que salientar que na Portela a súa principal singularidade radica na existencia da combinación de eiras e hórreos dentro das propias casas-vivenda, así como o traballo de canteiría efectuado sobre ditas construcións.

No derradeiro barrio en estudo, o Eido de Abaixo, apréciase un cambio significativo na construción dos seus hórreos, estes presentan menos interese arquitectónico xa que na súa maioría están construídos en albanelaría, aínda que seguen mantendo a súa estrutura de soporte en pedra. Esta introdución de novos materiais pode deberse a que antigamente, posiblemente debido a inexistencia de granito neste núcleo, estes estivesen construídos integramente en madeira. Con respecto ao tranqueiro e o lintel, os que aínda o posúen son de madeira e non sobresaen.

**SINGULARIDADES DOS HÓRREOS EN OIA:**

- Hórreos en pedra con tranqueiro e lintel sobresaíntes. Arrabal.
- Conxunto de hórreo e eira, destacable traballo en canteiría. A Portela.
- Hórreos en albanelaría con celeiro ou pés en pedra, con tranqueiro e lintel rectos en madeira. Loureza.



Fig. 239 . Hórreo no núcleo de O Arrabal, con lintel e tranqueiros sobresaíntes.



Fig. 240. Conxunto de hórreos e eira de pedra en A Portela.



Fig. 241. Hórreo con tornarratos continuo, no barrio do Eido de Abaixo.

Unha vez identificadas e analizadas as singularidades da arquitectura popular en Oia preténdese dar resposta o terceiro obxectivo “ **Definir as recomendacións para a protección do patrimonio vernáculo inventariado no municipio de Oia, contribuíndo para a súa conservación e valorización**”.

Despois de observar que a pesar das transformacións sufridas nas respectivos núcleos a Arquitectura Popular de Oia segue mantendo as súas singularidades propias, é preciso propor unha serie de pautas para as súas futuras intervencións.

Debido á inexistencia de algunha normativa que regule a intervención da arquitectura popular dentro do concello, esta queda a merced dos propietarios, sendo eles quen definen que tipo de intervención van executar sobre a súa propiedade. De aí a importancia de contribuír cunha serie de recomendacións para as súas futuras intervencións tendo en conta a súa conservación, sen afectar a necesaria adaptación ás novas necesidades..

Partindo da súa análise, expóranse unha serie de principios orientadores os cales non son de obrigatorio cumprimento, senón que trátanse dunha serie de consideracións a ter en conta, unhas dun carácter máis xeral e as outras máis específicas tendo en conta as singularidades identificadas.

De carácter máis xeral sería recomendable o mantemento dunha serie de características propias da arquitectura popular como son:



Fig. 242. Patrimonio etnográfico abandonado.

- O mantemento da tipoloxía, tanto no que respecta a casa-vivenda como ao resto das construcións adxectivas, evitando ampliacións e intervencións que rompan afecten a súa lectura.
- No caso dos acabados exteriores deben manterse os orixinais, principalmente evitando a retirada de encalados e a colocación de encintados na canteiría, tan comúns na actualidade.
- As carpinterías exteriores aconséllase a conservación coa súa materialidade orixinal.
- Nas cubertas aconséllase continuar empregando a tella do país.
- Sería recomendable manter as proporcións orixinais da casa-vivenda e evitar modificar as proporcións entre rúa e fachada.
- Evitar os materiais que creen disonancias coa natureza dos empregados nesta arquitectura.



Fig. 243 . Intervención en patrimonio etnográfico inadecuada.

Con respecto ás construcións adxectivas, a principal recomendación sería a súa limpeza e o seu mantemento para que poidan continuar en uso, para elo sería aconsellable a realización de intervencións respectuosas sobre elas, tanto coas técnicas como cos materias axeitados.

Con respecto ás recomendacións para a conservación das singularidades da arquitectura popular en Oia, hai que salientar:

- Os patíns deben manter as súas tipoloxías particulares, evitando a substitución dos materiais propios do lugar por outros de lugares lonxanos e descontextualizados do entorno.
- As escadas laterais entre casas-vivenda deberán manter as súas particularidades, débese evitar o seu peche a nivel da rúa así como a substitución de materiais autóctonos por outros doutras áreas xeográficas.
- Con respecto ás construcións en lousa dentro do barrio do Eido de Abaixo, sería apropiado que dita materialidade seguise visible evitando intervencións agresivas sobre as mesmas.

En conclusión, referir que a Arquitectura Popular en Oia posúe unhas particularidades propias que deben ser tomadas en conta para asegurar a súa evolución sen desvirtuar as características específicas destes locais e dese modo evitar homoxeneización dos seus asentamentos así como da súa paisaxe. Pensar que a través do seu coñecemento e conservación, servirá para futuras intervencións sobre os núcleos de poboación sen a necesidade de romper a súa unidade rural.



Fig. 244 . Escadas entre vivendas con peche.



## Referencias bibliográficas

---



Agudo Torrico, J. (1999). Arquitectura tradicional: Reflexiones sobre un patrimonio en peligro. *Revista Ph*, (29), 183-193.

Agudo Torrico, J. (2007a). Arquitectura tradicional: Mercado y discursos identitarios. In A. Aranda Bernal, F. Ollero Lobato, F. Quiles García & R. Rodríguez-Varo Rosales (Eds.). *Arquitectura Vernácula en el Mundo Ibérico: Actas del congreso internacional sobre vernácula* (pp. 37-52). Sevilla: Universidad Pablo de Olivade.

Agudo Torrico, J. (2007b). Arquitectura tradicional: De patrimonio modesto a patrimonio molesto. In *VIII Jornadas del Patrimonio de la Comarca de la Sierra*. Rosal de la Frontera (Huelva) Diputación Provincial, Rosal de la Frontera, 27-57.

Albarello, L., Digneffe, F., Hiernaux, J. P., Maroy, C., Ruquoy, D., & Saint-Georges, P. (1997). *Práticas e Métodos de Investigaçãõ en Ciências Sociais*. : Gradiva.

Ameal González, M. (1950). El Real Monasterio de Santa María la Real e Imperial de Oya en la provincia de Pontevedra. *Cistercium* (año 2, 9), 83-85.

Amorim, E. (2010). *La casa rural: Arquitectura vernácula en el núcleo de O Foxo de Deza, Galicia* (Disertación de Mestrado Integrado, Escola Superior Gallaecia, Vila Nova de Cerveira).

Astray Pena, J., Beirao Raposo, M., & Villares Souto, J. (2006). *As lareiras en Galicia*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro.

Asquith, L., & Vellinga, M. (Eds.) (2006). *Vernacular Architecture in the Twenty-First Century: Theory, education and practice*. New York: Taylor & Francis.

Azevedo, T. (2012). *Arquitectura vernácula en Guadramil* (Disertación de Mestrado Integrado, Escola Superior Gallaecia, Vila Nova de Cerveira).

Bas, B. (1983). *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. A Coruña: Edición de Castro.

Benavides Solis, J. (1997). La arquitectura vernácula: una memoria rota. *Revista Ph*, (20), 60-64.

Blanco Chao, R., Castillo Rodríguez, F., Martínez Cortizar, A., Pérez Alberti, A., & Valcárcel Díaz, M. (1999). *Atlas Climático Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Bohúer, A. (2007). *Galicia: Ensaio Xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

